

Fauna mariña atlántica:

ESPONXAS DO LITORAL DE GALICIA

Jacinto Pérez Dieste

Bruno Almón Pazos






Lámina "Calcispongiae" do livro *Kunstformen der Natur* (1899). Autor Ernst Haeckel

Fauna mariña atlántica:

ESPONXAS DO LITORAL DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería do Mar

Maquetación:

Grupo de Estudo do Medio Mariño
Edif. Club Náutico, baixo - Pto. deportivo
15960 RIBEIRA (A Coruña)

1ª Edición:

da Xunta de Galicia 2022

Autores:

Jacinto Pérez Dieste
Bruno Almón Pazos

Imaxe de portada:

Jacinto Pérez Dieste

Imaxes interiores:

Jacinto Pérez Dieste (coa excepción das atribuídas a outros autores)

Este libro debe citarse como:

Pérez-Dieste, J. & Almón, B. (2022). Fauna mariña atlántica: esponxas do litoral de Galicia. Consellería do Mar. Xunta de Galicia (Ed.)
276 páxs.

Depósito Legal: C 1531-2022

Imprime:


SCP, S.L.

Fauna mariña atlántica:

ESPONXAS DO LITORAL DE GALICIA

Autores:

Jacinto Pérez Dieste
Bruno Almón Pazos



Axinella polypoides Schmidt, 1862

ÍNDICE DE CONTIDOS

	Páxina
PRÓLOGO	13
1. AS ESPONXAS MARINAS	15
1.1 Introducción	15
1.2 Morfoloxía	16
1.3 Alimentación	20
1.4 Reprodución	21
1.5 Sistemática	22
2. TAXONOMÍA	23
2.1 Listaxe taxonómica	24
3. IDENTIFICACIÓN DAS ESPONXAS.....	33
3.1 Preparación das espículas	34
3.2 Preparación do esqueleto de esponxina	35
4. FICHAS DE ESPECIES	37
4.1 Clase Calcaria	39
4.2 Clase Demospongiae	71
4.3 Clase Homosclerophorida	255
5. GLOSARIO	261
6. ÍNDICE DE ESPECIES	265
7. BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA	269

O litoral galego é unha enorme fonte de riqueza de hábitats e biodiversidade e unha boa mostra disto son as esponxas que residen nas rochas e no fondo mariño. O contido deste libro concédenos o privilexio de ser coñecedores da gran variedade destes curiosos animais e, ao mesmo tempo, axúdanos a ser conscientes do extraordinario valor que ten o noso mar e da importancia de preservalo.

Grazas a este traballo do biólogo mariño Bruno Almón e do mergullador profesional Jacinto Pérez, maquetado polo Grupo de Estudo do Medio Mariño e editado pola Xunta de Galicia, podemos somerxernos nas peculiaridades e funcións das esponxas. Un rol destes organismos mariños que contribúe á vida e á protección de especies de grande interese ecolóxico pois as esponxas son alimento e refuxio doutros animais.


Estas páxinas catalogan máis de 200 especies e contan con máis de 500 fotos coas que nos mergullan na inmensa variedade de formas e cores das esponxas. Todo un patrimonio natural que sae á luz grazas ao esforzo investigador e ao traballo de campo dos autores e das persoas que fixeron posible que esta riqueza saia do anonimato.

Con esta publicación tamén coñecemos os usos deste recurso ao longo da historia. Xa os antigos exipcios, como a raíña Cleopatra, daban boa conta del no campo da hixiene persoal. Tamén os romanos sacaban partido dos seus beneficios e usaban as esponxas para amortecer as rozaduras que lle producían as armaduras e mesmo tiñan protagonismo nos xogos olímpicos coa pesca de esponxas como unha das probas. Na actualidade estúdanse as súas aplicacións ao ámbito farmacéutico.

Isto é unha pequena mostra da necesidade de ser conscientes de toda esta riqueza para conservala e, nesa tarefa, son necesarias ferramentas coma este catálogo. Unha publicación que nos axuda a enchouparnos de coñecemento e a concienciar a sociedade da importancia de coidar o noso mar. Ao mesmo tempo, esta radiografía será de grande utilidade no eido da investigación e da xestión.

Deste xeito, desde Galicia seguimos sumando e achegando ao traballo esencial de catalogar a biodiversidade das nosas rías co fin de poñela en valor e ensinala ao mundo. É o mínimo que esixe o gran potencial e a vida que albergan as nosas rías.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar



Raspailia (Raspailia) ramosa (Montagu, 1814)

PRÓLOGO

Escribir o prólogo dun libro sobre os poríferos ou esponxas, que lle gustaría ter escrito a un mesmo, é unha gran satisfacción, máis aínda tratándose de amigos dos que sabes todo o tempo que lle dedicaron, a paixón coa que desenvolveron o traballo de campo, a procura bibliográfica, a identificación das especies e, en xeral, o rigor científico necesario que ten que ter unha obra divulgativa para que sexa de grande utilidade, como é o caso.

O grupo de animais que nos presentan Jacinto Pérez e Bruno Almón, as esponxas, sendo moi común en todos os mares, a calquera profundidade e mesmo en augas interiores como ríos, lagos e encoros, son un filo zoolóxico de difícil identificación, na que non basta só a forma, a cor, a consistencia ou o tamaño para chegar a poñer un nome e situala nun taxon específico, senón que os caracteres nos que temos que basearnos son sobre todo o tipo de disposición esquelética e a forma dos compoñentes espiculares que forman o seu esqueleto, para o que se necesita un microscopio e algunhas técnicas histolóxicas explicadas nas primeiras páxinas. É por iso que nos parece encomiable o esforzo de plasmar nunha obra destas características unha colección tan completa de fotografías de impecable factura e beleza, representativa da fauna litoral atlántica á que os autores acompañan unha pequena descrición coas súas características distintivas máis importantes, e aspectos que nos poden interesar sobre o seu hábitat, bioloxía, distribución, especies semellantes ou curiosidades que poidan ter.

Quen mergulle, ou teña a oportunidade de facelo no futuro, comprobará que o libro permite á vez sacar á luz especies da fauna atlántica moi pouco coñecidas, xunto con ollar as máis características, que podemos ver, ás veces, sen saber de que tipo de animal se trata.

As esponxas son hoxe en día un dos grupos zoolóxicos de maior interese, polo número de especies novas que se están descubrindo cada día, o papel ecolóxico que realizan na purificación da auga do mar, o potencial químico que teñen como mecanismo de defensa diante dos seus depredadores, que é utilizado na procura de substancias bioactivas para as súas aplicacións farmacolóxicas, e ademais, baixo determinadas condicións e ambientes, porque forman agregacións chamadas campos de esponxas que incrementan a complexidade estrutural dos hábitats, e constrúen estruturas tridimensionais, atraendo

unha gran diversidade de organismos e, por tanto, enriquecendo a biodiversidade. A perda destas áreas de alta concentración de esponxas pode supoñer cambios e impactos importantes nos ciclos bioxeoquímicos do océano. Organismos como Nacións Unidas ou a Unión Europea son sensibles a esta vulnerabilidade e xa se están tomando accións e políticas ambientais destinadas á súa protección.

Ter unha obra destas características nas nosas mans é moi importante para educar a comunidade mundial sobre a presenza dunha biodiversidade única que temos que preservar, que vive en hábitats moi particulares e que contribúen así mesmo á protección de especies de grande interese ecolóxico e que constitúen recursos mariños fundamentais, polo que estamos seguros de que, ademais, este traballo vai ser de grande utilidade para a súa consulta na xestión coidadosa dos nosos mares e a preservación de contornas vulnerables ao impacto do ser humano, desgraciadamente nas súas múltiples facetas.

A vocación educativa de Jacinto e Bruno, a súa paixón polo mergullo e o seu traballo en equipo van permitir revelar a fascinante riqueza dos ecosistemas atlánticos, especialmente destes habitantes dos fondos rochosos, e fomenta nos máis novos o coidado e o respecto que debemos ter das contornas únicas e sumamente fráxiles.

Pilar Rios é investigadora titular do Instituto Español de Oceanografía (IEO), mergulladora profesional e especialista en esponxas.

Javier Cristobo é investigador titular, foi director do Centro Oceanográfico de Xixón (IEO) (2009-2020), mergullador profesional e especialista en esponxas.



1. AS ESPONXAS

1.1. Introducción

“Esponxa” é o nome común con que se coñecen os individuos pertencentes ao filo Porífera, un grupo moi antigo, como o confirman os estratos de sílice negro pertencentes ao Cámbrico inferior, compostos na súa maioría por espículas de esponxas, datados nuns 700 millóns de anos. A pesar diso, non foron recoñecidos como animais ata finais do século XVIII. En 1719 a simple constatación da presenza de iodo no seu organismo foi motivo suficiente para que fosen etiquetados como plantas, e foi a finais de século, ao confirmarse a presenza de correntes de auga no seu interior, cando son incluídos definitivamente no reino animal.

As esponxas mariñas foron usadas polo ser humano para usos moi diversos ao longo da historia. Parece ser que os primeiros en facer uso delas foron os antigos exipcios, existe constancia de que Cleopatra as usaba para absorber o fluxo menstrual e tññas no seu baño. A pesca de esponxas era unha das probas dos xogos olímpicos da antiga Roma e os soldados romanos, ademais de usalas para a súa hixiene persoal, colocábanas baixo as súas armaduras para protexer o corpo do rozamento e dos golpes sobre estas. Durante moito tempo foron un produto básico, tanto para a hixiene persoal como para a limpeza xeral nos fogares, e chegou a ser tan grande a presión pesqueira sobre diversas especies de esponxas en augas do Mediterráneo que estiveron ao bordo da desaparición. O desenvolvemento e fabricación das esponxas sintéticas, que practicamente substituíu o uso das esponxas mariñas, permitiu a recuperación destas poboacións naturais. Actualmente estase investigando o seu uso farmacéutico como fonte de toxinas, antibióticos, antitumorais e mesmo como rexeneradoras de ósos.

Son os animais pluricelulares (Metazoa) máis sinxelos, ao dispoñer dunha mínima diversificación celular e da organización máis simple entre eles. Son especies exclusivamente acuáticas, a inmensa maioría mariñas, cunha gran plasticidade que orixina unha enorme variedade de formas mesmo entre individuos da mesma especie (esferas macizas, formas tubulares, en forma de copa, laminares, ramificadas, arborescentes, incrustantes, etc.), acompañada dun amplo abano de patróns cromáticos que dan cor aos substratos en que se fixan. O seu tamaño pode oscilar entre uns poucos milímetros a máis dun metro de diámetro.

Na actualidade hai descritas máis de 9.000 especies, das cales apenas unhas 150 son de auga doce, calcúlase que poidan existir máis de 20.000 especies nas augas

de todo o planeta. A pesar de que poden atoparse en augas profundas, a gran maioría viven en augas litorais a unha profundidade menor de 60 metros.

As esponxas presentan un corpo composto basicamente por un agregado de diferentes tipos de células que, sen dispoñer dun sistema nervioso nin de verdadeiros órganos, funcionan perfectamente coordinadas, sostido por elementos esqueléticos formados principalmente por espículas minerais, calcarias ou silíceas, e por fibras córneas. A ausencia dun sistema nervioso encargado de coordinar as diferentes células implica a existencia dalgún tipo de comunicación intercelular, posiblemente por medio de difusión química, para lograr que este “cóctel celular” funcione verdadeiramente como un só animal.

A inmensa maioría son animais filtradores activos non selectivos, sésiles, fixos a substratos duros naturais, como pedras ou rocas, artificiais, como instalacións portuarias, de cultivos mariños, cascos de embarcacións, ou sobre outros animais, como crustáceos, moluscos e mesmo sobre outras esponxas. Viven pegados ao substrato, podendo permanecer na súa superficie ou incrustarse e desenvolverse no interior del, como é o caso das esponxas perforantes que presentan a capacidade de disolver as substancias calcarias. Poden establecerse en zonas iluminadas ou sombrías, baixo saíntes ou no interior de grutas, o que inflúe na súa coloración, estando as súas formas máis en función da intensidade e dirección das correntes da zona onde se sitúan.

1.2 Morfoloxía

A morfoloxía das esponxas é por tanto extremadamente variable, e pode estar influída por múltiples factores tales como a especie de esponxa, a súa capacidade para adaptar o seu desenvolvemento á forma do substrato, o propio substrato sobre o que se asentan e as condicións fisicoquímicas ambientais, entre outros.


O seu corpo está basicamente formado por tres capas, unha capa externa chamada *pinacodermo*, unha capa interna chamada *coanodermo* e outra intermedia chamada *mesohilo*. As tres capas conforman un espazo interno denominado *esponxocèle* que queda delimitado polo *coanodermo*.

O *pinacodermo* está formado por unha fina monocapa de células denominadas *pinacocitos* que recobren o exterior, as canais inhalantes e exhalantes do interior, e a base da esponxa. Segundo a súa posición no corpo da esponxa, diferéncianse entre *exopinacocitos* os situados no exterior, *endopinacocitos* os situados no interior e *basopinacocitos* localizados na base da esponxa e encargados da súa fixación ao substrato.

O *coanodermo* está formado por unhas células denominadas *coanocitos* que tapizan as cámaras flaxeladas e delimitan o espazo interno (*esponxocèle*). Os *coanocitos* presentan un flaxelo rodeado por un colar formado por *microvilosidades* que están unidas entre si por *microfibrilas* a modo de peneira; a súa función é asegurar a circulación unidireccional da auga no interior do animal e a captura e dixestión do alimento.


O *mesohilo* é un espazo de maior ou menor amplitude onde se dispón unha substancia máis ou menos densa e xelatinosa, a *mesoglea*, que contén diversos tipos de célu-

las. Entre elas atópanse os *amebocitos*, unhas células móbiles que ademais da dixestión, encárganse de comunicar a capa externa coa interna e de transportar o alimento, os *esclerocitos*, encargados de segregar os elementos esqueléticos que serven de sostén ao corpo da esponxa, como as espículas minerais e as fibras córneas como a *esponxina* (substancia proteínica elástica próxima quimicamente aos pelos e cornos dos mamíferos), e os *arqueocitos*, que poden converterse en diferentes tipos celulares, podendo mesmo variar o seu lugar no interior da esponxa, o que lles permite ademais de alternar as súas funcións, cambiar de posición corporal.




O *pinacodermo* está minuciosamente perforado por numerosos poros inhalantes (*ostíolos*) que deixan pasar a auga ao interior e que tras percorrer o *sistema acuífero*, unha rede de canles e cámaras máis ou menos complexa que perforan o corpo da esponxa internamente, chega á cámara central, o *esponxocelo* ou *atrio*, de onde sae ao exterior por un orificio denominado *ósculo*. A corrente de auga que atravesa a esponxa está facilitada polos *coanocitos* que tapizan o interior das *cámaras flaxeladas*, e que logran crear no interior da esponxa unha corrente de auga direccional ao axitar ritmicamente os seus flaxelos de forma coordinada.


O esqueleto das esponxas, que polo xeral determina a súa forma, está constituído por *espículas* minerais de múltiples formas e/ou fibras orgánicas, que ademais de servir de sostén do brando tecido do que están formadas, ás veces tamén as protexen con relativa eficacia de posibles depredadores. A clasificación das esponxas baséase principalmente no tipo de esqueleto que presentan. As espículas poden estar formadas por carbonato cálcico cristalizado en forma de calcita (calcarías), por dióxido de silicio hidratado (silíceas), sendo a combinación de diferentes tipos e formas de espículas, específica de cada especie e por tanto, moi útil na súa determinación.



Algunhas esponxas ademais das *espículas silíceas* poden presentar no seu sistema esquelético *fibras córneas*, *fibras de coláxeno* e de *esponxina*, e mesmo existe un grupo nas que o seu sistema esquelético está formado exclusivamente por *fibras córneas*, como son as esponxas de baño, moi apreciadas polas propiedades do seu exclusivo esqueleto.

Independentemente da súa natureza, as *espículas* presentan unha gran variabilidade morfolóxica, dividíndose polo seu tamaño en *megascleras* (diactinias, monactinias, triactinias e tetractinias), grandes e relativamente simples, e *microscleras* (sigmas, esférulas, toxas, ásteres, e formas derivadas), pequenas e moito máis complexas.






Dependendo do tipo e grao de complexidade de organización das esponxas pódense diferenciar tres niveles que non teñen valor filoxenético ou evolutivo, sendo máis ben unha adaptación do corpo para aumentar o volume e facilitar a entrada de auga circulante no seu interior.

O máis primitivo é a disposición tipo **asconoide** (Ascon), o seu corpo consiste fundamentalmente nunha forma tubular, composta por unha fina parede exterior, un *mesohilo* moi estreito, unha gran *cámara flaxelada* central interior e un *ósculo* apical. Nesta disposición a circulación da auga é moi simple, a auga atravesa a capa externa polos *porocitos* (5) para chegar ao *esponxocele* (1) de onde é expulsada polo *ósculo* (2) ao exterior. Son esponxas de pequeno tamaño, porque pola contra a superficie de *coanocitos* sería insuficiente para impulsar toda a auga do *esponxocele* (1).

Na organización tipo **siconoide** (Sycon), co fin de aumentar a superficie do *coanodermo*, a parede da esponxa dóbrase formando *cámaras flaxeladas* radiais organizadas en torno ao *esponxocele* (1) que finaliza nun *ósculo* (2) moi desenvolvido. Neste tipo, o *mesohilo* pode ser máis ou menos ancho dependendo da súa organización. Neste caso, unha maior superficie de *coanodermo* facilita a impulsión dunha maior cantidade de auga, o que posibilita un maior tamaño da esponxa.

A organización tipo **asconoide** e a **siconoide** só están presentes en esponxas calcarias.




A organización máis complexa é a disposición tipo **leuconóide** (Leucon), presente na maioría das esponxas, e que consiste basicamente en numerosas *cámaras flaxeladas* (4) contidas no interior dun ancho *mesohilo* que, en lugar de comunicar co *esponxocèle*, desembocan nun sistema de *canles exhalantes* moi ramificados, que poden confluír entre si constituíndo canles principais, e que finalizan nun *ósculo* (2); nesta disposición o *sistema acuífero* vólvese moito máis complexo, acompañado dun considerable engrosamento da *mesoglea* provocando a perda da simetría radial da esponxa. Con este tipo de organización auméntase considerablemente a cantidade de auga que se pode controlar e facer circular polo interior, permitindo o aumento do tamaño do animal.

1.3 Alimentación

As esponxas son animais sésiles, sen capacidade para poder desprazarse, o que condiciona en gran medida o tipo e a cantidade de alimento do que poden dispoñer. A gran maioría son animais filtradores activos non selectivos cuxa alimentación depende da cantidade de partículas alimenticias en suspensión presentes na auga que os rodea e do funcionamento do seu *sistema acuífero* (cámaras e células flaxeladas escasamente organizadas). O diámetro dos *ostíolos* e *porocitos*, o ritmo de sacudida dos flaxelos dos *coanocitos*, o tamaño da *cámara flaxelada* ou o diámetro da canle de saída da cámara condicionan a corrente de entrada e saída de auga, e desta forma a cantidade de alimento dispoñible.

Os *coanocitos*, ademais de lograr a corrente de auga direccional no interior da esponxa, son os encargados de recoller os nutrientes e bacterias transportados na auga circulante por medio dunhas *microvilosidades* contráctiles dispostas na base do flaxelo, axudadas por unha capa mucosa transparente que as rodea externamente. Estas partículas que chegan á superficie celular son fagocitadas e pasan aos *amebocitos*, encargados da dixestión e do transporte alimenticio por todo o organismo.



Esquema da alimentación das esponjas. (Xvazquez. Licenza PD. Fonte: Wikimedia)

1: a auga cargada de partículas penetra polos poros; 2: as partículas grandes son fagocitadas polos arqueocitos; 3: as partículas orgánicas son dixeridas intracelularmente polos arqueocitos; 4: as partículas inorgánicas (como grans de area) son expulsadas na canle exhalante; 5: as partículas pequenas penetran na cámara vibrátil e son fagocitadas polos coanocitos, que as transfíren aos arqueocitos; 6: as partículas son dixeridas intracelularmente polos arqueocitos. a: poro inhalante; b: partículas orgánicas; c: partícula inorgánica; d: arqueocitos; e: coanocito; f: arqueocito; g: vacuola dixestiva; h: cámara vibrátil.

En 1995 descubriuse un grupo de esponjas cuxo sistema de alimentación non se basea na filtración da auga circundante, as esponjas carnívoras. Este pequeno grupo de esponjas basea a súa alimentación na captura de pequenos crustáceos por medio duns filamentos para logo fagocitálos. O seu sistema de organización que difire completamente do resto de esponjas, ao non posuír *sistema acuífero* nin coanocitos, ocasionou dúbidas sobre a súa integración no filo Porífera.

1.4 Reprodución

As esponjas poden reproducirse tanto de forma *sexual* como *asexual*. Todas as esponjas son animais *hermafroditas* con reprodución sexual e fecundación interna, coa excepción dunhas poucas especies *ovíparas* pertencentes ao xénero *Cliona*. Para evitar a *autofecundación*, e a pesar da súa capacidade de poder xerar indistintamente óvulos e espermatozoides a partir dos *arqueocitos*, fano separadamente polo que debemos falar de *fecundación cruzada*. Dos óvulos fecundados, dependendo da esponja, poden xurdir dous tipos de larvas librenadoras: unha larva *anfíblástula*, ou unha larva *parenquímula bies-tratificada*. Esta breve fase larvaria representa o único momento na vida dunha esponja na que é verdadeiramente libre e finaliza no momento en que, diante dun substrato adecuado, fíxase a el para converterse nun exemplar adulto.



A esponxa *Tethya aurantium* con xémulas

A *reproducción asexual* pódese producir por medio de corpos reprodutores denominados *xémulas* (xemación), que poden escindir-se e converterse así en animais independentes ou permanecer unidas á esponxa nai formando desa forma *colonias de esponxas*. Tamén poden reproducirse asexualmente por fragmentación grazas á gran capacidade de rexeneración que presentan a maioría das esponxas, as cales poden rexenerarse completamente a partir de pequenos anacos delas.

1.5 Sistemática

A clasificación das esponxas baséase fundamentalmente no tipo de soporte esquelético que presentan, sendo fundamental unha análise das súas *espículas*, así como un estudo da morfoloxía e disposición dos elementos esqueléticos, para a súa determinación. Na actualidade, a máis ou menos recente aplicación da bioloxía molecular a este grupo animal está a transformar, en certa medida, toda a sistemática do filo Porífera. Dependendo da composición química e da morfoloxía das *espículas*, así como da súa disposición, as esponxas divídense en catro grandes clases:

A clase **Calcarea** está constituída por esponxas mariñas litorais, coñecidas vulgarmente como esponxas calcarias, que poden presentar, segundo a especie, unha organización tipo *Ascon*, *Sycon* ou *Leucon*. Adoitan ter un tamaño pequeno, non maior de 10 centímetros, e unha forma irregular ou masiva. O seu sistema esquelético, onde non existen fibras de esponxina, está formado fundamentalmente por *espículas calcarias* que non presentan diferenciación entre *microscleras* e *megascleras*, podendo atoparse entre elas *fibras de coláxeno*.

A clase **Demospongiae** constitúe o grupo máis numeroso, diversificado e abundante de esponxas, están presentes en todos os ambientes acuícolas (mares, ríos, lagos) desde a zona litoral ata a batial e son coñecidas comunmente como demoesponxas ou esponxas córneas. O seu nivel de organización é tipo *Leucon* e o seu soporte esquelético está formado por *espículas silíceas* e/ou *fibras córneas*.

A clase **Hexactinellida**, está composta por esponxas mariñas con preferencia polas augas profundas (entre os 200 e os 6000 metros de profundidade), cun tamaño moi variable e formas xeralmente tubulares ou esféricas. Son coñecidas vulgarmente como esponxas de cristal ou esponxas vítreas. Presentan unha organización tipo *Sycon* ou *Leucon* e o seu soporte esquelético está formado por *espículas silíceas* de seis radios, *hexactinas*.

A clase **Homoscleromorpha** está composta por unha pequena cantidade de esponxas cun soporte esquelético variable, con ou sen *espículas silíceas*, e cunha lámina basal delimitando as capas internas.

2. TAXONOMÍA

A **taxonomía**, cuxo nome deriva do epíteto grego “*taxis*” que significa ordenación, é a ciencia que se encarga dos principios, métodos científicos e fins da clasificación biolóxica, ordenando e clasificando a todos os organismos vivos. O pai da taxonomía moderna foi o naturalista sueco Carlos von Linneo, quen en 1753 publicou o libro *Species Plantarum* que estandarizou e sentou as bases taxonómicas actuais.

Todos os animais coñecidos teñen un nome, sendo os taxónomos os científicos encargados do seu estudo, clasificación e denominación. Para nomear a un animal séguese unha serie de regras de nomenclatura e, para evitar controversias e diferenzas de opinión entre os diferentes científicos, a ICZN (Comisión Internacional de Nomenclatura Zoolóxica) encárgase de controlar e dirimir calquera cuestión que xurda na denominación dos distintos organismos.

Os nomes científicos están formados por dúas palabras, coñecidas conxuntamente como o *epíteto binomio*, o nome xenérico e o nome específico, que sempre estarán escritos en cursiva. A primeira palabra do binomio dun nome científico corresponde ao xénero ao que pertence o organismo e a segunda é o nome da especie. Linneo orixinalmente propuxo que os nomes científicos estivesen compostos por palabras en latín, aínda que moitas das palabras usadas en nomes científicos non son realmente palabras latinas. O nome da especie pode ser descritivo (destaca unha calidade da especie), orixinario (referencia a procedencia xeográfica orixinal da especie) ou honorífico (en honra dunha persoa, entidade ou empresa para destacar a súa valía e/ou colaboración).



Axinella dissimilis (Bowerbank, 1866)

O nome da especie vai seguido do nome da persoa ou persoas que a describiu e do ano da súa descrición. Se o autor ou autores describiu o animal dentro dun xénero distinto ao que actualmente pertence, o seu nome e ano vai encerrado entre paréntese.

Un exemplo é o caso da fotografía, *Axinella dissimilis*, descrita por Bowerbank en 1866 baixo o nome de *Isodictya dissimilis*.

Actualmente os estudos filoxenéticos déronlle un grande impulso á sistemática de todos os organismos, variando a enorme velocidade a sistemática dos diferentes grupos animais, do que non se libra o fío Porífera. Neste libro seguiu-se a sistemática proposta por WoRMS (Rexistro Mundial de Especies Mariñas), unha ferramenta que se volveu fundamental no mantemento actualizado de toda a información sobre a vida mariña e que calquera persoa pode consultar en aberto na Rede (www.marinespecies.org).

2.1 Listaxe taxonómica

Filo Porífera

Clase Calcaria Bowerbank, 1862

Subclase Calcaronea Bidder, 1898

Orde Baerida Borojevic, Boury-Esnault & Vacelet, 2000

Familia Baeriidae Borojevic, Boury-Esnault & Vacelet, 2000

Xénero *Leuconia* Grant, 1833

Leuconia johnstoni Carter, 1871

Leuconia nivea (Grant, 1826)

Familia Trichogypsiidae Borojevic, Boury-Esnault & Vacelet, 2000

Xénero *Trichogypsia* Carter, 1871

Trichogypsia villosa Carter, 1871

Orde Leucosolenida Hartman, 1958

Familia Amphoriscidae Dendy, 1893

Xénero *Paraleucilla* Dendy, 1893

Paraleucilla magna Klautau, Monteiro & Borojevic, 2004

Familia Grantiidae Dendy, 1893

Xénero *Amphiute* Hanitsch, 1894

Amphiute paulini Hanitsch, 1894

Xénero *Grantia* Fleming, 1828

Grantia capillosa (Schmidt, 1862)

Grantia compressa (Fabricius, 1780)

Xénero *Leucandra* Haeckel, 1872

Leucandra aspera (Schmidt, 1862)

Leucandra balearica Lackschewitz, 1886

Leucandra gossei (Bowerbank, 1862)

Leucandra pumila (Bowerbank, 1866)

Leucandra sulcata Ferrer-Hernández, 1918

Xénero *Ute* Schmidt, 1862

Ute glabra Schmidt, 1864

Familia Heteropiidae Dendy, 1893

Xénero *Vosmaeropsis* Dendy, 1893

Vosmaeropsis hispanica Ferrer-Hernández, 1933

Familia Leucosoleniidae Minchin, 1900

Xénero *Leucosolenia* Bowerbank, 1864

Leucosolenia botryoides (Ellis & Solander, 1786)

Leucosolenia complicata (Montagu, 1814)

Leucosolenia somesi (Bowerbank, 1874)

Leucosolenia variabilis (Haeckel, 1870)

Familia Sycettydae Dendy, 1893

Xénero *Sycon* Risso, 1827

Sycon ciliatum (Fabricius, 1780)

Sycon elegans (Bowerbank, 1845)

Sycon quadrangulatum (Schmidt, 1868)

Sycon raphanus Schmidt, 1862

Sycon scaldiense (Van Koolwijk, 1982)

Subclase Calcinea Bidder, 1898

Orde Clathrinida Hartman, 1958

Familia Clathrinidae Minchin, 1900

Xénero *Borojevia* Klautau et al., 2013

Borojevia cerebrum (Haeckel, 1872)

Xénero *Clathrina* Gray, 1867

Clathrina blanca (Miklucho-Maclay, 1868)

Clathrina clathrus (Schmidt, 1864)

Clathrina coriacea (Montagu, 1814)

Clathrina lacunosa (Johnston, 1842)

Clathrina rubra Sarà, 1958

Familia Leucaltidae Dendy & Row, 1913

Xénero *Ascandra* Haeckel, 1872

Ascandra contorta (Bowerbank, 1866)

Ascandra falcata Haeckel, 1872

Clase Demospongiae Sollas, 1885

Subclase Heteroscleromorpha Cárdenas, Pérez & Boury-Esnault, 2012

Orde Axinellida Lévi, 1953

Familia Axinellidae Carter, 1875

Xénero *Axinella* Schmidt, 1862

Axinella alba (Descatoire, 1966)

Axinella damicornis (Esper, 1794)

Axinella dissimilis (Bowerbank, 1866)

Axinella egregia sensu Topsent, 1892

Axinella estacoi Carballo & García-Gómez, 1995

Axinella infundibuliformis (Linnaeus, 1759)

Axinella polypoides Schmidt, 1862

Axinella verrucosa (Esper, 1794)

Xénero *Phakellia* Bowerbank, 1862

Phakellia robusta Bowerbank, 1866

Phakellia ventilabrum (Linnaeus, 1767)

Familia Raspailiidae Nardo, 1833

Subfamilia Raspailiinae Nardo, 1833

Xénero *Eurypon* Gray, 1867

Eurypon major Sarà & Siribelli, 1960

Xénero *Hymenaphia* Bowerbank, 1864

Hymenaphia stellifera Bowerbank, 1864

- Xénero** *Raspaciona* Topsent, 1936
Raspaciona aculeata (Johnston, 1842)
- Xénero** *Raspailia* Nardo, 1833
Raspailia (Clathriodendron) hispida (Montagu, 1814)
Raspailia (Raspailia) radiosa (Bowerbank, 1866)
Raspailia (Raspailia) ramosa (Montagu, 1818)
Raspailia (Raspailia) viminalis Schmidt, 1862
Raspailia (Raspailia) virgultosa (Bowerbank, 1866)
Raspailia howsei (Bowerbank, 1866)
- Familia** Stelligeridae Lendenfeld, 1898
- Xénero** *Halicnemia* Bowerbank, 1864
Halicnemia verticillata (Bowerbank, 1866)
- Xénero** *Paratimea* Hallmann, 1917
Paratimea constellata (Topsent, 1893)
Paratimea sp.
- Xénero** *Stelligera* Gray, 1867
Stelligera montagui Van Soest & Hooper, 2020
Stelligera stuposa (Ellis & Solander, 1786)
- Orde** Biemnida Morrow, 2013
- Familia** Biemnidae Hentschel, 1923
- Xénero** *Biemna* Gray, 1867
Biemna variantia (Bowerbank, 1858)
Biemna begonae Cristobo, Almón, Pérez & Ríos, 2022
- Familia** Rabderemiidae Topsent, 1928
- Xénero** *Rhabderemia* Topsent, 1890
Rhabderemia gallica van Soest & Hooper, 1993
- Orde** Bubarida Morrow & Cárdenas, 2015
- Familia** Dictyonellidae van Soest & Pomponi, 1990
- Xénero** *Dictyonella* Schmidt, 1868
Dictyonella pelligera (Schmidt, 1864)
- Xénero** *Tethyspira* Topsent, 1890
Tethyspira spinosa (Bowerbank, 1874)
- Orde** Clionaida Morrow & Cárdenas, 2015
- Familia** Clionaidae d'Orbigny, 1851
- Xénero** *Cliona* Grant, 1826
Cliona celata Grant, 1826
Cliona lobata Hancock, 1849
Cliona viridis (Schmidt, 1862)
- Xénero** *Spiroxya* Topsent, 1896
Spiroxya levispira (Topsent, 1898)
- Orde** Haposclerida Topsent, 1928
- Familia** Chalinidae Gray, 1867
- Xénero** *Chalinula* Schmidt, 1868
Chalinula limbata (Montagu, 1814)
Chalinula loosanoffi (Hartman, 1958)
- Xénero** *Dendroxea* Griessinger, 1971
Dendroxea lenis (Topsent, 1892)

- Xénero** *Haliclona* Grant, 1841
Haliclona (Gellius) angulata (Bowerbank, 1866)
Haliclona (Gellius) fibulata (Schmidt, 1862)
Haliclona (Gellius) marismedi (Pulitzer-Finali, 1978)
Haliclona (Gellius) rava (Stephens, 1912)
Haliclona (Halichoelona) fistulosa (Bowerbank, 1866)
Haliclona (Haliclona) oculata (Linnaeus, 1759)
Haliclona (Haliclona) simulans (Johnston, 1842)
Haliclona (Reniera) cinerea (Grant, 1826)
Haliclona (Rhizoniera) indistincta (Bowerbank, 1866)
Haliclona (Rhizoniera) rosea (Bowerbank, 1866)
Haliclona (Rhizoniera) viscosa (Topsent, 1888)
Haliclona (Soestella) xena De Weerd, 1986
- Familia** Petrosiidae van Soest, 1980
Xénero *Petrosia* Vosmaer, 1885
Petrosia (Petrosia) ficiformis (Poiret, 1789)
- Familia** Phloeodictyidae Carter, 1882
Xénero *Oceanapia* Norman, 1869
Oceanapia isodictyiformis (Carter, 1882)
- Orde** Poecilosclerida Topsent, 1928
- Familia** Acarnidae Dendy, 1922
Xénero *Acarnus* Gray, 1867
Acarnus tortilis Topsent, 1892
Xénero *Iophon* Gray, 1867
Iophon nigricans (Bowerbank, 1858)
- Familia** Cladorhizidae Dendy, 1922
Xénero *Lycopodina* Lundbeck, 1905
Lycopodina hypogea (Vacelet & Boury-Esnault, 1996)
- Familia** Coelosphaeridae Dendy, 1922
Xénero *Celtodoryx* Pérez et al., 2006
Celtodoryx ciocalyptoides (Burton, 1935)
Xénero *Forcepia* Carter, 1874
Forcepia (Leptolabis) luciensis (Topsent, 1888)
Xénero *Lissodendoryx* Topsent, 1892
Lissodendoryx (Lissodendoryx) isodictyalis (Carter, 1882)
- Familia** Crambeidae Lévi, 1963
Xénero *Crambe* Vosmaer, 1880
Crambe crambe (Schmidt, 1862)
- Familia** Crellidae Dendy, 1922
Xénero *Crella* Gray, 1867
Crella (Crella) elegans (Schmidt, 1862)
Crella (Grayella) pulvinar (Schmidt, 1868)
Crella (Pytheas) fusifera (Sarà, 1969)
Crella (Yvesia) nodulosa Sarà, 1959
Crella (Yvesia) rosea (Topsent, 1892)

Familia Desmacididae Schmidt, 1870

Xénero *Desmacidon* Bowerbank, 1861

Desmacidon fruticosum (Montagu, 1814)

Familia Esperlopsidae Hentschel, 1923

Xénero *Amphilectus* Vosmaer, 1880

Amphilectus fucorum (Esper, 1794)

Amphilectus ovulum (Schmidt, 1870)

Familia Guitarridae Dendy, 1924

Xénero *Guitarra* Carter, 1874

Guitarra solorzanoi Cristobo, 1998

Familia Hymedesmiidae Topsent, 1928

Xénero *Hemimycale* Burton, 1934

Hemimycale columella (Bowerbank, 1874)

Xénero *Hymedesmia* Bowerbank, 1864

Hymedesmia (Hymedesmia) consanguinea Lundbeck, 1910

Hymedesmia (Hymedesmia) jecusculum (Bowerbank, 1866)

Hymedesmia (Hymedesmia) lenta Descatoire, 1966

Hymedesmia (Hymedesmia) pansa Bowerbank, 1882

Hymedesmia (Hymedesmia) paupertas (Bowerbank, 1866)

Hymedesmia (Hymedesmia) peachi Bowerbank, 1882

Hymedesmia (Hymedesmia) rathlinia Goodwin & Picton, 2009

Hymedesmia (Hymedesmia) stellifera Goodwin & Picton, 2009

Hymedesmia (Hymedesmia) versicolor (Topsent, 1893)

Hymedesmia (Stylopus) coriacea (Fristedt, 1885)

Hymedesmia (Stylopus) hibernica Stephens, 1916

Hymedesmia sp.

Xénero *Phorbas* Duchassaing & Michelotti, 1864

Phorbas dives (Topsent, 1891)

Phorbas fictitius (Bowerbank, 1866)

Phorbas lieberkuehni (Burton, 1930)

Phorbas plumosus (Montagu, 1814)

Xénero *Plocamionida* Topsent, 1927

Plocamionida ambigua (Bowerbank, 1866)

Plocamionida tylotata Brondsted, 1932

Xénero *Plocamirotula* Solórzano, 1991

Plocamirotula arousensis Solórzano, 1991

Xénero *Spanioplion* Topsent, 1890

Spanioplion armaturum (Bowerbank, 1866)

Familia Microcionidae Carter, 1875

Subfamilia Microcioninae Carter, 1875

Xénero *Clathria* Schmidt, 1862

Clathria (Microcionia) armata (Bowerbank, 1862)

Clathria (Microcionia) ascendens (Cabioch, 1968)

Clathria (Microcionia) atrasanguinea (Bowerbank, 1862)

Clathria (Microcionia) bitoxa (Burton, 1930)

Clathria (Microcionia) spinarcus (Carter & Hope, 1889)

Clathria (Microcionia) strepsitoxa (Hope, 1889)

Subfamilia Ophlitasponginae Laubenfels, 1936

Xénero *Antho* Gray, 1867

Antho (Acarnia) coriacea (Bowerbank, 1874)

Antho (Antho) inconstans (Topsent, 1925)

Antho (Antho) involvens (Schmidt, 1864)

Antho (Jia) brattegardii van Soest & Stone, 1986

Xénero *Artemisina* Vosmaer, 1885

Artemisina transiens Topsent, 1890

Xénero *Ophlitaspongia* Bowerbank, 1866

Ophlitaspongia papilla Bowerbank, 1866

Familia Mycalidae Lundbeck, 1905

Xénero *Mycale* Gray, 1867

Mycale (Aegogropila) antiae Urgorri & Díaz-Agras, 2019

Mycale (Aegogropila) contarenii (Lieberkühn, 1859)

Mycale (Aegogropila) rotalis (Bowerbank, 1874)

Mycale (Carmia) bolivari Ferrer-Hernández, 1914

Mycale (Carmia) macilenta (Bowerbank, 1866)

Mycale (Carmia) micracanthoxea Buizer & van Soest, 1977

Mycale (Mycale) lingua (Bowerbank, 1866)

Familia Myxillidae Dendy, 1922

Xénero *Myxilla* Schmidt, 1862

Myxilla (Myxilla) fimbriata (Bowerbank, 1866)

Myxilla (Myxilla) incrustans (Johnston, 1842)

Myxilla (Myxilla) iotrochotina (Topsent, 1892)

Myxilla (Myxilla) macrosigma Boury-Esnault, 1971

Myxilla (Myxilla) rosacea (Lieberkühn, 1859)

Familia Tedaniidae Ridley & Dendy, 1886

Xénero *Tedania* Gray, 1867

Tedania (Tedania) pilarriosae Cristobo, 2002

Tedania (Tedania) suctoria (Schmidt, 1870)

Tedania (Tedania) urgorrii Cristobo, 2002

Tedania (Trachytodania) ferrolensis (Cristobo & Urgorri, 2001)

Orde Polymastiida Morrow & Cárdenas, 2015

Familia Polymastiidae Gray, 1867

Xénero *Polymastia* Bowerbank, 1862

Polymastia agglutinans Ridley & Dendy, 1886

Polymastia boletiformis (Lamarck, 1815)

Polymastia conigera Bowerbank, 1874

Polymastia inflata Cabioch, 1968

Polymastia penicillus (Montagu, 1818)

Polymastia spinula Bowerbank, 1866

Polymastia uberrima (Schmidt, 1870)

Orde Scopalinida Morrow & Cárdenas, 2015

Familia Scopalinidae Morrow et al., 2012

Xénero *Scopalina* Schmidt, 1862

Scopalina sp.

Orde Suberitida Chombard & Boury-Esnault, 1999

Familia Halichondriidae Gray, 1867

Xénero *Axinyssa* Lendenfels, 1936

Axinyssa aurantiaca (Schmidt, 1864)

Axinyssa digitata (Cabioc, 1968)

Xénero *Ciocalypta* Bowerbank, 1862

Ciocalypta penicillus Bowerbank, 1862

Xénero *Halichondria* Fleming, 1828

Halichondria (Eumastia) sitiens (Schmidt, 1870)

Halichondria (Halichondria) panicea (Pallas, 1766)

Halichondria (Halichondria) bowerbanki Burton, 1930

Xénero *Hymeniacidon* Bowerbank, 1858

Hymeniacidon perlevis (Montagu, 1814)

Familia Suberitidae Schmidt, 1870

Xénero *Aptos* Gray, 1867

Aptos aptos (Schmidt, 1864)

Aptos papillata (Keller, 1880)

Xénero *Homaxinella* Topsent, 1916

Homaxinella subdola (Bowerbank, 1866)

Xénero *Protosuberites* Swartschewsky, 1905

Protosuberites denhartogi Van Soest & de Kluijver, 2003

Xénero *Pseudosuberites* Topsent, 1896

Pseudosuberites mollis Topsent, 1925

Pseudosuberites sulphureus (Bowerbank, 1866)

Xénero *Suberites* Nardo, 1833

Suberites carnosus (Johnston, 1842)

Suberites domuncula (Olivi, 1792)

Suberites ficus (Johnston, 1842)

Suberites luridus Solé-Cava & Thorpe, 1986

Suberites pagurorum Solé-Cava & Thorpe, 1986

Suberites suberia (Montagu, 1818)

Xénero *Terpios* Duchassaing & Michelotti, 1864

Terpios gelatinosus (Bowerbank, 1866)

Orde Tethyida Morrow & Cárdenas, 2015

Familia Hemiasterellidae Lendenfeld, 1889

Xénero *Adreus* Gray, 1867

Adreus fascicularis (Bowerbank, 1866)

Familia Tethyidae Gray, 1848

Xénero *Tethya* Lamarck, 1815

Tethya aurantium (Pallas, 1766)

Tethya citrina Sarà & Melone, 1965

Familia Timeidae Topsent, 1928

Xénero *Timea* Gray, 1867

Timea crassa (Topsent, 1900)

Timea hallezi (Topsent, 1894)

Timea stellata (Bowerbank, 1866)

Timea unistellata (Topsent, 1892)

- Orde** Tetractinellida Marshall, 1876
- Suborde** Astrophorina Sollas, 1887
- Familia** Ancorinidae Schmidt, 1870
- Xénero** *Dercitus* Gray, 1867
Dercitus (Dercitus) bucklandi (Bowerbank, 1858)
- Xénero** *Stelletta* Schmidt, 1862
Stelletta grubii Schmidt, 1862
Stelletta hispida (Buccich, 1886)
Stelletta lactea Carter, 1871
- Xénero** *Stryphnus* Sollas, 1886
Stryphnus ponderosus (Bowerbank, 1866)
- Familia** Geodiidae Gray, 1867
- Subfamilia** Erylinae Sollas, 1888
- Xénero** *Erylus* Gray, 1867
Erylus cantabricus (Ferrer-Hernández, 1912)
Erylus discophorus (Schmidt, 1862)
- Xénero** *Pachimatisma* Bowerbank in Johnston, 1842
Pachymatisma johnstonia (Bowerbank in Johnston, 1842)
- Xénero** *Penares* Gray, 1867
Penares euastrum (Schmidt, 1868)
- Subfamilia** Geodiinae Gray, 1867
- Xénero** *Geodia* Lamarck, 1815
Geodia cydonium (Linnaeus, 1767)
- Suborde** Spirophorina Bergquist & Hogg, 1969
- Familia** Tetillidae Sollas, 1886
- Xénero** *Craniella* Schmidt, 1870
Craniella cranium (O F Müller, 1776)
- Orde** Trachycladida Morrow & Cardenas, 2015
- Familia** Trachycladidae Hallmann, 1917
- Xénero** *Trachycladus* Carter, 1879
Trachycladus minax (Topsent, 1888)
- Subclase** Keratosa Grant, 1861
- Orde** Dendroceratida Minchin, 1900
- Familia** Darwinellidae Merejkowsky, 1879
- Xénero** *Aplysilla* Schulze, 1878
Aplysilla rosea (Barrois, 1876)
Aplysilla sulfurea Schulze, 1878
- Xénero** *Chelonaplysilla* Laubenfels, 1948
Chelonaplysilla noevus (Carter, 1876)
- Xénero** *Darwinella* Müller, 1865
Darwinella corneostellata (Carter, 1872)
Darwinella intermedia Topsent, 1893
Darwinella sp.
- Orde** Dictyoceratida Minchin, 1900
- Familia** Dysideidae Gray, 1867
- Xénero** *Dysidea* Johnston, 1842
Dysidea avara (Schmidt 1862)
Dysidea fragilis (Montagu, 1818)

- Xénero** *Pleraplysilla* Topsent, 1905
Pleraplysilla spinifera (Schulze, 1879)
- Familia** Irciniidae Gray, 1867
 - Xénero** *Ircinia* Nardo, 1833
Ircinia dendroides (Schmidt, 1862)
Ircinia variabilis (Schmidt, 1862)
 - Xénero** *Sarcotragus* Schmidt, 1862
Sarcotragus fasciculatus (Pallas, 1766)
Sarcotragus foetidus Schmidt, 1862
Sarcotragus spinosulus Schmidt, 1862
- Familia** Spongiidae Gray, 1867
 - Xénero** *Spongia* Linnaeus, 1759
Spongia (Spongia) lamella (Schulze, 1879)
Spongia (Spongia) officinalis Linnaeus, 1759
- Familia** Thorectidae Bergquist, 1978
 - Subfamilia** Thorectinae Bergquist, 1978
 - Xénero** *Hyrtios* Duchassaing & Michelotti, 1864
Hyrtios collectrix (Schulze, 1880)
 - Xénero** *Cacospongia* Schmidt, 1862
Scalarispongia scalaris (Schmidt, 1862)
- Subclase** Verongimorpha Erpenbeck et al., 2012
 - Orde** Chondrillida Redmond et al., 2013
 - Familia** Chondrillidae Gray, 1872
 - Xénero** *Thymosia* Topsent, 1895
Thymosia guernei Topsent, 1895
 - Familia** Halisarcidae Schmidt, 1862
 - Xénero** *Halisarca* Johnston, 1842
Halisarca dujardini (Johnston, 1842)
 - Orde** Chondrosiida Boury-Esnault & Lopes, 1985
 - Familia** Chondrosiidae Schulze, 1877
 - Xénero** *Chondrosia* Nardo, 1847
Chondrosia reniformis Nardo, 1847
- Clase** Homoscleromorpha Bergquist, 1978
 - Orde** Homosclerophorida Dendy, 1905
 - Familia** Oscarellidae Lendenfeld, 1887
 - Xénero** *Oscarella* Vosmaer, 1884
Oscarella lobularis (Schmidt, 1862)
Oscarella sp.
 - Familia** Plakinidae Schulze, 1880
 - Xénero** *Corticium* Schmidt, 1862
Corticium candelabrum Schmidt, 1862
 - Xénero** *Plakina* Schulze, 1880
Plakina monolopha Schultze, 1880
 - Xénero** *Plakortis* Schulze, 1880
Plakortis simplex Schultze, 1880

3. IDENTIFICACIÓN DAS ESPONXAS

Os poríferos son uns animais moi difíciles de identificar á primeira ollada polo seu carácter polimórfico, podendo desenvolver mesmo dentro dunha mesma especie enormes diferenzas no seu tamaño, forma de desenvolvemento ou cor, sobre todo aquelas que presentan un desenvolvemento laminar incrustante, sendo imprescindible o traballo de laboratorio para a súa correcta identificación.



Aínda que a gran definición e resolución das cámaras fotográficas profesionais actuais reflicten nas imaxes características morfolóxicas dos exemplares fotografados que a primeira ollada pasan desapercibidas, podendo equipararse a imaxes reais de lupas binoculares, un bo número de esponxas incluídas nas fichas deste libro non se poden identificar con exactitude a partir de fotografías, só servir de referencia para o devandito fin. Unicamente a recolección de mostras para o seu posterior tratamento e procesado poden permitir a correcta identificación da especie.

A recolección de mostras para o seu estudo é neste caso relativamente sinxela, dado o carácter sésil das esponxas. Por norma xeral, a recolección dos exemplares enteiros realízase mediante a separación da súa base do substrato, aínda que sempre se recomenda na medida do posible danar os organismos o menos posible. Isto é, se non necesitamos o animal enteiro para a súa identificación, contentarémonos con extraer unha pequena mostra para o seu posterior estudo e permitir así que o organismo se rexenere e siga vivindo.

Unha vez tomada a mostra, procederase á súa conservación. Se o seu estudo se vai realizar nun prazo curto de tempo, podemos mantela nun frasco con auga de mar ata o seu traslado ao laboratorio. Se o seu estudo se vai demorar, o ideal é conservar a mostra en líquido conservante. En xeral, veuse utilizando o formol diluído ao 4%, cunha posterior trasfega a alcol. Pero dado que actualmente este conservante está catalogado como

daniño para a saúde e cada vez o seu uso está máis restrinxido, ademais de dificultar as análises moleculares por afectar o material xenético, é cada vez máis habitual conservar as mostras directamente en alcol ao 70%. Desta maneira a mostra atópase perfectamente conservada tanto para aplicar estudos morfolóxicos, como para eventuais estudos moleculares.

Outro método de conservación que se pode utilizar con bos resultados nas esponxas é a conxelación, especialmente útil en exemplares de gran tamaño.



3.1 Preparación das espículas

Como se explicou anteriormente, os elementos esqueléticos das esponxas poden estar formados por diferentes materiais, e polo tanto os protocolos para o seu estudo varían en función de que materiais sexan estes. Por iso, o primeiro que debemos facer é tratar de dilucidar que tipo de esponxa temos entre mans. Propoñemos a continuación unha serie de pasos que, aínda que de forma resumida e sinxela, permitirán aproximarse ao estudo de calquera tipo de esponxa.

Paso 1. Tómase un fragmento moi pequeno da esponxa, aproximadamente do tamaño da punta das pinzas e deposítase nunha placa de Petri ou recipiente similar con auga para eliminar o líquido conservante se o hai, así como posibles elementos estraños. Seguidamente deposítase o anaco lavado nun portaobxectos e coa axuda dunha agulla enmangada ou as propias pinzas, procedemos a desfacer todo o posible a mostra, separando os seus elementos mecanicamente. Desta maneira, cando coloquemos a mostra no microscopio, poderemos ver se existen espículas ou non, se hai fibras, ou calquera outro trazo xeral da esponxa.

Paso 2. Se vemos espículas, entón colocamos a mostra sobre un portaobxectos e engadimos unhas pingas de ácido nítrico ao 10%. Se ao facer isto empezan a saír burbullas, quere dicir que a esponxa é de tipo calcaria (ir ao Paso 3). Se non hai burbullas, significa que a esponxa ten espículas silíceas e podemos proceder a evaporar o líquido achegando a mostra a un chisqueiro de alcol, cubrila cun cobreobxectos e estudar as espículas ao microscopio.

Paso 3. Temos unha esponxa calcaria, polo que debemos obter un anaco novo da esponxa e aplicar de novo o Paso 1. A continuación engadimos unhas pingas de lixivia diluída ao 50%. Logo secamos co chisqueiro de alcol, colocamos o portaobxectos e procedemos ao seu estudo ao microscopio.


3.2 Preparación do esqueleto de esponxina

No caso de que durante o paso 1 non se vexan espículas, senón fibras de esponxina, quere dicir que estamos ante unha esponxa con esqueleto de natureza orgánica.

A forma de proceder será entón seguir desfacendo a mostra todo o posible de maneira que as fibras queden o máis limpas posible para poder estudar directamente ao microscopio o tipo de fibras.

Tanto no caso das fibras como no das espículas, outra pista importante á hora de clasificar unha esponxa, é a disposición dos elementos no esqueleto, é dicir, a súa estrutura. Para poder ver esta característica, recórrase ao estudo dun corte transversal moi fino do corpo principal ou algunha das proxeccións. Idealmente faise con ferramentas que permiten obter cortes de micras de grosor, pero se non dispoñemos deste equipamento, podemos facernos unha idea utilizando un bisturí, tratando de obter unha lámina o máis estreita posible. Esta mostra estúdase á lupa binocular, xa que a non ser que consigamos unha lámina realmente fina como para que a luz atravesese a mostra, deberemos utilizar iluminación superior ou lateral e o nivel de aumento necesario para ver a estrutura, adoita ser suficiente.





Adreus fascicularis (Bowerbank, 1866)

4. FICHAS DE ESPECIES

A ficha de cada especie ten na súa parte superior esquerda a Orde a que pertencen e na parte superior dereita a súa Familia. Inmediatamente debaixo, e resaltado dentro dun recadro, está o nome da especie e o autor ou autores xunto ao ano da súa descrición.

A continuación inclúese unha ou varias fotos de alta resolución a toda cor da especie no seu medio natural. Baixo a foto atópase unha descrición xeral daquelas características morfolóxicas externas específicas da especie, así como o tamaño máximo reportado para ela e a cor que pode presentar. Despois inclúense unha serie de apartados:


HÁBITAT E BIOLOXÍA: o seu rango batimétrico e o tipo de substrato onde vive, ademais doutros detalles biolóxicos característicos da especie.

DISTRIBUCIÓN: a área xeográfica que ocupa a especie, con énfase na súa presenza en augas europeas.

ESPECIES SEMELLANTES: aparecerá cando existan outras especies coas que visualmente se poida confundir, destacando as súas características morfolóxicas externas diferenciadoras.

CURIOSIDADES: a etimoloxía do nome da especie, cando se coñeza, así como outros datos de interese.

A gran maioría das fichas finalizan cunha ou varias fotos máis da especie, podendo ser de detalle ou de diferentes morfotipos dela.



Haliclona (Haliclona) oculata (Pallas, 1766)

4.1 CLASE CALCARIA



Leuconia johnstoni Carter, 1871

Esponxa calcárea, de consistencia firme, formada por lóbulos erectos en forma de tubos que xorden dunha base incrustante común e que poden chegar a alcanzar os 3 cm de altura. Os ósculos están situados na parte superior dos lóbulos e están rodeados dun “colar” de curtas espículas de tamaño similar. A superficie da esponxa é lixeiramente rugosa pero non hispida, e normalmente presenta limo atrapado sobre a súa superficie. Cor branca sucia a beixe.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 40 metros de profundidade, sobre paredes verticais de rochas e pecios en lugares abrigados, pero expostos a correntes moderadas de marea.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata as costas atlánticas da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leuconia nivea, ten unha superficie lisa e os seus ósculos non presentan coroa espicular.

Sycon ciliatum, só presenta individuos solitarios.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *johnstoni*, foille posto en honra ao físico e naturalista escocés George Johnston (1797-1855), quen entre outros traballos publicou o libro *British Sponges and Lithophytes*.



Leuconia nivea (Grant, 1826)

Esponxa calcárea incrustante, que pode conformar pequenas placas de superficie uniforme ou apertados montículos baixos. A súa superficie é lisa e presenta unha consistencia firme. Os ósculos, pequenos e lisos, están distribuídos ao longo das cimas dos lóbulos. Cor branca ou gris pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En zonas rochosas, en lugares de forte movemento de auga, desde a zona intermareal ata os 120 metros de profundidade, sobre paredes, en gretas ou baixo rochas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leuconia jonhstoni, ten un aspecto sucio e aveludado e desenvólvese de forma masivo tubular.

Leucandra gossei, presenta formas masivas maiores e máis redondeadas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *nivea*, deriva do epíteto latino “niveus” (neve, similar ou semellante á neve), e refírese á súa forma e cor.



Trichogypsia villosa Carter, 1871

Esponxa calcárea incrustante que forma láminas de formas redondeadas, dun máximo de 3 mm de grosor por uns poucos centímetros de diámetro. A súa superficie é lisa, aínda que finamente hispida, e presenta un ou uns poucos ósculos de apenas uns 3 mm de diámetro dispersos pola súa superficie. A cor da esponxa pode ir de branca a gris esbrancuxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 220 metros de profundidade, sobre fondos rochosos, en zonas de pouca luminosidade, baixo pedras, en covas ou gretas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata a Bretaña francesa. O exemplar fotografado amplía a súa distribución cara ao sur, sendo a primeira cita para augas da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leuconia nivea, é de maior tamaño e desenvólvese en forma de masas lobuladas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *villosa*, é un epíteto latino que significa “viloso”, e refírese á aparencia da súa superficie.



Paraleucilla magna Klautau, Monteiro & Borojevic, 2004

Esponxa calcárea que pode chegar a alcanzar un tamaño de ata 40 cm. A súa morfoloxía é complexa e altamente variable, podendo ser tubular ou masiva, con numerosas pregaduras e dixitacións máis ou menos grosas, que poden fusionarse parcialmente ou totalmente. A súa superficie irregular é ópticamente lisa, aínda que ao tacto é lixeiramente áspera, a pesar de non ser hispida, e a súa textura é fráxil, rompéndose con certa facilidade. Os ósculos, que se sitúan de forma apical sobre os tubos ou sobre a cima das pregaduras, presentan finos bordos lixeiramente elevados sen colar espicular. Cor entre branca e crema.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1 ata os 20 metros de profundidade, sobre distintos substratos tanto naturais como artificiais, sobre zonas rochosas ou en bateas sobre cordas de cultivo de *Mytilus galloprovincialis*. É unha especie oportunista que crece en variedade de ambientes, tanto en zonas expostas á luz e á ondada como en ambientes tranquilos e con certa turbidez. É unha especie anual que presenta os exemplares de maior tamaño a finais de verán, desaparece ao longo do outono e comezan a aparecer pequenos exemplares ao longo do inverno. Presenta asociados multitude de anfípodos e decápodos, especialmente *Psidia longicornis*, así como poliquetos e nemertinos en menor medida, formando pequenos ecosistemas.

DISTRIBUCIÓN:

Descrita de augas do suroeste atlántico (costas de Brasil), desde o 2008 tense constancia da súa existencia no Mediterráneo e tamén na illa de Madeira. O animal fotografado representa a primeira cita para as costas atlánticas de Europa.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leuconia nivea, é de menor tamaño e, aínda que tamén pode ser masiva e con pregaduras, o seu aspecto é moito máis consistente e grosso, e forma placas incrustantes.

Grantia compressa, é de menor tamaño, fíxase ao substrato por un curto talo, a súa superficie é lisa e adoita presentar un só ósculo. Nos casos de exemplares lobulados un só ósculo por lóbulo.

Leucandra gossei, é de menor tamaño, non presenta dixitacións tan grandes e ten preferencia por áreas con auga limpa e osixenada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *magna*, deriva do epíteto latino “magnus” (moi grande), e refírese ao gran tamaño que pode alcanzar.

En augas europeas está considerada unha especie invasora, pola súa rápida expansión. Crese que amplía a súa distribución por medio do tráfico marítimo, en cascos de embarcacións, tanto profesionais como deportivas, e por importacións de moluscos para o seu cultivo ou depuración.

Amphiute paulini Hanitsch, 1894

Esponxa tubular que pode desenvolverse como un único tubo solitario ou como un grupo de tubos non ramificados que xorden dun estolón común que forma a súa base. A lonxitude dos tubos é de ata 5 cm. A súa superficie é lixeiramente pilosa, como consecuencia da proxección de espículas, pero o seu tacto é suave e a súa consistencia fráxil. No ápice de cada tubo sitúase un ósculo rodeado dunha curta marxe. Cor branca sucia ou beixe.

HÁBITAT E BIOLOGÍA:

Dos 10 ata os 50 metros de profundidade, crescendo sobre paredes rochosas verticais ou sobre outros substratos fixos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a costa do suroeste de Francia ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leuconia jonhstoni, non presenta nunca formas tubulares independentes, desenvólvese de forma masivo tubular e a súa superficie é áspera.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *paulini*, foi posto en honra ao zoólogo e naturalista portuxés Manuel Paulino de Oliveira (1837-1899), quen foi catedrático da Universidade de Coímbra e director do Museo de Ciencias Naturais.



Grantia capillosa (Schmidt, 1862)

Esponxa tubular, hispida, non pedunculada, que pode alcanzar 15 cm de lonxitude por uns 2 cm de diámetro. Fíxase ao substrato pola súa banda basal, a zona de maior diámetro, e presenta un único ósculo no seu ápice, o cal pode ter o bordo liso ou cun curto floco de espículas. A súa superficie é fortemente pilosa como consecuencia da proxección cara ao exterior das súas espículas, e a súa consistencia é fráxil. É de cor branca, branca sucia, amarelada ou agrisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 40 metros de profundidade, sobre substrato rochoso ao que se fixa pola súa base, podendo atoparse de forma solitaria ou en grupos duns poucos individuos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o oeste de Irlanda ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leucandra sulcata, alcanza un menor tamaño, a súa sección é lixeiramente esmagada, o seu ósculo apical non é de forma redonda e a súa superficie está profundamente engurrada lonxitudinalmente.

Vosmaeropsis hispánica, é de forma máis ou menos cilíndrica, a súa superficie externa, aínda que desigual, é lisa e a súa parede corporal é moi grossa ao poder alcanzar os 6 milímetros de grosor.

Sycon ciliatum, é tamén de cor abrancazada e tubular, con todo, é máis pequena e ao redor do seu único ósculo terminal presenta sempre unha coroa de longas espículas.

Sycon quadrangulatum, é de forma máis ou menos cilíndrica e presenta unha superficie lisa ou lixeiramente rugosa, nunca pilosa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *capillosa*, deriva do epíteto latino “capillum” (pelo) e significa “peluda”, e refírese ao aspecto da súa superficie.



Grantia compressa (Fabricius, 1780)

Esta esponxa pode alcanzar os 5 cm de lonxitude, xeralmente branca con tendencia á cor crema, aínda que se poden atopar ocasionalmente de cor marrón, normalmente de forma tubular aplanada cun ósculo terminal de bordo liso, aínda que pode presentarse tamén con forma lobulada, neste caso con varios ósculos terminais (un por lóbulo). Fíxase ao substrato por un talo moi curto e a súa superficie é lisa e limpa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 3 metros ata os 280 metros de profundidade, en lugares sombreados, fixa a saíntes rochosos ou en fendas, aínda que tamén se pode atopar fixa a estípites de laminarias ou a outras algas. É unha especie anual que espera a finalizar o inverno para soltar as larvas e morrer na primavera. Tamén se pode reproducir de forma asexual mediante xémulas da esponxa nai.

DISTRIBUCIÓN:

Toda a costa europea, rara no Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Sycon ciliatum, é tamén de cor abrancazada e tubular, con todo *S. ciliatum* é peluda, tubular e non aplanada, e ao redor do seu único ósculo terminal presenta unha coroa de espículas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *compressa*, é un epíteto latino que significa “comprimida”, “apertada”, e refírese á súa forma aplanada.



Leucandra aspera (Schmidt, 1862)

Pequena esponxa calcaria de forma globular que pode chegar a alcanzar 5 mm de alto. A súa superficie é áspera, moi hispida, e a súa consistencia é sólida e quebradiza. Ten un só ósculo situado na parte superior central da esponxa, o cal pode estar ou non rodeado dun collar de espículas. Cor branca sucia.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 30 metros de profundidade, sobre fondos rochosos, entre algas ou en gretas de rochas.

DISTRIBUCIÓN:

Do suroeste de Irlanda ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode ser confundida con esponxas do xénero *Sycon*, aínda que o seu diminuto tamaño e a súa forma globular, nunca cilíndrica, poden ser caracteres diferenciadores.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *aspera*, deriva do epíteto latino “asper” (áspera, espiñenta), e refírese ao seu aspecto superficial.



Leucandra balearica (Lackschewitz, 1886)

Esponxa calcaria solitaria, de xeometría ovoide, cilíndrica ou comprimida, de ata 5 cm de lonxitude por 1-3 cm de diámetro máximo, e cun único ósculo espido no seu extremo apical. Outros exemplares poden presentar unha forma máis ou menos irregular, ás veces semi-masiva e salpicada por varios ósculos ao longo da súa superficie. Os ósculos, de 2 a 6 milímetros de diámetro, presentan unha área perioscular máis delgada que o resto do corpo da esponxa, a modo de floco brando e flexible. Presenta un tacto áspero e a súa consistencia é firme e ríxida. A súa cor é branca, branca sucia ou crema.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 15 metros de profundidade, sobre fondos rochosos, en paredes verticais de zonas cun forte hidrodinamismo e tamén en cordas de cultivo de bateas mexilloeiras.

DISTRIBUCIÓN:

Do norte da Península Ibérica ata o Mediterráneo ibérico e as illas Baleares.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leucandra sulcata, alcanza unha maior lonxitude e a súa superficie externa está profundamente engurrada lonxitudinalmente. Algúns estudos (Solorzano, 1990) considéranla unha sinonimia de *L. balearica*.

Sycon ciliatum, a súa superficie externa é fortemente pilosa e o seu ósculo apical está rodeado dunha orla de espículas.

Sycon elegans, a súa superficie externa presenta un típico debuxo poligonal en forma de “panel de abella” e o seu ósculo apical está orlado por espículas.

Sycon quadrangulatum, é de maior tamaño, o seu ósculo apical, que pode presentar o bordo liso ou cun minúsculo colar piloso, é dun diámetro non moito menor ao interno da esponxa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *balearica*, era o nome dunha provincia romana que correspondía ás actuais Illas Baleares, e refírese á procedencia dos exemplares usados para a súa descrición, o porto de Mahón.



Leucandra gossei (Bowerbank, 1862)

Esponxa calcárea que pode desenvolverse en forma masiva, lobulada ou incrustante, alcanzando ata os 15 cm de lonxitude. Superficie de perfil irregular e opticamente lisa, aínda que ao tacto é áspera, a pesar de non ser hispida. Os ósculos atópanse sobre a cima dos lóbulos, rodeados de bordos lixeiramente elevados sen colar espicular, podendo converterse en subfistulosos. A súa consistencia, a pesar de ser dura e firme, é fráxil, e rompe se se dobra. Cor entre branca, branca sucia ou beixe.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 50 metros de profundidade, sobre distintos substratos, como rochas, en bateas sobre cordas de cultivo de *Mytilus galloprovincialis* e mesmo sobre cunchas en fondos areosos, en zonas de correntes moderadas e augas limpas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata as costas de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leuconia nivea, que tamén pode ser masiva, pero o seu aspecto é moito máis consistente e groso que esta última.

Grantia compressa, é de menor tamaño, fíxase ao substrato por un curto talo, a súa superficie é lisa e só presenta un ósculo, no caso de exemplares lobulados un só ósculo por lóbulo.

Paraleucilla magna, pode chegar a alcanzar tamaños moito maiores e presenta formas masivas con dixitacións.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gossei*, foi posto en honra ao naturalista inglés Philip Henry Gosse (1810-1888), quen popularizou as ciencias naturais, virtual inventor do acuario mariño e meticuloso innovador no estudo da bioloxía mariña.



Leucandra pumila (Bowerbank, 1866)

Diminuta esponxa de forma tubular, que pode chegar a alcanzar 2 cm de altura por uns 5 mm de diámetro máximo. Ten forma de tubo longamente ovalado sobre un curto pedúnculo, coa superficie ópticamente lisa, lixeiramente alodonosa, pero non hispida. A súa consistencia é firme, aínda que é fráxil. No seu extremo apical presenta un só ósculo espido (non presenta coroa de espículas na súa marxe). Cor branca sucia ou branca cremosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal, baixo pedras, ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos duros rochosos.

DISTRIBUCIÓN:

Da canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Ute glabra, é de forma cilíndrica, de aparencia fráxil, a súa superficie exterior está estriada lonxitudinalmente e é de cor branca opaca brillante.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pumila*, provén da palabra latina “pumilus” que significa anano, pequeno, e refírese así ao tamaño desta especie.



Leucandra sulcata Ferrer-Hernández, 1918

Esponxa calcárea de forma cilíndrica a piriforme, fixada ao substrato pola súa base e que pode chegar a alcanzar 10'5 cm de lonxitude por 3'5 cm de diámetro. A súa sección é un pouco esmagada e alcanza o seu maior diámetro preto do ósculo ou preto da súa base. A súa superficie externa, que é un pouco áspera e hispida, presenta profundos sucos lonxitudinais que se dispoñen de forma irregular. Só presenta un ósculo, disposto apicalmente, en forma de estreita fenda de ata 2 cm na súa zona de máxima extensión e cuxos contornos poden ser moi irregulares e sinuosos; as paredes da esponxa adelgázanse notablemente nos bordos do ósculo. O esponxocelo ou atrio desta esponxa é de grandes dimensións, ao estenderse ata case a súa base, e a súa sección non é circular como consecuencia do esmagamento da esponxa. Cor branca sucia a amarela abrancazada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 30 metros de profundidade, sobre distintos substratos como rochas, en bateas, en cordas de cultivo e mesmo sobre pecios, en zonas de correntes moderadas e augas limpas.

DISTRIBUCIÓN:

Costa atlántica da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Grantia capillosa, alcanza unha maior lonxitude, de forma sacciforme e coa superficie externa fortemente pilosa.

Leucandra balearica, é de menor lonxitude, de forma cilíndrica, o seu ósculo apical estréitase claramente por unha área perioscular e a súa superficie externa é ópticamente lisa.

Vosmaeropsis hispanica, pode alcanzar unha maior lonxitude, a súa superficie externa, aínda que desigual, é aparentemente lisa e a súa parede corporal é grosa, alcanzando os 6 mm de grosor.

Sycon ciliatum, é de menor tamaño, a súa superficie externa é fortemente pilosa e o seu ósculo apical presenta unha orla de espículas.

Sycon elegans, é de menor tamaño, a súa superficie externa presenta un característico debuxo poligonal en forma de “panel de abella” e o seu ósculo apical presenta unha curta orla espicular.

Sycon quadrangulatum, de tamaño similar, a súa forma é tubular, a súa superficie é ópticamente lisa e o seu ósculo apical, de forma redondeada, pode presentar o bordo liso ou cun minúsculo colar piloso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *sulcata*, deriva do epíteto latino “sulcus” (suco, engurra) e significa “sucada”, “engurrada”, e refírese á aparencia externa desta especie.

Ute glabra Schmidt, 1864

Pequena esponxa de forma tubular, que pode chegar a alcanzar 2 cm de altura por uns 3 mm de diámetro máximo. Ten forma de tubo cilíndrico solitario coa superficie lisa e brillante e de consistencia fráxil. No seu extremo apical presenta un só ósculo espido (non presenta coroa de espículas na súa marxe). A primeira ollada, as paredes laterais da esponxa aprécianse estriadas lonxitudinalmente como consecuencia da presenza de espículas lonxitudinais de entre 1 e 3 mm de lonxitude. Cor branca opaca brillante.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 20 ata os 70 metros de profundidade, sobre fondos rochosos ou pedras con sedimentación ou próximas a fondos sedimentarios, en paredes verticais ou con grande inclinación.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata o oeste do Mediterráneo, incluíndo Canarias e Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leucandra pumila, pode presentar un curto talo, a súa forma é ovalo-alongada e a súa superficie exterior é de cor branca sucia mate.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *glabra*, provén da palabra latina “glaber”, que significa sen pelo, e refírese así á superficie lisa desta esponxa.



***Vosmaeropsis hispanica* Ferrer-Hernández, 1933**

Esponxa de forma sacciforme, que pode chegar a alcanzar 15 cm de lonxitude por 3 cm de diámetro. Fíxase ao substrato pola súa banda basal, presentando no seu ápice un amplo e irregular ósculo de bordo liso. A súa superficie externa é fortemente hispida, lisa ou lixeiramente rugosa; a súa superficie interna presenta poros alongados que desembocan na cavidade atrial. A súa consistencia é firme. O grosor da parede corporal varía enormemente, desde 0'2 milímetros a 6 milímetros. Cor crema apardazada con tonalidades violáceas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 50 metros de profundidade sobre substratos duros como rochas ou pecios, e mesmo sobre estípites de algas e gorgonias ou entre mexillóns, sempre en zonas de correntes de marea moderadas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a Bretaña francesa ata o sur de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Grantia capillosa, ten forma de saco, co maior diámetro na súa base e presenta unha distintiva superficie extremadamente pilosa.

Leucandra sulcata, alcanza un menor tamaño, a súa superficie externa está profundamente engurrada lonxitudinalmente e a súa sección corporal é lixeiramente esmagada.

Sycon quadrangulatum, alcanza un menor tamaño, de forma tubular e superficie lisa e hispida, o seu ósculo apical pode presentar un minúsculo colar piloso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hispanica*, é un xentilicio latino que deriva de "Hispania" que era como os fenicios denominaban a Península Ibérica, e significa "de Iberia", "procedente de Iberia", e refírese á procedencia dos exemplares usados para a súa descrición.



Leucosolenia botryoides (Ellis & Solander, 1786)

Esponxa que desenvolve densos grupos musgosos, duns 30-50 mm de diámetro, formados por unha rede incrustante de canles fixas ao substrato dos que sobresaen pequenos tubos de finas paredes, de ata 10 mm de altura, cun ósculo terminal e moi pouco ramificados. Cor abranzazada ou branca-ocre e de consistencia delicada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 90 metros de profundidade, sobre rochas, outros animais sésiles como briozoos e mesmo sobre algas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leucosolenia complicata, está formada por tubos ramificados en toda a súa lonxitude.

Leucosolenia somesi, é a especie do xénero que maior tamaño alcanza, con tubos osculares que poden chegar aos 8 milímetros de diámetro e que aumentan a súa ramificación cara á periferia.

Leucosolenia variabilis, é de menor tamaño e xorde en forma de feixes de tubos ramificados unicamente na súa base.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *botryoides*, é un termo composto por dúas palabras gregas, “botryos” (acio) e “oides” (similar a), que significa “similar a un acio”, e refírese á forma que desenvolve a esponxa.



Leucosolenia complicata (Montagu, 1814)

Pequena esponxa formada por unha rede basal de tubos de delgadas paredes que se incrustan no substrato reptando e vanse anastomosando entre eles, dos que xorden tubos osculares, longos, libres e erectos, que están provistos de divertículos laterais. Pode presentar dúas formas de crecemento, arbustiva ou arborescente. A súa superficie é lisa e suavemente hispida, cunha consistencia delicada e moi fráxil. Os ósculos, que se atopan no ápice dos tubos erectos, presentan un curto bordo oscular cun diámetro un pouco menor que o do tubo. Cor abrancazada, entre branca sucia e branca agrisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior da baixamar ata os 90 metros de profundidade, en fondos rochosos, en zonas verticais ou baixo saíntes rochosos, onde forma masas que co paso do tempo, a medida que se desenvolve, terminan colgando como acios. Tamén a observamos crescendo sobre algas e sobre outros animais como se pode ver na fotografía, sobre o bivalvo *Aequipecten opercularis*. Segundo algúns autores, as formas arborescentes serían de augas limpas e claras, mentres que as formas arbustivas serían típicas de estuarios lamosos.

DISTRIBUCIÓN:

Do Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leucosolenia botryoides desenvólvese máis tipo bóla con todos os tubos finalizando en ósculos.

Leucosolenia somesi, é a especie do xénero que maior tamaño alcanza, con tubos osculares que poden chegar aos 8 milímetros de diámetro, aumentando a súa ramificación cara á periferia.

Leucosolenia variabilis, é a que máis se lle parece, pero esta especie non se volve arborescente e non se ramifica tanto.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *complicata*, é un epíteto latino que significa “complicado”, e refírese ao seu hábitat.



Leucosolenia somesi (Bowerbank, 1874)

É a esponxa deste xénero que maior tamaño alcanza, podendo exceder os 12 cm. Está formada por unha masa de tubos anastomosados de dous tipos: os tubos osculares, que dispoñen no seu ápice dun ósculo e que chegan a medir ata 8 mm de diámetro, e tubos cegos dun diámetro de 1 milímetro ou menos. Os tubos incrementan a súa ramificación cara á periferia do corpo da esponxa, ramificándose en ángulos rectos ou agudos, pero con pouca ou ningunha ramificación secundaria. A súa consistencia é fráxil e a súa cor branca sucia.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre estruturas artificiais en lugares de augas protexidas. O espécime fotografado estaba na parte inferior dos flotadores do pantalán do porto deportivo de Ribeira.

DISTRIBUCIÓN:

Citada en Inglaterra, en Holanda e Alemaña, esta é a cita máis ao sur da especie.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leucosolenia botryoides, alcanza un menor tamaño, presenta un crecemento máis masivo con formas de bólas das que sobresaen os pequenos tubos osculares.

Leucosolenia complicata, alcanza un menor tamaño, é unha especie que se desenvolve de forma arbustiva ou arborescente.

Leucosolenia variabilis, alcanza un menor tamaño, os seus tubos osculares, raramente pasan dos dous centímetros de lonxitude.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *somesi*, púxoselle en honra a Mr. Somes quen colleitou os exemplares para a súa descrición. Esta esponxa foi considerada como sinónimo de *Leucosolenia variabilis* por Minchini en 1905 baseándose nos caracteres das espículas e ignorando o seu extraordinario tamaño e forma, ata 2007 no que Van Soest realiza unha revisión da especie e a volve considerar como especie independente.



Leucosolenia variabilis (Haeckel, 1870)

Esta esponxa é moi fácil de identificar pola súa típica forma composta dunha rede de finos tubos dos que sobresaen proxeccións cilíndricas erectas de ata 2 cm de altura. No extremo superior de cada unha desas proxeccións presenta un ósculo, o que lle confire o aspecto de tubos. As partes finais das proxeccións non están ramificadas, estándoo exclusivamente na súa base. A súa cor é branca, amarela ou agrisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas pouco profundas ricas en sedimentos, sobre cunchas, ascidias, en zonas horizontais das rochas. Pode aparecer en fondos lamosos case totalmente enterrada, neste caso os tubos osculares son máis longos ao ter que sobresaír sobre o sedimento.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leucosolenia botryoides, presenta un crecemento máis masivo en forma de bólas das que sobresaen os pequenos tubos osculares.

Leucosolenia complicata, é unha especie que se desenvolve de forma arbustiva ou arborescente e as proxeccións cilíndricas que forma están ramificadas en toda a súa lonxitude.

Leucosolenia somesi, é a especie do xénero que maior tamaño alcanza, con tubos osculares que poden chegar aos 8 milímetros de diámetro, aumentando a súa ramificación cara á periferia.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *variabilis*, é un epíteto latino que significa “variable”, e refírese á ampla variedade de formas que pode desenvolver.



Sycon ciliatum (Fabricius, 1780)

Esponxa solitaria, ou en grupos de individuos totalmente independentes, que chega a alcanzar unha altura de 5 cm por 8 mm de diámetro máximo. A súa forma é tubular, en forma de vaso ao presentar a zona de maior diámetro próxima á súa base. Adoita crecer adherida ao substrato polo seu extremo basal e posúe un só ósculo apical rodeado dun rixido colar cunha orla de espículas. A superficie exterior da esponxa é peluda e de cor variable, de branca sucia a amarela pálida, aínda que nas nosas augas a cor máis común é a branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a parte inferior do intermareal ata os 100 metros de profundidade, sobre rochas, cunchas e mesmo sobre estípites de algas. É unha especie anual.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Leucandra balearica, é de forma cilíndrica, a súa superficie externa é opticamente lisa e o seu ósculo apical estréitase de forma evidente a nivel da área perioscular.

Sycon elegans, é de menor tamaño e a súa superficie exterior presenta un característico debuxo poligonal en forma de “panel de abella”.

Sycon quadrangulatum, é de maior tamaño, de forma tubular, o ósculo apical é liso ou cun lixeiro colar espiculoso e a súa superficie exterior, lisa a lixeiramente rugosa, é sutilmente hispida.

Sycon raphanus, é de menor tamaño, de forma tubular esferoidal, fíxase ao substrato por un curto pedúnculo, o seu ósculo apical está rodeado por un colar de longas espículas e a súa superficie é moi pilosa.

Sycon scaldiense, é fortemente pilosa, con longas espículas que sobresaen da súa superficie, e o ósculo apical presenta longas espículas rodeándoo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ciliatum*, é un epíteto latino que significa “con cilios”, “dotado de células”, e refírese ao colar espicular que rodea o seu ósculo.



***Sycon elegans* (Bowerbank, 1845)**

Esponxa tubular de consistencia quebradiza e de ata 2 cm de alto por 5 mm de diámetro. A súa superficie presenta un distintivo debuxo poligonal en forma de “panel de abella”. Fíxase ao substrato pola súa base e presenta un ósculo no ápice rodeado dun curto collar de espículas. Cor amarela escura a gris abrancazada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 25 metros de profundidade entre algas e fanerógamas, tamén sobre fondos duros secundarios ou bióxenos (construídos polos propios animais e os seus restos).

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo, tamén nas illas Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Sycon ciliatum, alcanza un maior tamaño e a súa superficie externa é pilosa.

Sycon quadrangulatum, é de maior tamaño, de forma tubular, o ósculo apical é liso ou cun lixeiro collar espiculoso e a súa superficie exterior, lisa a debilmente rugosa, é lixeiramente hispida.

Sycon raphanus, é de forma tubular esferoidal, fíxase ao substrato por un curto pedúnculo, o seu ósculo apical está rodeado por un collar de longas espículas e a súa superficie é moi pilosa.

Sycon scaldiense, é de maior tamaño, fortemente pilosa, con longas espículas que sobresaen da súa superficie, e longas espículas rodeando o ósculo apical.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *elegans*, é un epíteto latino que significa “elegante”, e refírese á aparencia da superficie externa desta esponxa.



Sycon quadrangulatum (Schmidt, 1868)

Esponxa tubular, cilíndrica, que pode chegar a alcanzar 10 cm de lonxitude. No seu ápice sitúase un ósculo, que pode ser liso ou estar rodeado por un minúsculo colar de pelos, e que presenta sempre un diámetro lixeiramente menor que a parte adxacente da esponxa; algúns exemplares poden presentar dous ósculos no seu ápice. A súa superficie, lisa ou lixeiramente rugosa, é hispida como consecuencia dos feixes de espículas que sobresaen sobre ela. A súa consistencia é firme. Cor entre branca sucia a marrón clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 30 metros de profundidade sobre substratos duros como rochas ou pecios, e mesmo sobre estípites de algas e gorgonias ou entre mexillóns. É unha especie anual, que libera as larvas na primavera e se murcha inmediatamente despois.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o suroeste de Irlanda ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Grantia capillosa, alcanza un maior tamaño, o seu corpo en forma de saco presenta o seu máximo diámetro na súa base e a súa superficie é fortemente pilosa.

Leucandra balearica, o ósculo presenta un marcado estreitamento na súa área perioscular.

Leucandra sulcata, a súa superficie externa está profundamente engurrada lonxitudinalmente e a súa sección corporal é lixeiramente esmagada.

Sycon ciliatum, é de menor tamaño, presenta forma de vaso, superficie externa pilosa e o ósculo apical está rodeado por un evidente colar espicular.

Sycon elegans, é de menor tamaño e a súa superficie exterior presenta un característico debuxo poligonal en forma de “panel de abella”.

Sycon raphanus, é de menor tamaño, de forma tubular esferoidal, fíxase ao substrato por un curto pedúnculo, o seu ósculo apical está rodeado por un colar de longas espículas e a súa superficie é moi pilosa.

Sycon scaldiense, é de menor tamaño, a súa superficie é fortemente pilosa, con longas espículas que sobresaen da súa superficie, e o ósculo apical presenta longas espículas rodeándoo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *quadrangulatum*, fai referencia ás cámaras de coanocitos de catro lados que presenta esta esponxa.



Sycon raphanus Schmidt, 1862

Esponxa pequena e esvelta de forma tubular esferoidal, que pode chegar a alcanzar 4 cm de altura. Fíxase ao substrato directamente pola súa base ou por un curto pedúnculo, presentando sempre no extremo oposto un ósculo, que está rodeado dunha coroa de finas e longas espículas calcarias. A superficie exterior está recuberta de numerosas papilas, que poden estar recubertas de limo. Cor branca sucia a amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da zona sublitoral ata os 500 metros de profundidade. É unha especie anual que crece sobre rochas, cunchas e mesmo sobre estípites de algas ou outros animais. Pode crecer de forma illada ou formando pequenas colonias, con preferencia por zonas pouco expostas á luz solar como pequenas grutas ou baixo pedras.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o Cantábrico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Sycon ciliatum, é lixeiramente de maior tamaño, en forma de vaso e o colar espicular que rodea o seu ósculo apical é de menor tamaño.


Sycon elegans, exteriormente presenta un característico debuxo poligonal en forma de “panel de abella”.

Sycon quadrangulatum, é de maior tamaño, de forma tubular, o ósculo apical é liso ou cun lixeiro colar espiculoso e a súa superficie exterior, lisa a lixeiramente rugosa, é levemente hispida.

Sycon scaldiense, é de tamaño algo maior, a súa superficie é fortemente pilosa, con longas espículas que sobresaen da súa superficie, e o ósculo apical presenta longas espículas de forma desigual rodeándoo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *raphanus*, é un epíteto latino co que se denominaba á planta do ravo, e refírese posiblemente ao parecido que a forma desta esponxa presenta coa raíz comestible (ravo) desta planta.



Sycon scaldiense (Van Koolwijk, 1982)

Esponxa tubular, ergueita e cilíndrica, que pode chegar a alcanzar 5 cm de alto. A súa superficie é fortemente peluda ao sobresaír longas espículas pola súa superficie exterior. Ten un único ósculo, situado no seu ápice e rodeado dunha forte orla de espículas. A súa consistencia é fráxil e compresible. Cor esbrancuxada, branca agrisada ou branca acastañada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 20 metros de profundidade, sobre rochas, pedras ou mesmo sobre construcións artificiais, mesturada con algas, ascidias ou outros organismos sésiles.

DISTRIBUCIÓN:

Está citada no suroeste dos Países Baixos. Crese que é nativa do hemisferio sur e que foi importada xunto con crías de ostras. Polo que se ve, con esta foto, vai introducíndose na costa atlántica europea.

ESPECIES SEMELLANTES:

Sycon ciliatum, en forma de vaso, coa superficie externa pilosa e cun colar espicular que rodea o ósculo apical, de menor diámetro que o corpo.

Sycon elegans, é de menor tamaño e a súa superficie exterior presenta un característico debuxo poligonal en forma de “panel de abella”.

Sycon quadrangulatum, é de maior tamaño, de forma tubular, o ósculo apical é liso ou cun lixeiro colar espiculoso e a súa superficie exterior, lisa a sutilmente rugosa, é levemente hispida.

Sycon raphanus, presenta un tamaño algo menor, de forma tubular esferoidal, fíxase ao substrato por un curto pedúnculo, o seu ósculo apical está rodeado por un colar de longas espículas de tamaño uniforme e a súa superficie é moi pilosa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *scaldiense*, deriva do xentilicio latino “scaldiensis” (que significa “de Schelde”, localidade ribeirega holandesa), e refírese ao lugar onde se colleitaron os exemplares para a súa descrición.



Borojevia cerebrum (Haeckel, 1872)

Esponxa calcárea formada por unha rede de pequenos tubos que pode alcanzar un tamaño de ata 10 cm, por 1 cm de alto. Os finos tubos que conforman a esponxa están tan intricadamente entretecidos e presentan tal grao de anastomose que non se aprecian, dando á súa superficie unha aparencia sólida e perforada por diminutos buracos. A súa superficie está profundamente dobrada en pregaduras, na cima das cales se dispoñen un ou dous ósculos de forma redondeada e elevados por un pequeno bordo transparente. Cor da esponxa branca, amarela ou avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 30 metros de profundidade, sobre fondos rochosos ou pedras, con preferencia por teitos de pequenas grutas ou paredes verticais.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o canal da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Clathrina cancellata, é de tamaño moito menor e claramente pedunculada.

Clathrina coriacea, os tubos que forman esta esponxa son de maior diámetro e vense perfectamente, ademais a súa superficie non presenta esas continuas e pequenas pregaduras.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cerebrum*, é un epíteto latino que significa “cerebro”, e refírese á aparencia que lle dan a esponxa estas pregaduras.



Clathrina blanca (Miklucho-Maclay, 1868)

Espónxa calcárica con morfoloxía clatroides, con forma de abano, comprimida lateralmente, podendo incluso ser lobulada ou foliácea, sobre un fino talo, que pode chegar a alcanzar unha altura máxima de 3 cm. Está composta por unha rede de tubos de delgadas paredes, de 0,2 a 1 mm de diámetro e regularmente anastomosados. Pode presentar un ou varios ósculos, que se dispoñen de forma terminal ou periférica, de ata 2 mm de diámetro, e onde conflúen os tubos que compoñen a esponxa. O talo, fino e longo, pode estar formado por un tubo ou ser sólido cun esqueleto especial (en raros casos pódense atopar exemplares con 2 ou 3 pedúnculos). A textura da esponxa é branda e lixeiramente compresible e a súa consistencia é fráxil. Cor branca opaca a branca translúcida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 metros ata máis de 800 metros de profundidade, normalmente sobre paredes verticais rochosas ou substratos estables, en zonas abrigadas de augas ben oxixenadas. A pesar de ser facilmente recoñecible pola súa característica forma, acostuma pasar totalmente desapercibida polo seu tamaño.

DISTRIBUCIÓN:


Desde o océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Clathrina lacunosa, é tamén de cor esbrancuxada e pedunculada, aínda que os tubos que a conforman presentan un maior diámetro, anastomósanse en menor medida e adoita ter un só ósculo apical.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *blanca*, é en clara referencia á súa cor.



Clathrina clathrus (Schmidt, 1864)

Esponxa incrustante que forma almofadas que poden chegar a alcanzar 10 cm de diámetro. Está formada por masas de finos tubos entrelazados e anastomosados, os cales son brandos ao tacto como consecuencia de que a súa parte calcaria presenta espículas de forma case cilíndrica. Sobre a súa superficie pódense observar múltiples pequenos tubos que son cegos na súa parte final. Os ósculos están dispostos nos extremos dos tubos de maior tamaño. Cor amarela limón ou amarela esbrancuxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña inferior da baixamar ata os 20 metros de profundidade, fixa a rochas ou cunchas en zonas sombrías de ambientes tranquilos, en augas pouco profundas aparece normalmente baixo saíntes ou grutas.

DISTRIBUCIÓN:

Do norte das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Clathrina coriacea, os tubos que conforman esta esponxa son de menor diámetro, máis duros ao tacto, presenta numerosos ósculos, un por cada tubo ascendente, e aínda que presenta un abanico de cores, nunca a amarela limón de *C. clathrus*.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *clathrus*, é un epíteto latino que significa “enreixado”, “en celas”, “con reixas”, e refírese á aparencia da súa superficie.



Clathrina coriacea (Montagu, 1814)

Espónxa que, dependendo da zona onde se asente, pode formar finas capas incrustantes de ata 15 cm por uns poucos milímetros de grosor, baixo pedras ou en paredes lisas, ou colgallos de ata 10 cm de tamaño por 1-3 cm de grosor, cando se dispón baixo saíntes. Está formada por unha rede de tubos, de paredes finas e cun diámetro de 0'5-1 mm, os cales están ramificados, anastomosados e interconectados formando unha masa irregular. Os ósculos, que son pequenos e poucos, dispóñense de forma irregular sobre unha unión de varios tubos que se eleva lixeiramente sobre a superficie da esponxa. A súa cor xeralmente é branca, aínda que tamén pode ser agrisada, rosa pálida, laranxa ou amarela sulfurosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1 ata 20 metros de profundidade, en zonas rochosas sombrías. Sobre rochas ou cunchas en zonas escuras, se é en augas pouco profundas normalmente baixo saíntes ou baixo pedras. Aliméntase, como todas as esponxas, do plancto contido na auga que filtra. Observáronse xémulas reprodutivas nos meses de agosto e setembro. A miúdo está asociada á ascidia *Dendrodoa grossularia*.

DISTRIBUCIÓN:

Do norte de Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Clathrina clathrus, é de menor tamaño e branda ao tacto, os tubos que conforman a esponxa son de maior tamaño e apenas presenta ósculos ao ser case todos os tubos ascendentes cegos. É de cor amarela.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *coriacea*, deriva da palabra latina “coriaceus” que significa correúdo, e refírese á súa consistencia.



Clathrina lacunosa (Johnston, 1842)

Pequena esponxa calcaria de forma globular, ás veces lixeiramente aplanada, disposta sobre un fino talo, que pode chegar a alcanzar unha altura máxima de 3 cm, aínda que normalmente o seu tamaño varía de 1 a 2 cm. Está composta por unha rede de tubos anastomosados de delgadas paredes lisas, que conflúen no ápice da esponxa, onde se sitúa o único ósculo de pequeno tamaño, aproximadamente duns 3-5 mm de diámetro. A súa cor é branca translúcida, case transparente, e a do pedúnculo é branca leitosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata máis de 200 metros de profundidade, en augas tranquilas, normalmente sobre paredes verticais rochosas ou substratos estables bióxenos (gorgonias, ascidias, tubos de poliquetos, etc.), en zonas sombrías ou moderadamente expostas á luz.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Clathrina blanca, os tubos que compoñen a esponxa anastomosanse en maior medida dándolle a aparencia visual de ser máis compacta e ademais presenta un ou varios ósculos.

Clathrina coriacea, é tamén de cor esbrancuxada e está formada por armazóns tubulares, con todo *C. coriacea* non presenta o pedúnculo de fixación, dado que é incrustante.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lacunosa*, é un epíteto latino que significa “carente”, “incompleto”, e refírese aos ocós que presenta entre os tubos que a conforman.



Clathrina rubra Sarà, 1958

Esponxa que forma masas incrustantes que poden alcanzar un tamaño de ata 10 cm de longo por uns 2 cm de alto. Os tubos que conforman a esponxa vanse anastomosando para formar unha rede cun ou varios ósculos terminais que se elevan considerablemente. A súa consistencia é branda e dánase con moita facilidade. Cor laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 20 metros de profundidade, sobre cunchas e baixo pedras, sempre evitando a luz solar directa.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas atlánticas de Francia ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Clathrina coriacea, os tubos que conforman esta esponxa son moito máis finos, anastomópanse de forma máis compacta, e é de cor branca.

Clathrina clathrus, é de cor amarela.

Ascandra contorta, os seus tubos finalizan libres sen converxer nuns poucos ósculos e é de cor branca.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rubra*, é un epíteto latino que significa “vermella”, e refírese á súa cor.



Ascandra contorta (Bowerbank, 1866)

Esponxa calcárea formada por unha rede de tubos brancos que pode alcanzar un grosor de 10 mm recubriendo unha superficie variable do substrato. Os finos tubos, que presentan un diámetro de entre 0'5 a 1 mm, son esmagados, retórcense de forma irregular e fúndense entre eles de forma aleatoria, finalizando de forma vertical en ósculos. A superficie dos tubos é finamente hispida e de consistencia suave e fráxil. Cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 aos 40 metros de profundidade, sobre substratos duros. Ocasionalmente pódese atopar na zona intermareal baixo pedras.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Clathrina clathrus, é de cor amarela e os tubos fúndense nuns poucos ósculos de maior diámetro que os tubos.

Clathrina coriacea, é de maior tamaño e os tubos que conforman a esponxa anastomósanse en maior medida finalizando en ósculos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *contorta*, é un epíteto latino que significa "retorto", e refírese aos tubos que forman a esponxa.



Ascandra falcata Haeckel, 1872

Pequena esponxa erecta ou pedunculada, con forma de pera e de ata 5 centímetros de grosor. Está formada por unha masa de tubos anastomosados, que xorden dunha base incrustada no substrato, e que se unen ata finalizar en pequenos tubos erectos duns 3-4 milímetros de diámetro cun ósculo no seu extremo libre. Cor entre branca sucia e amarela apardazada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Baixo saíntes rochosos ou paredes de rocha verticais en zonas protexidas ou pouco expostas, desde os 4 aos 40 metros de profundidade. Aliméntase como todas as esponxas do plancto contido na auga que filtra.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o oeste das costas de Francia ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse a primeira ollada coas diferentes especies de esponxas do xénero *Clathrina*, aínda que nestas os tubos tenden a unirse nuns grandes ósculos. Esta esponxa está realmente máis próxima ás da familia Leucosolenia coas cales pode chegar a confundirse facilmente, aínda que estas presentan uns finais de tubo máis longos e robustos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *falcata*, era como denominaban os romanos a unha característica espada usada polos íberos, curva, dun só fío e coa empuñadura arquexada para protexer a man, cuxa forma lembra a un dos tipos de espículas desta especie, as diactinas.



4.2 CLASE DEMOSPONGIAE



Axinella alba (Descatoire, 1966)

Pequena esponxa incrustante duns 5 cm de tamaño máximo. Sobre a súa superficie, que está minuciosamente perforada, sobresaen delgadas e afiadas elevacións fistulosas ocasionadas por paquetes de espículas que atravesan e elevan a súa superficie. Os ósculos non son moi aparentes polo seu diminuto diámetro, menos de 2 mm totalmente abertos, e a súa capacidade de rápida contracción. A súa cor é branca hialina.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 25 ata os 35 metros de profundidade, sobre fondo rochoso. O exemplar fotografado atopábase no teito dunha pequena gruta a 35 metros de profundidade. Unha das súas formas de reprodución, como pode apreciarse no exemplar fotografado é por propágulos que van desprendéndose do ápice das elevacións que presenta a súa superficie.


DISTRIBUCIÓN:

Descrita a partir dun único exemplar colleitado na costa oeste de Francia, o exemplar fotografado representa a primeira cita para o litoral atlántico español, aumentando así a súa distribución cara ao sur.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *alba*, é un epíteto latino que significa “branca”, e refírese á súa cor.



Axinella damicornis (Esper, 1794)

Pequena esponxa achaparrada, ergueita e ramificada, cun talo moi curto, que pode chegar a alcanzar 10 cm de alto, aínda que normalmente non excede os 6 cm. As ramas son comprimidas e fúndense moldeando formas engrosadas variables en forma de abanico, de grosor variable e cos bordos lobulados. A súa superficie é aveludada, consecuencia da desigual proxección das súas espículas, e presenta un típico aspecto fariñoso, coma se fose empoada con pequenas partículas amarelas. A súa consistencia é firme e non presenta contracción. Os ósculos, que se sitúan nos ápices das ramas, elévanse por un bordo transparente do que sobresaen, nalgúns exemplares, unha pequena tapa triangular plana de tecido. A súa cor é amarela brillante.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 20 ata os 200 metros de profundidade, sobre substratos rochosos lamosos e pouco iluminados. En moitas ocasións esta esponxa serve de soporte para unha anemone que a coloniza, *Parazoanthus axinellae*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *damicornis*, é unha palabra latina que significa “corno de cervo”, e refírese á súa forma ramosa.



Axinella dissimilis (Bowerbank, 1866)

Espónxa ergueita ramificada que pode chegar a alcanzar unha altura de entre 30 e 50 cm. O diámetro das ramas, que varía como consecuencia de engrosamentos desiguais na súa lonxitude, pode alcanzar os 15 mm, sendo o seu corte transversal de forma amplamente ovalado. As ramas poden volver unirse formando, do mesmo xeito que sucede na base, unha forma plana. Os ósculos, que son pequenos e están colocados regularmente ao longo dos laterais das ramas onde estas varían de grosor, están elevados da superficie da esponxa por un bordo translúcido de altura superior ao seu diámetro; nos ósculos conflúen unhas canles exhalantes en forma de sucos. A superficie da esponxa ten un aspecto aveludado, cunha cor que pode variar entre amarela, amarela alaranxada, ou amarela acastañada. Canto máis nos achegamos aos ápices das ramas maior elasticidade presenta, volvéndose máis ríxida a medida que nos achegamos ao pé.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 15 ata os 100 metros de profundidade, fixada á parte superior de fondos rochosos, en superficies horizontais. Normalmente adoita estar en lugares iluminados, en zonas expostas a correntes moderadas de marea.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Axinella polyoides, as súas ramas son case cilíndricas e de ápices redondeados, a súa superficie é aparentemente lisa e os ósculos dispóñense desordenadamente ao longo de talo e ramas.

Haliclona oculata, as súas ramas son redondas, non presenta un pé tan plano e grosso, os exemplares vellos ramifican desordenadamente en todas direccións e a súa cor varía entre a marrón clara e a beixe.

Raspailia hispida, as súas ramas son máis finas, é menos ramificada, os ósculos non presentan sucos que conflúan neles e a súa hispida superficie fai que afaga estar recuberta por unha capa de limo.

Stelligera stuposa, alcanza un tamaño moito menor, as súas ramas son de sección redondeada e a súa pilosa superficie presenta pelos de desigual lonxitude.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *dissimilis*, epíteto latino que significa “diferente”, “distinto”, fai referencia ao atípico do seu aspecto, respecto a outras especies do xénero.



Axinella egregia sensu Topsent, 1892

Esponxa ergueita que pode chegar a alcanzar unha altura de 7 cm. Presenta un curto talo que finaliza en ramas laminares de 5-9 mm de grosor e que cando se desenvolven presentan contornos irregulares. A súa superficie é hirsuto-conulosa como consecuencia da proxección das espículas sobre a súa superficie. A súa consistencia é firme no talo e elástica no resto da esponxa. Ósculos repartidos sobre ambas as caras, finalizando neles estreitas canles acuíferas superficiais que lle confiren unha forma lixeiramente estrelada. Cor amarela ou amarela-agrisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 130 metros de profundidade, sobre substratos rochosos con area.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas francesas hasta o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Esta *axinella* presenta caracteres diferenciadores doutras especies do mesmo xénero, como o grosor das súas ramas ou a súa superficie conulosa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *egregia*, deriva do epíteto latino “egregius” (distinto), e refírese a que a súa forma e superficie non eran comúns nas especies de *Axinella* coñecidas no momento da súa descrición.



Axinella estacioi Carballo & García-Gómez, 1995

Espónxa ergueita ramificada que pode chegar a alcanzar unha altura duns 8 cm. O talo principal é de sección cilíndrica e as ramas máis ou menos aplanadas. Ramifícanse de forma regular, de maneira alterna ou oposta ao longo do talo principal; as ramas máis pequenas anastomosadas. Todas as ramas se posicionan nun mesmo plano, en forma de abanico con aparencia de gorgonia. O grosor da base do talo pode alcanzar 1'1 cm e as ramas 2-4 mm de diámetro. A súa superficie é uniforme, suave e moi pouco hispida; o ectosoma é transparente, delicado e non removible. Presenta un sistema de acuíferos subectosoma de canles ben desenvolvidas que percorre o talo e as ramas en toda a súa lonxitude. Os ósculos son inapreciables. A textura da raíz é firme e compacta, as ramas son suaves. A espónxa é moi flexible e suave. A súa cor é amarela brillante.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 8 ata os 40 metros de profundidade, posiblemente ata bastante máis profundidade, fixa a fondos rochosos de piso de covas litorais (illa de Tarifa) ou de fondos sedimentarios (ría de Arousa).

DISTRIBUCIÓN:

Descrita orixinalmente da illa de Tarifa, na parte atlántica do estreito de Xibraltar, o animal fotografado foi atopado en augas da ría de Arousa (Galicia).

ESPECIES SEMELLANTES:

Axinella polypoides, as súas ramas son case cilíndricas e de ápices redondeados, a súa superficie é aparentemente lisa e os seus ósculos dispóñense desordenadamente ao longo de talo e ramas.

Haliclona oculata, as súas ramas son redondas, moito máis flexibles, os exemplares vellos ramifican desordenadamente en todas direccións e a súa cor varía entre a marrón clara e a beixe.

Homaxinella subdola, as súas ramas presentan desigual grosor ao longo das mesmas, a súa superficie é máis pilosa e os ósculos son ben visibles.

Raspailia hispida, alcanza un maior tamaño, é menos ramificada e a súa hispida superficie fai que afaga estar recuberta por unha capa de limo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *estacioi*, foille dedicada ao biólogo sevillano Dr. Francisco José Estacio Gil, polos seus moitos anos de dedicación á bioloxía mariña.



Axinella infundibuliformis (Linnaeus, 1759)

Esponxa polimórfica que xeralmente adquire forma de copa ou de abanico, se a copa está incompleta, cun fino e curto talo na súa parte inferior central que a fixa ao substrato, que pode chegar a alcanzar un diámetro de 25 cm. A parede da esponxa ten un grosor regular duns 3-4 mm, e acaba en bordos redondeados e firmes. Os ósculos (poros exhalantes) están distribuídos sempre sobre a parte interna da copa e son máis grandes que os ostíolos (poros inhalantes) que están pola súa banda exterior. A cor, variable, está en función do hábitat onde crece, podendo ser marrón amarelada brillante, branca sucia ou ocre amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 20 ata máis de 600 metros de profundidade, en substratos rochosos sobre a súa parte superior, normalmente en superficies horizontais cunha lixeira capa de sedimento.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phakellia ventilabrum, na súa forma pechada é similar en aparencia, aínda que as súas paredes son máis finas cos bordos da copa máis afiados e desgastados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *infundibuliformis*, provén das palabras latina “funnel” (embude) e “formis” (forma), e refírese á súa forma, “en forma de embude”.



Axinella polypoides Schmidt, 1862

Esponxa arborescente ramificada que pode chegar a alcanzar unha altura de 50 cm. As ramas, de sección ovalada duns 8 mm de diámetro, son erguidas de puntas redondeadas e ramifícanse repetidamente, podendo anastomosarse entre si en distintos planos. A superficie da esponxa é lisa, algo aveludada, e presenta uns ósculos diminutos dispersos polas ramas. A súa consistencia é elástica canto máis nos achegamos aos ápices das ramas, presentando unha maior rixidez canto máis preto do pé. Cor entre amarela e laranxa forte.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Esta esponxa atópase fixa ao fondo rochoso na súa parte superior, en superficies horizontais de zonas moderadamente sombrías a profundidades de entre 15 e 100 metros.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Axinella dissimilis, as súas ramas son aplanadas e espatuladas, variando o seu tamaño ao longo das mesmas.

Haliclona oculata, as súas ramas son redondas, moito máis flexibles, non presenta un pé tan plano, os exemplares vellos ramifican desordenadamente en todas direccións e a súa cor varía de marrón clara a beixe.


Raspailia hispida, alcanza un menor tamaño, as súas ramas son máis finas, é menos ramificada e a súa hispida superficie fai que afaa estar recuberta por unha capa de limo.

Stelligera stuposa, é de moito menor tamaño, as súas ramas son de sección redondeada e a súa pilosa superficie presenta pelos de desigual lonxitude.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *polypoides*, é unha palabra composta por dous termos gregos, “pollys” (numerosos, moitos) e “podos” (pés), e refírese á súa numerosa e abundante ramificación.



Axinella verrucosa (Esper, 1794)

Esponxa erecta ramificada de formas moi variadas, que chega a alcanzar unha altura de ata 20 cm. As súas ramas, que son cilíndricas e cuxo ápice é romo, anastomósanse en diversos graos e están desprovistas de saíntes e arestas. A súa consistencia é ríxida, con maior dureza canto máis preto da base, sendo a súa superficie suave, hispida e aveludada. Os ósculos son circulares e pouco visibles. A súa cor varía de amarela a amarela alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 100 metros de profundidade, sobre fondos duros con forte hidrodinamismo con preferencia por paredes verticais.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Francia ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Na súa forma anastomosada pódese confundir con *Axinella damicornis*, aínda que esta presenta unhas ramas comprimidas e a súa superficie parece empoada por diminutas partículas amarelas.

Na súa forma arborescente pode confundirse con *Axinella polypoides*, aínda que esta presenta unha maior e desordenada ramificación, a súa superficie é lisa e os seus ósculos son estrelados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *verrucosa*, é un epíteto latino que significa “con verrugas”, “verrugosa”, e refírese á súa irregular superficie.



Phakellia robusta Bowerbank, 1866

Esonxa en forma de abanico, unida ao substrato por un delgado e curto pedúnculo, cuxo grosor se atenúa cara á marxe distal onde finaliza nun bordo afiado e que pode alcanzar unha altura máxima de 15 cm por uns 12 cm de ancho. A súa superficie é ópticamente lisa e lixeiramente hispida ao tacto. A súa consistencia é moi flexible. Os ósculos, que son simples, numerosos, pequenos e imperceptibles visualmente, atópanse dispersos pola súa superficie. Cor amarela ocre.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 80 ata os 810 metros de profundidade (o exemplar fotografado atopouse a 44 metros de profundidade), sobre fondos rochosos en zonas de corrente moderada. Normalmente crece de forma transversal á corrente dominante na zona, para así optimizar a posibilidade de acceder a unha maior cantidade de auga e con iso de nutrientes.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo, ademais de nos arquipélagos de Azores e Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Phakellia ventilabrum, as paredes desta esponxa son máis grosas, alcanza un maior tamaño e presenta tons marróns ou castaños sobre a súa superficie.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *robusta*, fai referencia á robustez das súas espículas comparadas coas da especie *Phakellia ventilabrum*.



Phakellia ventilabrum (Linnaeus, 1767)

Esponxa en forma de copa ou abanico, unida ao substrato por un delgado e curto pedúnculo ou por parte dun lateral, que pode alcanzar un diámetro máximo de 10 cm nas formas de copa e ata 20 cm as formas de abanico. Excepto os exemplares novos que poden ser totalmente redondos, teñen forma de abanico pechado sobre un punto en forma de cono lateralmente aberto. Os ósculos están na parte superior da esponxa (interior da copa), non sendo moi perceptibles. Os seus bordos son delgados e con frecuencia están desgastados ou rotos. A súa cor é amarela esbrancuxada con manchas marróns, aínda que pode ter pequenas variacións cara a parda ou verdosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 20 ata os 200 metros de profundidade, sobre fondos rochosos en zonas de corrente moderada. Normalmente crece de forma transversal á corrente dominante na zona, para así optimizar a posibilidade de acceder a unha maior cantidade de auga e con iso de nutrientes.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico ata Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Axinela infundibuliformis, presenta unha uniforme cor marrón clara, amarela ou branca, os seus bordos son máis grosos e están enteiros, non presentan desgastes ou roturas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ventilabrum*, provén da palabra latina “ventile”, que significa abanico, en forma de abanico, e fai referencia a unha das formas de desenvolvemento da esponxa.



Eurypon major Sarà & Siribelli, 1960

Esponxa incrustante que forma finísimas láminas recubrintes, de menos de 0'5 mm de grosor, podendo presentar unha superficie desigual, accidentada e con aparencia de burbullas se o substrato sobre o que se asenta presenta esa forma. As espículas que sobresaen sobre a súa superficie, pódense apreciar a primeira ollada, danlle un aspecto espiñento e poden atrapar o lodo. Os ósculos están dispersos e son moi discretos; os bordos dos ósculos son transparentes con pequenas manchas de tecido de cor vermella. Cor da esponxa vermella intensa.

HÁBITAT E BIOLOGÍA:

Desde os 5 ata os 40 metros de profundidade, sobre rochas, con preferencia por paredes verticais.

DISTRIBUCIÓN:

Das costas do oeste de Irlanda ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Eurypon lacazei, presenta unha superficie lisa aveludada, coas espículas que sobresaen da súa superficie ata 3 milímetros.

Raspaciona aculeata, presenta unha superficie desigual, de aparencia burbullante, e o seu grosor varía entre 2 e 20 milímetros.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *major*, é un epíteto latino que significa “máis grande”, “maior”, e refírese aos longos tilostilos (tipo de espículas) que posúe.



Hymeraphia stellifera Bowerbank, 1864

Esponxa recubrinte que forma finísimas láminas fortemente adheridas ao substrato, de contornos irregulares sobre rochas, e de apenas 1 mm de grosor. Da súa superficie, que habitualmente se atopa recuberta de sedimento, xorden regularmente unhas elevacións en forma de cráteres. Presenta unha superficie lixeiramente hispida, consecuencia de grandes espículas salpicadas pola súa superficie. Os ósculos son pequenos e están situados no cume das elevacións da súa superficie, non se aprecian os ostíolos. Cor entre alaranxada e avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Adoita atoparse en augas profundas por baixo dos 20 metros de profundidade. Tolera ben o limo e pódese atopar sobre cunchas de bivalvos mortos en zonas abrigadas ou sobre superficies rochosas, tanto en zonas expostas como abrigadas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *stellifera*, epíteto latino que significa “estrelada”, “en forma de estrela”, fai referencia aos longos tilostilos espiñentos que parecen ásteres pedunculados (espículas do seu sistema esquelético).



Raspaciona aculeata (Johnston, 1842)

Esponxa de consistencia firme e fibrosa, que pode formar láminas incrustantes cun grosor de 2 mm ou formas carnosas, máis ou menos lobuladas, de ata 2 cm de grosor, e cun tamaño de ata 15 cm. A súa superficie, que é fortemente hispida, está totalmente salpicada por pequenas protuberancias duns 2-3 mm de alto; cada unha destas protuberancias está formada por unha longa espícula que eleva e perfora a superficie, e que está rodeada por un penacho de espículas máis finas. Os espécimes con desenvolvemento masivo presentan unha superficie fortemente desigual e de aparencia burbullante, de feito o seu aspecto é de masas cónicas fundidas. Os ósculos, de apenas un milímetro de diámetro, son inconspicuos e están a nivel da superficie. A cor da esponxa vai desde a vermella viva a vermella alaranxada ou rosa brillante.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 40 metros de profundidade, sobre rochas e cunchas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas do este de Inglaterra ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Eurypon major, a súa superficie é hispida, pero lisa, e apenas alcanza un grosor de 1 milímetro, aínda que pode confundirse cando se asenta sobre un fondo rochoso cunha superficie irregular de aparencia similar á que presenta *Raspaciona aculeata*.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *aculeata*, é un epíteto latino que significa “punta aguda”, e refírese á forma das protuberancias da súa superficie.



***Raspailia (Clathriodendron) hispida* (Montagu, 1814)**

Esponxa erecta arborescente que pode chegar a alcanzar unha altura de 35 cm. Pode ramificarse de forma regular e dicotomicamente ou de forma desordenada; as ramificacións raramente se fusionan. As ramas son máis ou menos cilíndricas, cun diámetro de 4-6 mm, poden chegar a alcanzar os 13 cm de lonxitude e agúzanse cara ao seu ápice. A superficie desta esponxa é aveludada como consecuencia duns pequenos pelos de altura similar que recubren toda a súa superficie de forma regular, e que atrapan partículas de lodo entre eles, dándolle á esponxa un aspecto sucio. Os ósculos, que son diminutos e case imperceptibles á vista, tenden a formar filas, onde se dispoñen equidistantes, ao longo dos laterais das ramas. A súa consistencia é firme, pero á súa vez elástica. Cor ocre, amarela ou parda.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre substratos duros tales como pedras, rochas e cunchas, en zonas parcialmente expostas e cunha moderada corrente de marea.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Stelligera stuposa (sobre todo con exemplares novos de *R. hispida* de 15 cm ou menos), a súa superficie está recuberta de pilosidades de lonxitude desigual.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hispida*, deriva do latín “hispidus” (hispido, teso, hirsuto, áspero ao tacto), e refírese á superficie da esponxa.



Raspailia (Raspailia) radiosa (Bowerbank, 1866)

Espónxa erecta e ramificada, de consistencia dura, que pode chegar a alcanzar 7 cm de altura por uns 8 cm de ancho. A súa ramificación é dicotómica, e as súas ramas, de entre 2 e 4 mm de diámetro, son comprimidas. É fortemente pilosa, debido a unha gran cantidade de espículas que sobresaen sobre a súa superficie, que chegan a reter moita cantidade de lodo. Os seus ósculos son moi pequenos e están distribuídos sobre as ramas. Cor castaña clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre fondos arenosos, fixa a rochas lixeiramente recubertas de area en zonas expostas a correntes de marea moderadas, ou en zonas cun apreciable movemento de auga. O exemplar fotografado estaba a 18 metros de profundidade.

DISTRIBUCIÓN:

Canle da Mancha. Plymouth. O exemplar fotografado foi atopado na ría de Arousa (Galicia).


ESPECIES SEMELLANTES:

Raspailia ramosa, é de maior tamaño, ramifícanse de forma desordenada adquirindo forma arbustiva e a súa cor pode ir desde marrón a beixe escura.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *radiosa*, deriva do epíteto latino “radius” (radioso), e refírese ao esqueleto ectosomal desta espónxa consistente en círculos de anisoxas rodeando a un só estilo grande.

É unha especie pouco coñecida rexistrada só 2 veces nas illas británicas e a cal necesita unha re-descrición a partir de exemplares frescos.

***Raspailia (Raspailia) ramosa* (Montagu, 1814)**

Esponxa erecta ramificada, con bifurcacións que parten da base. As bifurcacións son irregulares, en todos os planos e raramente se funden. As ramas, que adoitan ter unha sección circular cun diámetro moi variable (aínda que roldando o centímetro), manteñen aproximadamente o mesmo grosor ata o seu ápice. Toda a superficie da esponxa presenta pilosidades de tamaño uniforme que reteñen partículas de lodo e que lle dan un aspecto atveludado. Cor marrón, beixe ou marrón escura, aínda que a cor depende en certa medida da cantidade e tipo das partículas atrapadas na súa superficie.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 15 ata os 80 metros de profundidade, fixa a rochas ou pedras en zonas expostas a correntes de marea moderadas ou en zonas cun apreciable movemento de auga.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Inglaterra ata o sur de Portugal.


ESPECIES SEMELLANTES:

Raspailia radiosa, presenta unha división dicotómica das súas aplanadas ramas e é de cor castaña clara.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ramosa*, deriva da palabra latina “ramosus” (con ramas, que ten ramas), e refírese ao aspecto arbustivo e ramificado da esponxa.



Raspailia (Raspailia) viminalis Schmidt, 1862

Esponxa erecta arborescente que pode chegar a alcanzar unha altura de 50 cm. As ramas, que poden ramificarse en varios planos, son cilíndricas cun diámetro de 4 a 6 mm, poden volver fusionarse e terminan de forma aguzada. Os ósculos son diminutos e están situados de forma aliñada lonxitudinalmente ao longo das ramas. A superficie desta esponxa é aveludada, consecuencia das espículas que sobresaen, e a súa consistencia é firme e elástica. Cor marrón clara a marrón escura ou case negra.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 20 ata os 250 metros de profundidade, aínda que normalmente non excede os 80 metros de profundidade, sobre substratos duros diversos, tales como pedras, area, coralíxeno ou grava, en zonas expostas e con fortes correntes de marea.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Raspailia (Raspailia) ramosa, é de menor tamaño, máis profusamente ramificada, de forma arbustiva e de cor marrón ou beixe.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *viminalis*, é un epíteto latino que significa “propio de atar ou trenzar”, “de vimbia”, e refírese á forma das súas ramas, longas e delgadas.

***Raspailia (Raspailia) virgultosa* (Bowerbank, 1866)**

Esponxa que presenta unha base incrustante, que normalmente está recuberta de sedimento, de onde se elevan grupos de dixitacións de ata 2'5 cm de alto e que pode chegar a alcanzar un tamaño duns 10-15 cm. A súa superficie é irregular e hispida, atrapando sobre ela o sedimento, e a súa consistencia é flexible. Non se aprecian ósculos sobre a súa superficie. Cor gris verdosa translúcida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 15 ata os 400 metros de profundidade, sobre fondos rochosos sedimentarios. Tolera moi ben o sedimento sobre a súa superficie. O exemplar fotografado estaba a 34 metros de profundidade.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o noroeste da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *virgultosa*, é un epíteto latino que significa “arbusto”, e refírese á forma de desenvolvemento desta esponxa.

É unha especie pouco coñecida que necesita unha redescrición a partir de exemplares frescos.



Raspailia howsei (Bowerbank, 1866)

Esonxa erecta, arborescente e ramificada, de consistencia dura, que pode chegar a alcanzar 7 cm de altura. A súa ramificación pode ser dicotómica ou tricotómica, e as súas ramas de 2-4 mm de diámetro son lixeiramente comprimidas. A súa superficie lisa, vólvese hispida distalmente debido ás fortes espículas que sobresaen sobre a súa superficie. Os seus ósculos e ostíolos están distribuídos sobre as ramas, son tan pequenos que se volven inconspicuos. Cor vermella intensa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 40 metros de profundidade, fixa a rochas lixeiramente recubertas de area en zonas expostas a correntes de marea moderadas.

DISTRIBUCIÓN:


Das illas británicas e Irlanda ata o noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Raspailia ramosa, é de maior tamaño, ramifícase de forma desordenada adquirindo forma arbustiva e a súa cor pode variar desde marrón a beixe escura.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *howsei*, é en honra a Mr. Howse de Newcastle, quen enviou ao autor uns anacos dun exemplar para a súa identificación que resultou ser unha nova especie.

Halicnemida verticillata (Bowerbank, 1866)

Esponxa incrustante que forma finas capas de contorno irregular e duns poucos centímetros cadrados de extensión. A súa superficie presenta un aspecto granuloso, como consecuencia dos tylostilos (tipo de espícula) que sobresaen lixeiramente, e a súa consistencia é dura. Os ósculos son pequenos e case pasan desapercibidos, elévanse lixeiramente e repártense regularmente sobre a superficie da esponxa; neles desembocan unhas discretas canles exhalantes. Cor amarela limón.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Dos 50 ata os 1000 metros de profundidade, sobre paredes rochosas, con preferencia sobre zonas verticais, tanto en lugares protexidos como expostos con alta sedimentación.


DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o oeste das costas francesas, incluíndo as Azores. Na ría de Arousa, atopáronse exemplares a 40 metros de profundidade.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *verticillata*, é un epíteto latino que significa “de forma verticilada”, “en verticilos”, e refírese ás voltas de espiñas que presentan as súas oxas (un tipo de espículas do seu esqueleto).



Paratimea constellata (Topsent, 1893)

Espónxa incrustante que forma finas capas de contorno irregular e duns poucos centímetros cadrados de extensión. A súa superficie é “peluda” como consecuencia dos feixes de espículas que sobresaen ata 2 mm sobre a súa superficie, o que ocasiona que normalmente estea recuberta de detritus. Os ósculos son pequenos e case pasan desapercibidos, aínda que se elevan ata uns 3 milímetros sobre a superficie da espónxa por un bordo transparente; neles desembocan unhas discretas canles exhalantes. A súa consistencia é dura, non danándose facilmente. Cor amarela pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Dos 25 ata os 800 metros de profundidade, sobre paredes rochosas, con preferencia sobre zonas verticais, tanto en lugares protexidos como expostos con alta sedimentación.


DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata o Mediterráneo, incluíndo as Azores.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *constellata*, é un epíteto latino que significa “estrelada”, e refírese á abundancia de ásteres que presenta.



Paratimea sp.

Esponxa que forma unha finísima base incrustante, xeralmente recuberta de sedimento, da que xorden lóbulos de forma irregular, de ata 11 cm de alto e duns 4 cm de diámetro máximo; en zonas expostas de mar aberto pode adquirir formas de abanico de 1-2 cm de grosor, por uns 10 cm de alto e uns 15 cm de longo. A superficie da esponxa presenta unhas características fendas lonxitudinais dispostas regularmente, de forma variable, no interior das cales se sitúan os ostíolos, e que se poden pechar totalmente cando se contrae. Os ósculos, que poden chegar a alcanzar un tamaño de 1 cm, están situados nos ápices dos lóbulos ou na parte máis alta da esponxa; presentan un bordo translúcido que os eleva lixeiramente, aínda que poden volverse non aparentes se se toca a esponxa dado que pode pechalos. A súa consistencia é moi esponxosa e presenta unha gran capacidade de contracción. Cor exterior alaranxada, interior amarela alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En fondos rochosos a partir dos 22 metros de profundidade, con preferencia por fondos sedimentarios situados en zonas de forte hidrodinamismo, ben por correntes de marea, por forte ondada ou por mar de fondo. A súa base fixa a substratos rochosos chega a ser tapada totalmente polo sedimento, emerxendo unicamente os lóbulos en forma de columnas de diámetro desigual, ou a parte superior das formas en abanico, posiblemente para tratar de evitar que o sedimento a cubra.

DISTRIBUCIÓN:

Polo momento atopáronse exemplares en diversos puntos da ría de Arousa e nos baixos de Corrubedo (Galicia).



Stelligera montagui Van Soest & Hooper, 2020

Esponxa erecta, arbustiva ou sub-lamelada, que pode desenvolverse como formas bulbosas ou lameladas, de consistencia firme pero flexible, que chega a alcanzar unha altura de 5 cm. As ramas únense lonxitudinalmente deixando só libre os extremos, o que lle confire un aspecto de “palma de man”. Os extremos das ramas presentan normalmente un diámetro máximo de 5 mm, tendendo a ser bulbosas nos exemplares novos. A superficie é totalmente pilosa, consecuencia da proxección cara ao exterior, uns 2 mm, das espículas. Os ósculos son pequenos, case imperceptibles a primeira ollada, e están situados na parte superior das ramas. O talo é relativamente grosso e curto. A súa cor varía entre amarela pálida e laranxa, presentando normalmente partículas de area e detritus adheridos á súa superficie pilosa que poden chegar a esconder tanto a súa forma como a súa cor.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 aos 35 metros de profundidade, sobre a parte superior de rochas, ou en paredes verticais, en zonas de moita corrente.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o oeste das illas británicas ata o noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Stelligera stuposa, presenta ramificación case cilíndrica e as ramas non se unen.

Axinella damicornis, aínda que pode presentar forma parecida, a súa superficie non é pilosa e os seus ósculos son claramente visibles na parte superior das ramas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *montagui*, é en honra a George Montagu (1753 -1815), naturalista inglés que previamente describiu esta esponxa baixo o nome de *Spongia rigida*, pero ao facer unha revisión de sinonimias e especies co mesmo nome comprobouse que o nome se repetía e decidiuse nomeala novamente.



Stelligera stuposa (Ellis & Solander, 1786)

Esonxa erecta e ramificada, de consistencia moderadamente firme pero elástica, que pode alcanzar os 10 cm de altura. As súas ramificacións, de sección redondeada, raramente vólvense a fusionar e a súa superficie está recuberta por pelos de desigual lonxitude que lle dan un aspecto aveludado, e que normalmente ocasiona que a súa superficie estea recuberta de partículas atrapadas nesas pilosidades. Ten pequenos ósculos en grupos nos ápices das ramas. Solta grandes cantidades de limo ao sacala da auga, sendo este un aspecto diferenciador con outras esponxas ramificadas similares. Cor amarela, laranxa ou marrón avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 aos 60 metros de profundidade, na parte superior de rochas, en fendas ou fixa a penedos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Stelligera montagui, pode desenvolverse en formas bulbosas ou laminares, as súas ramas anastomósanse en diferentes graos e son planas.

Raspailia hispida, esta esponxa non exuda lodo ao sacala da auga, os pelos que recobren a súa superficie son de igual lonxitude e dispóñense de forma máis densa. A súa cor é marrón escura.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *stuposa*, e un epíteto latino co que se nomeaba a un tipo de corda suave construída de liño ou cáñamo, e fai referencia ás ramas cilíndricas e relativamente flexibles da esponxa.



Biemna begoniae Cristobo, Almón, Pérez & Ríos, 2022

Esta especie presenta unha forma semiesférica con numerosas proxeccións en forma de chemineas que emerxen desde a base, e finalizan cada unha delas nun ósculo. A súa cor pode ser amarelada ou vermella burdeos. O esqueleto é moi curioso, está formado por espículas silíceas en forma de “C” afiadas por ambos os extremos chamadas sigmas de catro tallas distintas, xunto con espículas máis longas dun só eixo (estilos) e microxas ou agullas puntiagudas finas por ambos os extremos. Todas elas forman unha disposición esquelética que é un armazón plumoso, só visible co microscopio.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 20 ata os 36 metros de profundidade, sobre fondos duros detriticos, principalmente en superficies rochosas horizontais recubertas por finas capas de sedimento. A súa base pode chegar a estar recuberta polo sedimento, neste caso só sobresaen as proxeccións que a esponxa ten sobre a súa parte superior. A forma da súa superficie presenta unha vantaxe para outros animais que a usan como refuxio ou simplemente para elevarse sobre o sedimento, tal é o caso de pequenas holoturias ou poliquetos. Reprodúcese de forma asexual, mediante xémulas.

DISTRIBUCIÓN:

Só coñecida ata a data na ría de Arousa, aínda que é posible que noutras rías de Galicia se dean as condicións para o seu establecemento a similares profundidades.

ESPECIES SEMELLANTES:

Axinyssa digitata, alcanza un maior tamaño, as súas papilas poden xurdir de forma coalescente e é de cor entre amarela e amarela limón translúcida.

Ciocalypta penicillus, a súa base está recuberta do sedimento, de onde só sobresaen as papilas que son máis estilizadas, cónicas, lisas e translúcidas, deixando entrever un conduto central.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *begoniae*, é en honra a Begoña Pérez Dieste (1965-2021), irmá do terceiro autor da súa descrición, unha grande amante e defensora do medio mariño, falecida de forma prematura.



Foto: Luis María Oregui Lizarralde

Foto: Jaime José Rodríguez García

Biemna variantia (Bowerbank, 1858)

Esponxa incrustante que pode converterse nun grosco coxín, coa parte máis grosa no centro e adelgazando cara ao bordo, que pode alcanzar os 20 cm de extensión por 1 a 1,5 cm de grosor. Algúns exemplares maduros poden desenvolverse en forma de copa ou de forma lameliforme. A súa superficie é irregular, está provista de proxeccións conulosas como consecuencia das fibras de espículas que sosteñen a súa superficie; os exemplares de maior tamaño poden presentar unha aparencia claramente “grumosa” ou peluda como consecuencia do desenvolvemento destas proxeccións. Sobre a súa superficie superior presenta varios ósculos dispersos, de ata 6 mm de diámetro, que se aprecian como buracos escuros sobre a esponxa, e que se elevan da súa superficie cun colar cilíndrico translúcido. As zonas de ostiolos son evidentes entre as proxeccións conulosas. A consistencia desta esponxa é suave, facilmente desmenuzable e presenta unha gran capacidade de contracción. A cor da esponxa é beixe, ocasionalmente pódese atopar algún exemplar de cor amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal, baixo pedras, ata os 1600 metros de profundidade, en fondos de pedra, grava ou lodo. Acostuma estar en paredes rochosas verticais de zonas cun movemento de auga moderadamente forte. Tolerancia condicións salobres estuarinas, polo que pode atoparse en estuarios e baías.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica boreal cuxa distribución en augas europeas abarca desde o norte de Noruega ata o mar de Alborán no Mediterráneo, ademais dos arquipélagos de Azores, Madeira e Canarias.


ESPECIES SEMELLANTES:


Dysidea fragilis, coa que se pode confundir a primeira vista, nunha visión de detalle pódese observar que a súa capa superficial presenta un característico reticulado.

Scopalina, sp, forma finas láminas incrustantes, a súa superficie aínda que asemella porosa, polos aparentes ostiolos, non é de forma tan regular e nos ósculos converxen claras canles exhalantes.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *variantia*, é un epíteto latino que significa “variante”, “calidade de cambiar”, e refírese á súa variada composición de espículas. Algúns autores suxiren que se pode estar diante de especies crípticas pola gran variabilidade que presenta.



Rhabderemia gallica van Soest & Hooper, 1993

Espónxa incrustante que forma pequenos revestimentos de ata 2-3 mm de grosor. A súa textura é relativamente esponxosa. A súa superficie está cuberta en parte de xémulas de reprodución asexuada, procesos esféricos ou sub-esféricos, lisos, brillantes, unidos por un pedicelo carnoso que se vai estreitando ata quedar reducido a unha columna de rabdostilos que finalmente rompe e libera o propágulo. Sobre a súa translúcida superficie pódese localizar un ou uns poucos ósculos, circulares e pequenos, de ata 4 mm de diámetro, apenas elevados. Cor esbrancuxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 200 metros de profundidade, sobre rochas. É unha especie esciáfila, polo que tende a atoparse en grutas, gretas rochosas, contraplomos ou case recuberta por outros animais sésiles.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a Bretaña francesa ata as costas do Mediterráneo oriental.

ESPECIES SEMELLANTES:

Ata a súa descrición incluíase na especie *Rhabderemia minutula*, e como tal foi citada nas nosas augas por Solarzano en 1990. Na actualidade, a distribución de *R. minutula* considérase restrinxida ás costas atlánticas de América Central.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gallica*, é un xentilicio latino que significa “da Galia” (antigo nome de Francia), e refírese a que os exemplares usados para a súa descrición foron recollidos nas costas francesas, tanto atlánticas como mediterráneas.

Dictyonella pelligera (Schmidt, 1864)

Esponxa masivo lobulada que pode alcanzar 4 cm de alto, cun diámetro de 1 cm por lóbulo. Dunha base incrustante xorden lóbulos irregulares, ramosos e erectos, cunha superficie fortemente conulosa como consecuencia da proxección das espículas sobre a súa superficie. Os ósculos, non moi aparentes, están situados no centro dos ápices dos lóbulos. A súa consistencia é branda e compresible. Cor ocre amarelada, alaranxada ou laranxa rosada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre fondos rochosos, desde os 25 ata os 75 metros de profundidade.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o oeste das costas de Francia ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pelligera*, é un epíteto latino que significa “que ten unha pel”, e refírese á “pel” orgánica que retén sobre as súas espículas.



Tethyspira spinosa (Bowerbank, 1874)

Esponxa incrustante de cor superficial branca agrisada (case translúcida), baixo a cal destaca unha cor alaranxada ou rosada, aínda que pode variar incluso dentro do mesmo espécime como consecuencia da combinación da cor translúcida do ectosoma, co marrón claro do fondo. Pode chegar a alcanzar unha lonxitude de 15 cm con bordos altos, rugosos e irregulares, en grandes espécimes pode desenvolverse de forma masivo globosa. A súa consistencia é firme e lixeiramente elástica cunha superficie chea de papilas cónicas, formadas polas puntas das espículas. Os ósculos sobresaen por encima da superficie, case como chemineas, de cor branca translúcida, pode haber dúas ou tres por esponxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre rochas, normalmente en superficies horizontais, desde a zona batida polas ondas ata os 60 metros de profundidade. Soporta bastante ben o limo sobre ela.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Dysidea fragilis, aínda que a cor rosada é distintiva, dado que *D. fragilis* non presenta nunca esta cor.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *spinosa*, é un epíteto latino que significa “espiñenta”, “con espiñas”, e refírese á aparencia da súa superficie.



Cliona celata Grant, 1826

É a esponxa perforante máis grande e rechamante das augas europeas, podendo alcanzar tamaños de ata 1 metro de lonxitude por 50 cm de alto. Pode tomar dúas formas características, como forma incrustante onde só se ven as papilas sobresaíndo da pedra calcaria ou mesmo de cunchas, e a forma masiva, a que máis destaca, onde se forman unha especie de esferas cun só ósculo apical que ao desenvolverse en condicións ideais chegan a formar enormes masas, onde os poros inhalantes están repartidos pola superficie da esponxa, mentres que os ósculos atópanse na cima das proxeccións en forma de crista, típicas desta esponxa. Cor amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 3 ata os 200 metros de profundidade, sobre rochas calcarias ou cunchas de bivalvos. É rara en augas pouco profundas e habita desde costas expostas ata estuarios. Esta especie usa un sistema dixestivo ácido para perforar rochas e cunchas calcarias, nas que crea un sistema de canles, incluíndoas como parte da propia esponxa.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a península escandinava ata o Mediterráneo

ESPECIES SEMELLANTES:

A forma incrustante pode confundirse con *Cliona lobata*, pero esta, aínda que da mesma cor, é de tamaño menor e presenta unhas papilas moito máis finas.

Guitarra solorzanoi, é de menor tamaño, de forma esférica, só presenta un ósculo apical e as súas papilas sobresaen ata dous milímetros da esponxa en forma de cogomelo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *celata*, é un epíteto latino que significa “oculta”, e refírese á súa forma perforadora onde se mantén oculta, sobresaíndo apenas as papilas por encima do substrato.



Cliona lobata Hancock, 1849

É unha diminuta esponxa perforante que forma galerías ramificadas de apenas 1'5 mm de diámetro nas cunchas de moluscos, das cales asoman, por diminutos poros, as papilas inhalantes e exhalantes de ata 1'6 mm de diámetro. A súa consistencia é suave. A cor exterior das papilas é amarela pálida, mentres que no interior é amarela dourada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da zona intermareal ata máis de 1000 metros de profundidade, exclusivamente en cunchas de moluscos, con predilección por aquelas pertencentes aos xéneros *Mytilus*, *Ostrea*, *Buccinum*, *Cardium* e *Mactra*. Excepcionalmente perforando algas calcarias.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a península escandinava ata o oeste do Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Cliona celata, as súas galerías perforadoras son de maior diámetro, presenta un maior número de papilas e estas son redondeadas e planas na súa parte superior.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lobata*, é un epíteto latino que significa "lobulada", e refírese á ramificación desta esponxa no interior das cunchas nas que se asenta.



Cliona viridis (Schmidt, 1862)

É unha esponxa perforante, como todas as do seu xénero, que pode desenvolverse con formas masivas, como montículos, con formas subesféricas ou globosas, delgadas capas, ou como papilas e pequenos parches que xorden do substrato onde cavan as súas galerías, podendo chegar a alcanzar tamaños de máis de 50 cm. A súa superficie está irregularmente lobulada e provista de cristas superficiais que delimitan zonas crateriformes de diámetro variable. Os ósculos, que son grandes, duns 10'5 mm de diámetro, redondos e elevados por un bordo que se fai máis delgado gradualmente, sitúanse de forma irregular encima de cristas altas sobre a superficie da esponxa. De cor parda verdosa ou verde amarelada, esta esponxa perfora a rocha calcaria, convertendo o seu crecemento en masivo cando o logrou; o seu interior é de cor amarela. A súa cor é o resultado da simbiose cunhas algas microscópicas moi simples, as zooxantelas, por iso en lugares moi pouco iluminados poden presentar unha cor esbrancuxada pola ausencia destas algas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Dos 5 ata os 50 metros de profundidade, fixa a rochas e pedras calcarias estables en zonas de correntes moderadas de marea. É un animal hermafrodita que pode reproducirse de forma sexual ou asexual. A reprodución sexual realízase coa liberación ao exterior dos gametos masculinos, estes son filtrados cara ao interior da esponxa coa auga circundante, sendo a fecundación interna e dando lugar a unha larva nadadora ciliada que será o embrión dunha nova esponxa. A reprodución asexual pode darse por xemación ou por cortes da esponxa ao presentar unha enorme capacidade rexeneradora.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas atlánticas francesas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *viridis*, é un epíteto latino que significa “verde”, e refírese á cor desta.



Spiroxya levispira (Topsent, 1898)

É unha esponxa perforante cunhas características espículas (microscleras). Esta esponxa pasa normalmente desapercibida dado o seu hábitat exclusivamente escavador, só delatada por unhas inconspícuas papilas duns 2-4 mm de diámetro que apenas se elevan sobre o substrato dentro do que vive. As papilas dan acceso a unhas cavidades de contorno elipsoidal, relativamente grandes, que poden chegar a alcanzar os 10 mm de diámetro e están recheas de tecido brando de cor pálida, branca sucia ou beixe.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata máis de 2000 metros de profundidade, perforando os corais do xénero *Lophelia* e *Madrepora* en augas profundas, aínda que se documentou a súa presenza perforando unha esponxa calcaria nunha cova do Mediterráneo. O caso fotografado estaba a 24 metros de profundidade perforando unha vella cuncha de *Pecten máximus* que se atopaba entre pedras.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Escocia ata o oeste do Mediterráneo, incluíndo o arquipélago das Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Cliona lobata, as súas diminutas papilas son de cor amarela, sobresaen de forma cónica sobre a cuncha perforada e as galerías que perfora son de menor diámetro.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *levispira*, é un epíteto latino composto que significa “espiral lisa”, e refírese á espiral das microscleras que parece lisa en ampliacións baixas, aínda que pode ser normalmente microespiñenta.



Chalinula limbata (Montagu, 1814)

Esponxa incrustante que forma pequenos coxíns ou lóbulos de ata 5 cm de diámetro, aínda que normalmente é moito menor. A súa superficie está finamente conulada o que lle confire un aspecto fortemente hispido e a súa consistencia é suave, compresible e moi esponxosa. Presenta poucos ósculos, un máximo de 3, tirando a grandes, cun diámetro de entre 2 e 6 mm, non elevados e rodeados dun pescozo translúcido. A súa cor é marrón clara ou escura.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermarel ata os 20 metros de profundidade, sobre rochas. É bastante común nas comunidades de algas pardas.

DISTRIBUCIÓN:


Das costas de Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con outras especies de superficie conulosa, como *Ulosa digitata* ou *Dysidea fragilis*, aínda que estas especies tenden a ser dun tamaño maior, cuns cónulos moito maiores e máis espazados.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *limbata*, é un epíteto latino que significa “engurrado”, e refírese ao aspecto que presentan os ósculos nos exemplares conservados.



Chalinula loosanoffi (Hartman, 1958)

Esponxa incrustante que pode formar finas láminas incrustantes ou desenvolverse de forma tubiforme, chegando alcanzar ata 2-3 cm de altura por uns 5-6 mm de diámetro. Na súa forma tubular, dunha base común incrustante xorden varios tubos que se unen e anastomosan en diversos graos, estreitándose cara aos seus ápices onde se sitúa un ósculo terminal. Os ósculos son pequenos, situados nos ápices dos tubos e cun pequeno pescozo transparente. A superficie da esponxa é entre lixeira e fortemente hispida, algo “peluda”, e a súa consistencia extremadamente suave e compresible. Cor marrón agrisada clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata un máximo de 15 metros de profundidade, sobre cunchas de mexillóns e ostras, en pilotes de peiraos ou partes inferiores de flotadores de pantaláns. Esta especie adáptase tamén ás augas salobres, polo que pode atoparse en estuarios.

DISTRIBUCIÓN:

Descrita nas costas atlánticas de América do Norte, foi introducida en augas europeas en partidas de ostras importadas de Holanda. A súa distribución en augas europeas abarca desde as costas das illas británicas ata o noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Esta esponxa diferénciase perfectamente doutros chalinídeos europeos pola súa extrema suavidade e pola presenza de xémulas, as cales son inusuais nos chalinídeos incrustantes ou tubulares.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *loosanoffi*, foi elixido en honra ao Dr. Victor Lyon Loosanoff (1899-1987) director do laboratorio biolóxico do U.S. Fish & Wildlife Service de Milford (Connecticut-USA).



Dendroxea lenis (Topsent, 1892)

Esponxa que forma finas incrustacións de contornos redondeados e que pode alcanzar un tamaño de ata 15 cm, cun grosor de apenas 2'5 mm. A súa superficie, que é irregular ao revelar o substrato subacente polo seu pouco grosor, é suave, viscosa (pégase aos dedos ao tocala) e presenta un característico aspecto aveludado. A súa consistencia é suave e ao rompela segrega unha pequena cantidade de mucosidade. Os ósculos, indistintos e moi pequenos, elévanse sobre a superficie da esponxa por canles membranosas que tamén sobresaen desta na parte próxima aos ósculos; ao tocar a esponxa tanto os ósculos como as canles que os soportan colápsanse facéndoos indistinguibles. A cor da esponxa é gris abrancazada, aínda que tamén se citaron exemplares de cor azulada ou amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 30 metros de profundidade, sobre fondos rochosos en superficies verticais, contraplomos, gretas ou covas, sempre en lugares sombríos con pouca luz.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo, incluíndo Azores, Canarias e Cabo Verde.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lenis*, é un epíteto latino que significa "suave", "tenro", e refírese ao seu tacto.



Haliclona (Gellius) angulata (Bowerbank, 1866)

Esponxa incrustante, en forma de coxíns ou masivo irregular, con tendencia a formar protuberancias, cun tamaño que pode variar duns poucos centímetros a varios decímetros cadrados. Os procesos fistulares poden xurdir da parte superior ou dos laterais da esponxa e poden ter aparencia de cogomelo de tamaño irregular. Presenta poucos ósculos, non elevados e non moi aparentes, de ata 5 mm de diámetro. A súa superficie é considerablemente lisa e translúcida, lixeiramente porosa, e a súa consistencia é firme e algo fráxil. Cor rosada, rosa agrisada ou branca con tinguiduras rosadas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 500 metros de profundidade, sobre rochas en zonas cun considerable movemento da auga (ben sexa expostas á acción das ondas, ou por fortes correntes de marea). É unha especie que tolera ben o sedimento sobre ela, e pode aparecer en ocasións totalmente recuberta por sedimento, sobresaíndo unicamente as protuberancias.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo, Azores e Madeira.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *angulata*, é un epíteto latino que significa “con ángulos”, “angular”, e refírese á forma das súas oxas.



Haliclona (Gellius) fibulata (Schmidt, 1862)

Esponxa incrustante en forma de almofadas, ás veces con típicas prolongacións laterais e ocasionalmente con proliferacións fistulares, que chega a alcanzar un tamaño de 10 cm ou máis. O seu perímetro é moi irregular. Os ósculos son escasos, repartidos aparentemente ao azar, a nivel da superficie ou apenas elevados por un bordo transparente, e son pequenos, alcanzando apenas os 2 mm de diámetro. A súa superficie é suave, transparente unha distintiva e característica reticulación que lle dá un aspecto fortemente punteado, e a súa consistencia é firme, pero compresible. As fistulas son lixeiramente fráxiles. Cor púrpura rosada clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 60 metros de profundidade, sobre pedras, conglomerados de cunchas, algas calcarias, outras esponxas, etc.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Diferénciase perfectamente das especies do seu xénero polo seu característico reticulado superficial.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fibulata*, é un epíteto latino que significa “fibela”, “parafuso de seguridade”, e refírese posiblemente ás súas irregulares sigmas (tipo de espícula do seu sistema esquelético).



Haliclona (Gellius) marismedi (Pulitzer-Finali, 1978)

Esponxa incrustante que forma pequenas almofadas redondeadas, normalmente rodeadas de dixitacións ou fístulas laterais, que chega a alcanzar un tamaño de 2 cm ou máis se se unen varios exemplares. Presenta un ósculo situado no seu centro, apenas elevado por un bordo transparente, e de pequeno tamaño, que escasamente alcanza os 2 mm de diámetro. A súa superficie é suave e translúcida e a súa consistencia é firme, pero compresible; as fístulas son lixeiramente fráxiles. Cor branca a rosada moi clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 50 metros de profundidade, en fondos rochosos sobre rochas ou outras esponxas, sempre buscando zonas sombrías como paredes verticais, contraplomos ou pequenas grutas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Haliclona (Gellius) angulata, coa que algúns autores a sinonimizaron, alcanza un maior tamaño formando coxíns masivos ou incrustacións irregulares de cor rosada, rosa agrisada ou branca, coas fístulas con forma de cogomelo ou bifurcadas no seu ápice.

Haliclona (Halichoclona) fistulosa, alcanza un maior tamaño con formas masivas ou en coxín e as súas protuberancias son filiformes de forma variable.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *marismedi*, é un epíteto latino que significa “alta mar”, e refírese á procedencia do exemplar usado para a súa descrición, atopado como epibionte sobre outra esponxa.



Haliclona (Gelius) rava (Stephens, 1912)

Esponxa que forma incrustacións finas dun tamaño de 4 cm ou máis, podendo tamén varios exemplares unirse para formar láminas de maior tamaño. Os ósculos son pequenos, repartidos aparentemente ao azar e están máis ou menos a nivel da superficie da esponxa; pode presentar procesos osculares. A súa superficie é lisa e uniforme e a súa consistencia suave, algo fráxil pero non desmenzable. Cor gris amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 10 metros de profundidade, baixo pedras.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie pouco coñecida que na literatura científica presenta poucas citas, e todas en Irlanda e Inglaterra, aínda que se sospeita que a súa distribución sexa atlántica e mediterránea.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rava*, é un epíteto latino usado para definir unha cor “gris amarelada”, e refírese á cor da esponxa.



Haliclona (Halichocona) fistulosa (Bowerbank, 1866)

Esponxa incrustante de forma masiva, ou de coxín, da que xorden protuberancias finas de forma variable, que poden chegar a alcanzar unha lonxitude de 4 cm. A esponxa, de aspecto compacto, pode alcanzar un tamaño máximo de 20 cm. O crecemento destas protuberancias pode ser vertical ou lateral, as de maior diámetro presentan un ósculo no seu ápice, mentres que as máis estreitas son cegas. Os ósculos poden ser abundantes e adoitan elevarse sobre a superficie en forma de grosos tubos. A súa consistencia é máis ben firme e a súa superficie é suave, aínda que lixeiramente hispida cun tacto reseco. Cor da esponxa esbrancuxada, rosada ou acastañada, co interior de cor marrón amarelada ou púrpura.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos rochosos. Aínda que a orientación da roca onde crece pode ser variable, adoita estar en paredes verticais, en zonas de correntes moderadas de marea. Soporta ben o limo. Da súa exposición á luz solar depende a súa cor, a pouca luz, por exemplo en grutas, a súa cor é esbrancuxada, mentres que a moita exposición a súa cor case é acastañada. A súa forma tamén é variable e dependente do hidrodinamismo. Mentres que en zonas de correntes, pero protexidas do embate das ondas, forma longas fistulas que normalmente sobresaen dun bordo oscular, nas zonas expostas á ondada non mostra fistulas, só os ósculos elevados.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Haliclona (Gellius) angulata, forma fistulas baixas en forma de cogomelo ou aplanadas e é de cor rosada coas fistulas translúcidas.

Haliclona (Haliclona) simulans, é unha especie moi polimórfica, pero a súa aparencia é porosa e adoita presentar zonas con diferentes cores acastañadas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fistulosa*, é un epíteto latino que significa “con fistulas”, “con proxeccións”, e refírese ás protuberancias que presenta sobre a súa superficie.



Haliclona (Haliclona) oculata (Linnaeus, 1759)

Esponxa arbustiva ramificada, que pode alcanzar tamaños de ata 50 cm de alto. Os exemplares novos presentan un desenvolvemento en forma de dedos, mentres que nos exemplares vellos as ramificacións están ben desenvolvidas. As ramas poden permanecer illadas en toda a súa lonxitude a partir dunha base común ou pola contra soldarse na súa maior parte. O máis normal é un desenvolvemento intermedio. As ramas tenden a ser comprimidas lateralmente, finalizando frecuentemente en extremos cegos redondeados, aínda que ocasionalmente estes extremos poidan ser afiados. Os ósculos son pequenos, dun diámetro máximo de 1 mm, con elevados bordos diminutos e xeralmente dispostos aliñados ao longo da parte estreita das aplanadas ramas. A súa superficie é moi suave e aterciopelada ao tacto, lixeiramente hispida, e a súa consistencia suave e elástica, aínda que non fráxil. Perde a elasticidade cara á súa base, sendo esta firme e incompresible. Cor castaña clara, marrón, avermellada e mesmo laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 100 metros de profundidade, en fondos rochosos e de area, ancorada a rochas ou cunchas. Ten preferencia por zonas con material en suspensión protexidas da acción das ondas, pero expostas a correntes de marea moderadas ou fortes. A súa capacidade de tolerancia á contaminación e a augas salobres fai que a podamos atopar en portos e baías.

DISTRIBUCIÓN:

En augas europeas a súa distribución esténdese desde o norte de Noruega ata o sur de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:


Axinella dissimilis, é de cor amarela, as súas ramas son aplanadas e espatuladas, variando o seu tamaño ao longo das mesmas.


Axinella polypoides, é de cor amarela, ramifícase de forma moito máis ampla e os ósculos sobre as súas ramas presentan un colar translúcido que os eleva sobre a superficie da esponxa.

Haliclona (Haliclona) simulans, non presenta exclusivamente un desenvolvemento arbustivo, e no caso de desenvolvemento arbustivo as súas ramas son aplanadas e os ósculos non están aliñados sobre as mesmas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *oculata*, deriva do epíteto latino “*oculatus*”, que significa “con ollos”, “provisto de ollos”, e refírese aos numerosos ósculos que presenta a modo de pequenos ollos.



Haliclona (Haliclona) simulans (Johnston, 1842)

Esta esponxa é moi polimórfica, podendo formar finas follas incrustantes, ramificarse de forma reptante ou ter forma arborescente ramificada de forma desordenada, con ramas aplanadas. As ramas chegan a alcanzar 10 mm de diámetro. No intermareal desenvólvese como incrustacións finas e planas baixo pedras, mentres que en augas profundas o seu desenvolvemento é xeralmente de forma ramosa reptante, volvéndose algo nodulosa nas proximidades dos ósculos. Presenta unha gran plasticidade ata o extremo que dous exemplares poden chegar a anastomosar as súas ramas para fundirse nun só exemplar. Os ósculos duns 2 mm de diámetro, poden estar a nivel da superficie da esponxa ou lixeiramente elevados e distribuídos de forma uniforme, situándose, no caso das formas ramosas a ambos os dous lados das ramas. Os poros inhalantes son moito máis pequenos, podendo apreciarse nunha inspección próxima. A súa superficie é suave, algo aveludada, e a súa consistencia firme e incompresible, coma se fose unha cortiza. É característico desta esponxa presentar diferentes áreas da mesma con diferentes tons de cor marrón, amarela, laranxa e mesmo branca, sendo máis ou menos escuras dependendo da exposición á luz. As partes mortas da esponxa son de cor amarela alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Baixo pedras na zona intermareal e sobre rochas a profundidades de ata 30 metros, en estuarios e zonas sedimentarias. A forma recubrinte é común baixo rochas ou en extraplomos. As colonias arborescentes ramificadas adoitan crecer sobre rochas en zonas abrigadas da acción das ondas, pero con correntes de marea fortes. Atópámola tamén crescendo de forma fistulosa usando para iso unha gorgonia.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata Marrocos, incluíndo Azores, Canarias e o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *simulans*, é unha palabra latina que significa “simulando”, finxindo”, e refírese ao seu gran polimorfismo e, por tanto, a posibilidade de confundila con outras especies.



Haliclona (Reniera) cinerea (Grant, 1826)

Esponxa de tamaño e forma altamente variable, pode presentarse en forma de finas láminas incrustantes ou de suaves lóbulos redondeados. Baixo rochas intermareais, en zonas de pouco movemento de auga forma láminas incrustantes finas que non exceden un tamaño de 10 cm cuns poucos ósculos pequenos, mentres que en zonas con correntes de marea moderadas ou fortes desenvolve láminas máis grosas, de maior tamaño, cun perímetro moi irregular e con numerosos procesos tubulares e fistulosos onde se dispoñen os ósculos, a miúdo recubriendo a maior parte da rocha. En zonas profundas con correntes de marea fortes ou moderadas forma un grupo de ramas osculares, delgadas, elevadas e longas, con forma de procesos fistulares, que se fixan ao substrato intermitentemente cunha base incrustante grande. Os ósculos dispóñense de forma irregular, a nivel da superficie ou elevados lixeiramente, cun bordo delgado e transparente; nas formas incrustantes distribúense pola superficie da esponxa, nas formas tubulares no ápice das “chemineas”. A súa superficie é suave e lisa, se se examina de preto dá a impresión de estar formada por finas fibras a modo dunha rede frouxa con espazos irregulares entre estas e a súa consistencia é moi suave e flexible, non diferenciándose a capa superficial doutras capas máis interiores da esponxa. Cor castaña, rosa, lavanda, e mesmo ás veces púrpura escura. Esta última cor caracteriza ás esponxas situadas en zonas moi iluminadas ou de augas limpas, mentres que as de cor clara, ás esponxas situadas en lugares con pouca iluminación.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre rochas a profundidades de entre 10 e 30 metros de profundidade, en lugares moderadamente expostos ou en zonas abrigadas pero con correntes de marea. A forma de chemineas altas dáse nas condicións máis abrigadas. Pode atoparse esporadicamente no intermareal ou en augas menos profundas, nestes casos baixo pedras.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o oeste de África, incluíndo o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cinerea*, é un epíteto latino que significa “de cor cinza”, e refírese á cor que presentaba o exemplar conservado para a súa descrición.



***Haliclona (Rhizoniera) indistincta* (Bowerbank, 1866)**

Espónxa incrustante que forma follas delgadas acolchadas de forma indefinida que poden variar en tamaño duns poucos centímetros ata 25 cm. Os ósculos están repartidos de forma irregular, situados a nivel da superficie ou lixeiramente elevados sobre ela, de ata 5 mm de diámetro. A súa superficie é lixeiramente irregular, totalmente punteada, o que lle confire unha aparencia peluda e cunhas canles exhalantes claramente visibles converxendo nos ósculos. A súa consistencia é suave e fráxil. Cor violeta, branca rosada ou marrón verdosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre todo tipo de substratos, desde a liña de baixamar ata os 20 metros de profundidade. En paredes rochosas abrigadas con algo de area, baixo saíntes rochosos, baixo pedras ou sobre algas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata as costas atlánticas da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *indistincta*, é un epíteto latino que significa “indistinta”, “indistinguible”, e refírese á variabilidade da súa forma e á falta de caracteres distintivos.



***Haliclona (Rhizoniera) rosea* (Bowerbank, 1866)**

Esponxa polimórfica incrustante, que presenta diferentes formas de desenvolvemento. Baixo as pedras intermareais pode formar pequenas capas incrustantes lisas e finas, non superiores aos 5 cm de ancho, con un ou dous pequenos ósculos. Outra forma de desenvolvemento é mediante grosas incrustacións, en forma de montículos ou masivo irregular, a miúdo con procesos fistulares con grandes ósculos, e cunha extensión de ata 15 cm. Os ósculos están dispersos, situándose a nivel da esponxa ou lixeiramente elevados nas pequenas capas incrustantes, cun diámetro de ata 2 mm, e nos ápices de pequenas elevacións cun diámetro de 0'5-1 cm nas formas maiores e masivas. A súa superficie é lisa, irregularmente punteada e lixeiramente hispida como consecuencia da proxección de espículas, e a súa consistencia é suave e fráxil. Cor rosa ou rosada, ás veces lixeiramente acastañada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 100 metros de profundidade, fixa a substratos duros como fondos rochosos, baixo pedras ou sobre outros animais sésiles previamente fixados ao substrato, como cirripedos balanomorfos.

DISTRIBUCIÓN:

Do océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con *Haliclona (Reniera) cinerea* e con *Haliclona (Rhizoniera) indistinta*.

A pesar de que *Haliclona (Rhizoniera) rosea* pode ser difícil de describir morfoloxicamente pola súa variabilidade e de que *Haliclona (Reniera) cinerea* presenta aínda un maior polimorfismo, *Haliclona (Rhizoniera) rosea* non mostra o desenvolvemento tubular en forma de “chemineas” de *Haliclona (Reniera) cinerea*, e esta última non habita a zona intermareal, senón que é sempre sublitoral.

Respecto a *Haliclona (Rhizoniera) indistinta*, presenta un hábitat, forma e cor parecidos, pero na esponxa viva pódense apreciar claramente as canles acuíferas converxendo nos ósculos, cousa que non ocorre nesta.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rosea*, é un epíteto latino que significa “rosada”, “de cor rosa”, e refírese á súa cor.



Haliclona (Rhizoniera) viscosa (Topsent, 1888)

Esta esponxa presenta formas variables dependendo do microhábitat no que se atope, aínda que tipicamente desenvólvese recubrindo rochas con formas de papilas ou “chemineas” (con forma de volcán) cun amplo ósculo terminal, as “chemineas” dispóñense en filas irregulares. Os ósculos son grandes, podendo alcanzar un diámetro de 1 cm e están situados nos ápices das “chemineas”. A súa superficie é suave pero irregular como consecuencia das engurras lonxitudinais e transversais así como ás elevacións desiguais, e a súa consistencia é máis ben firme, moi limosa e xelatinosa ao tacto. Cor púrpura agrisada, aínda que pode tamén ser amarelada con tinguiduras rosadas, a cor normalmente é máis destacada na parte superior das “chemineas”.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 50 metros de profundidade, sobre rochas, normalmente en paredes verticais, en zonas cun considerable movemento da auga (ben sexa pola súa exposición á acción das ondas, ou a fortes correntes de marea).

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con *Haliclona (Rhizoniera) rosea* e con *Haliclona (Reniera) cinerea*, aínda que esta especie é unha das de menor variabilidade (de aí as súas poucas sinonimias) dentro do xénero, presentando sempre un desenvolvemento en forma de tubos máis ou menos anastomosados coa súa superficie rugosa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *viscosa*, é un epíteto latino que significa “viscoso”, “pegañento”, “xelatinoso”, e refírese á súa consistencia.



Haliclona (Soestella) xena De Weerd, 1986

Esponxa que desenvolve unha base masiva incrustante de ata 40 cm de diámetro, da que xorden tubos osculares, de ata 5 cm de alto por 1 cm de diámetro máximo, cun grosor de 2 a 6 mm, e dixitacións sólidas. Os tubos, que sobresaen da esponxa ou doutros tubos a diferentes niveis, presentan forma de ánfora cilíndrica e son ocos. Os ósculos, que son circulares ou de contorno irregular e de entre 1 e 6 mm de diámetro, sitúanse de forma terminal nos tubos. A súa superficie é bastante irregular, causado polas numerosas dixitacións que se ramifican desde o corpo principal e desde os tubos, e pode ser fortemente hispida. A súa consistencia é suave ao tacto e moi fráxil. A cor rosa é o máis común, ás veces tamén amarela, marrón ou púrpura.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre rochas, normalmente en paredes verticais, en zonas cun considerable movemento de auga (ben sexa expostas á acción das ondas, ou por fortes correntes de marea), a profundidades de ata 50 metros.


DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o noroeste da Península Ibérica. O exemplar foi fotografado nos flotadores dos pantaláns do club náutico de Ribeira na ría de Arousa (Galicia).

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *xena*, provén da palabra grega “xenos” que significa “estraño”, “do exterior”, facendo referencia a unha máis que probable introdución da especie en partidas de ostra de Holanda, onde foron atopados os exemplares a partir dos cales se describiu esta especie.

É unha especie exótica que se está estendendo por augas europeas en importación de moluscos para o seu cultivo ou depuración.

Petrosia (Petrosia) ficiformis (Poiret, 1789)

A forma desta esponxa é moi variable, pode parecer unha lámina, unha rede de ramificacións regordechas unidas entre si cos ósculos dispersos no extremo dos lóbulos, ou formas esféricas ou ovaladas cun ósculo apical. A súa consistencia é compacta, dura e áspera ao tacto. Os poros inhalantes pasan desapercibidos, mentres que os ósculos posúen un reborde exterior e chegan a medir 5 mm de diámetro. A cor é moi variable, dependendo da iluminación da zona onde estea, violeta rosácea, parda ou esbrancuxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En fondos rochosos desde a superficie ata máis de 70 metros de profundidade. Mostra preferencia por zonas sombrías, por iso acostuma a estar baixo saíntes, baixo pedras ou en covas. Caracterízase pola presenza de cianobacterias fotosintéticas que viven en simbiose cos seus tecidos superficiais; a elas débese a súa variación na cor.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o golfo de Biscaia ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ficiformis*, é un epíteto latino que significa “con forma de figo”, e refírese á forma que presentaba o espécime tipo conservado.

Desta esponxa aliméntase especificamente a lesma de mar *Peltodoris atromaculata*, coñecida vulgarmente como “vaquiña suíza”.

Oceanapia isodictyiformis (Carter, 1882)

Esta esponxa componse dunha fina parte basal incrustante que pode incorporar pequenos anacos de cunchas ou sedimento, normalmente recuberta polo substrato, da cal se elevan fístulas duns 2 mm de diámetro por ata 4 cm de altura. As fístulas, fráxiles e de paredes moi delgadas, son de sección cilíndrica, cun diámetro variable na súa lonxitude, e poden ser simples ou estar ramificadas. No ápice de cada fístula sitúase un ósculo. Cor da parte basal beixe e fístulas de cor branca sucia translúcida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 aos 20 metros de profundidade, sobre fondo rochoso con abundante sedimentación e cascallo, crecendo sobre a parte superior de pedras, a súa parte basal adoita estar enterrada nunha fina capa de sedimento; tamén baixo pedras.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o suroeste de Irlanda ata as illas Canarias, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pola súa forma pode confundirse nun principio cunha esponxa do xénero *Polymastia*, aínda que nunha inspección de detalle pódense apreciar facilmente que as fístulas desta especie son moi finas, tubulares e poden estar ramificadas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *isodictyiformis*, fai referencia á clara reticulación esquelética desta especie de esponxa.

Acarnus tortilis Topsent, 1892

Esponxa que pode desenvolverse de forma masiva ou de forma finamente incrustante e alcanzar uns poucos centímetros de lonxitude. Adoita aglutinar partículas do substrato, anacos de algas, hidrozooos ou anacos de maërl. A súa superficie é lisa, excepto en zonas onde as longas megascleras perforan a superficie e asoman sobre esta. A súa consistencia é moi suave, branda e lixeiramente pegañenta. Os ósculos son diminutos e pasan por iso totalmente desapercibidos. Cor laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior do intermareal ata os 90 metros de profundidade, sobre algas calcarias, en estípites de laminarias, sobre outras esponxas ou sobre tubos de poliquetos. Na fotografía aparece sobre a parte do tubo dun poliqueto sedentario (*Chaetopterus variopedatus*), que sobresaia da superficie do fondo mariño.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da Península Ibérica ata as illas de Cabo Verde, incluíndo as Azores e o oeste do Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *tortilis*, é unha palabra latina que significa “torcido”, e refírese á forma das toxas que posúe no seu sistema esquelético.



Iophon nigricans (Bowerbank, 1858)

Esponxa polimórfica que forma amplas bases incrustantes, de forma irregular, a partir das cales pode desenvolverse con forma de lóbulos ou con proxeccións dixitiformes, máis ou menos verticais, e que pode alcanzar varios centímetros cadrados de extensión. A súa superficie é irregular, con zonas elevadas, aparentemente máis densas e soportadas por un esqueleto subdémico, con superficies membranosas transparentes entre esas cristas. A súa consistencia é suave e facilmente desmenuzable. Os ósculos están lixeiramente elevados por bordos transparentes e atópanse na parte superior dos lóbulos ou aliñados ao longo das proxeccións. Ao sacar a esponxa da auga os ósculos desaparecen e colápsase a membrana superficial. Cor variable, branca, gris, amarela brillante ou laranxa; ao sacala da auga vólvese de cor negra rápido en contacto co aire.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En zonas protexidas pero expostas a moderadas ou fortes correntes de marea. Sobre fondos rochosos, pedras e cunchas, desde os 10 ata os 100 metros de profundidade.

DISTRIBUCIÓN:


Desde o sur de Noruega ata o noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Os grandes exemplares sen proxeccións poden confundirse a primeira ollada con exemplares de *Myxilla incrustans* ou *Myxilla rosacea*.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *nigricans*, é un epíteto latino que significa “denegrado”, e refírese á rapidez con que a esponxa vira negra en contacto co aire.



Lycopodina hypogea (Vacelet & Boury-Esnault, 1996)

Esponxa de forma simétrica e de ata 2 cm de alto. Está composta por un fino talo que a fixa ao substrato, que finaliza nunha cabeza amplamente ovalada dotada de longos e finos fíos que teñen nos seus extremos diminutos ganchos parecidos aos do “velcro”. Non posúe sistema acuífero como as esponxas tradicionais. Cor branca translúcida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

É unha esponxa de augas profundas, que normalmente habita entre os 1000 e 3000 m de profundidade, fixa a fondos rochosos. Foi localizada no Mediterráneo en profundidades de 17-22 metros, en lugares con condicións ambientais similares ás dos ambientes profundos: temperatura constante entre 12-14 °C, ausencia ou pouca luz e escaso movemento de auga. Os exemplares fotografados atopáronse nun contraplomo en 38 m de profundidade nun baixo sedimentario no centro da ría; cumpría coas condicións de temperatura (13 °C de media), pouquísima luz por turbidez e ausencia de movemento de auga. É unha especie carnívora que se alimenta de diminutos crustáceos, para iso usa os finos fíos a modo de anzois; unha vez fixa a presa cun dos fíos, este vaise acurtando e engrosando, mentres os outros fíos van envolvendo ata quedar retida no seu interior onde se produce a súa dixestión; posteriormente a esponxa volve ao seu aspecto inicial.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hypogea*, deriva do termo grego “hypogeios” (subterráneo), en referencia ao encontro nunha cova submarina da costa mediterránea francesa dos exemplares que serviron para a súa descrición.

Algúns autores non consideran esta especie unha esponxa ao uso e pensan que a súa vida sésil e a posesión de espículas non xustifican a súa clasificación dentro deste filo; fundamentándoo na súa forma de alimentación, o movemento das súas células e a falta do típico sistema acuífero das esponxas.



Celtodoryx ciocalyptoides (Burton, 1935)

Esta esponxa presenta dous claros morfotipos. Unha forma masiva recubrinte con grosos medios de 8 a 10 cm, esporadicamente en condicións ideais de ata 50 cm, e que pode chegar a cubrir áreas rochosas de máis de 1 metro cadrado, cunha superficie recuberta de pequenos lóbulos e salpicada de pequenas chemineas sobre as que se abren os diminutos e imperceptibles ósculos, e que ás veces se atopa totalmente camuflada por numerosas especies epibiontes e sedimento; estas formas redondeadas e masivas poden ser características de exemplares vellos e adoitan estar asociadas a exemplares de augas pouco profundas. O outro morfotipo é a forma tapizante de cuxa base, que acostuma estar tapada polo sedimento, xorden lóbulos na cima dos cales se atopan os ósculos; este morfotipo parece ser que é característico de exemplares novos ou de augas profundas. A consistencia da esponxa é moi suave, esponxosa, debido en parte ao seu espesor e a cantidade de materia orgánica nos seus tecidos. Cor amarela pálida no seu exterior e amarela máis forte no interior.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 38 metros de profundidade, sobre fondos rochosos ou pedras e sobre fondos pedregosos areosos, en zonas protexidas (baías, estuarios, rías, etc...) con fortes correntes de marea e con abundante sedimentación. Esta especie busca ambientes caracterizados por unha gran turbidez e un forte hidrodinamismo, preferindo substratos rochosos máis ou menos recubertos de sedimento e de pequenos anacos de cunchas. Crese que a profundidade á que se atope pode influír na súa forma e tamaño; mentres que os exemplares situados a máis de 10 metros son de pequeno tamaño (13-20 cm) e están máis dispersos, os exemplares grandes atópanse entre os 2 e os 8 metros de profundidade; é posible que as condicións que se dan en augas máis profundas (maior presión e menor visibilidade), limiten o crecemento da esponxa. Está ausente de zonas de fortes correntes (maiores de 5 nós) e é rara en zonas verticais ou cun brusco cambio de cota, decantándose por zonas rochosas de pendente lixeira. Reprodúcese de forma sexual, aínda que se descoñece o seu período de reprodución, está a ser obxecto de estudo na actualidade; pode reproducirse tamén de forma asexual dividíndose, o que lle permite ampliar a súa capacidade de dispersión e colonizar así novas zonas, grazas á súa enorme capacidade de rexeneración.

DISTRIBUCIÓN:

En Europa esténdese desde a canle da Mancha ata o noroeste da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ciocalyptoides*, é un epíteto latino composto por “cio” (columna), “calypt” (sobre, cuberto) e “oide” (con forma de), e refírese ás papilas que desenvolve sobre a súa superficie.

É unha especie orixinaria de Asia, concretamente do mar Amarelo e do mar de Xapón, que se cre que se estendeu a augas europeas en partidas de ostras (*Magallana gigas*) importadas desas augas para o seu cultivo. En augas europeas foi observada por primeira vez na ría de Etel pola doutora Annie Girard, sendo inicialmente descrita como unha especie nova e posteriormente renomeada no ano 2011.

***Forcepia (Leptolabis) luciensis* (Topsent, 1888)**

Esponxa incrustante que forma finas láminas que aglutinan grans de area, sedimento, pequenas pedras, e que pode alcanzar unha extensión de varios centímetros cadrados. Sobre a súa superficie e de forma desordenada elévanse unhas papilas lateralmente aplanadas, de diferentes tamaños, na cima das cales ábrense uns pequenos e imperceptibles ósculos. Cor marrón clara a amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 20 ata os 450 metros de profundidade, sobre fondos rochosos sedimentarios.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Inglaterra ata o Mediterráneo e as illas de Cabo Verde.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *luciensis*, é un xentilicio latino que significa “de Luc”, e refírese a que a especie tipo que serviu para a súa descrición proviña da comunidade de Luc-sur-Mer, departamento de Calvados na rexión de Normandía (Francia).



***Lissodendoryx (Lissodenddoryx) isodictyalis* (Carter, 1882)**

Esonxa que forma incrustacións amorfas ou masivo lobuladas de 0'5-12 cm de alto por ata 20 cm de diámetro. A súa superficie é ondulada pero lisa, normalmente composta por unha membrana ectosomal incolora sobre espazos subectosomais que converxen cara aos ósculos. Os ósculos son visibles, de 5-10 mm de diámetro, elevados por colares translúcidos membranáceos e situados sobre montículos ou procesos dicitiformes de 2-15 cm de alto. A consistencia da esponxa é suave pero viscosa, compresible, flácida e facilmente desgarrable; cando se espreme baixo a auga exuda líquido da súa cor. En augas galegas a súa coloración é alaranxada, aínda que se describiu cunha gran variedade de cores: púrpura, azul, azul clara, gris azulada, verde azulada, turquesa, verde oliva, verde clara, amarela verdosa, amarela clara, amarela dourada, gris e case branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 50 metros de profundidade, sobre substratos rochosos e substratos artificiais, como epibionte de ascidias e moluscos e en zonas de detritus. Mostra preferencia por enclaves batidos, onde se asocia a *Semibalanus balanoides* en superficies extraplomadas. É unha especie altamente resistente a o estrés ambiental, como exposicións prolongadas ao aire ou a altas temperaturas, durante as mareas baixas na zona intermareal, e a salinidades baixas despois de fortes choivas. A gran variabilidade de cor nesta especie pode estar relacionada con algas epibiontes nos seus tecidos.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie case cosmopolita que en augas europeas foi citada no noroeste peninsular e no Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Amphilectus fucorum, é unha esponxa extremadamente polimórfica coa que se pode confundir na súa forma lobulada, pero a súa superficie é aparentemente porosa por mor dos ostiols que perforan regularmente a súa superficie.

Hymeniacidon perlevis, a súa superficie presenta numerosas pequenas papilas, ademais das osculiformes.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *isodictyalis*, é un epíteto latino que significa “con mallas iguais”, e refírese á súa regular reticulación esquelética.

É unha especie orixinariamente descrita no Caribe e que presenta diferenzas entre estes exemplares e os atopados en augas europeas. Eventualmente, os exemplares europeos deberían ser descritos como unha nova especie, segundo algúns autores.

Crambe crambe (Schmidt, 1862)

Esonxa que se desenvolve de forma incrustante ou lobulada, cun tamaño que pode variar entre uns poucos centímetros cadrados a preto dun metro cadrado, e un espesor máximo de 10 mm. A súa superficie externa é lisa, brillante e está percorrida por canles que ocasionalmente presentan relevos. Os seus visibles e prominentes canles exhalantes conflúindo nos seus grandes e escasos ósculos, danlle un típico deseño estrelado. Cor vermella ou laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do límite inferior da baixamar ata os 40 metros de profundidade, preferentemente sobre substratos rochosos, aínda que tamén pode facelo sobre moluscos bivalvos, en zonas de baixa luminosidade como entradas de covas ou extraplomos rochosos.

Ten un crecemento moi lento, polo que se supón que os espécimes grandes poden ter décadas de idade. Produce substancias cunha potente actividade bioquímica que afectan a outros invertebrados mariños, o que ocasiona que non teña depredadores (método de defensa). A pesar de producir substancias tóxicas, non existe constancia de irritabilidade nin de toxicidade para o ser humano polo contacto coa súa pel.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome e a especie, *crambe*, é un epíteto latino co que se designaban os repolos ou a unha planta crucífera similar, e refírese ao cheiro parecido que esta especie libera durante a preparación de espículas.



Crella (Crella) elegans (Schmidt, 1862)

Esponxa incrustante de forma masiva que pode formar placas lisas ou grosas almofadas de onde xorden dixitacións cilíndricas. A súa superficie está provista de numerosas aureolas no interior das cales se dispoñen de forma apertada os poros inhalantes ou ostíolos. As canles exhalantes son visibles en forma de veas que percorren a súa superficie e terminan nos ósculos duns 3 mm de diámetro e que se sitúan lixeiramente elevados sobre a superficie no caso de exemplares con desenvolvemento en placa, ou no ápice das dixitacións. Esta esponxa presenta un tacto suave e consistencia firme, aínda que compresible. Cor da esponxa rosa crema ou violeta pálida cos cráteres areolados de cor lixeiramente máis escura e os ósculos de cor esbrancuxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 50 metros de profundidade, sobre rochas ás que se fixa e con frecuencia crece como epibionte de certos tipos de algas, especialmente do xénero *Cystoseira*. Tamén é común do coralíxeno.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo e o arquipélago de Madeira.

ESPECIES SEMELLANTES:


Hemimycale columella, é menos masiva, os poros inhalantes non se dispoñen de forma tan apertada nas áreas crateriformes e o perímetro destas aureolas está perfilado en cor branca.

Phorbas fictitius, as súas áreas crateriformes están elevadas por un lixeiro bordo translúcido e son da mesma cor que a esponxa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *elegans*, é un epíteto latino que significa “refinado”, “delicado”, e refírese á súa aparencia.

Un copépodo, *Cryptopontius capitalis* (Giesbrecht, 1895), vive como ectoparásito desta esponxa.



***Crella (Grayella) pulvinar* (Schmidt, 1868)**

Espónxa incrustante que forma finas láminas de contorno irregular que poden chegar a alcanzar varios decímetros cadrados de extensión. Sobre a súa superficie destacan uns cráteres areolados distribuídos de forma irregular, dentro dos cales se sitúan os poros inhalantes. Entre os cráteres obsérvanse, por transparencia, as canles acuíferas que conflúen nos ósculos, os cales son pequenos, poden ser contraídos e son escasos en número. Os ósculos diferéncianse facilmente dos poros inhalantes, pola confluencia das canles. Cor amarela, amarela alaranxada ou amarela verdosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En fondos rochosos, desde os 5 aos 80 metros de profundidade. É unha especie fotóbofa que busca lugares sombríos tales como entradas e paredes de covas, contraplomos, ou mesmo na parte inferior de pedras.

DISTRIBUCIÓN:

Do noroeste da Península Ibérica ata o arquipélago de Cabo Verde, incluíndo o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pulvinar*, é un epíteto latino que significa “almofada”, e refírese posiblemente á aparencia do exemplar usado para a súa descrición.



Crella (Pytheas) fusifera (Sarà, 1969)

Esponxa incrustante que forma finas láminas de ata 15 cm de extensión por apenas uns poucos milímetros de grosor. A súa superficie é suave, lisa e presenta numerosas e irregulares aureolas dispostas a nivel da superficie. Os ósculos son pequenos, crateriformes, non se elevan sobre a superficie da esponxa e son pouco aparentes ao confundirse coas aureolas da superficie da esponxa. A súa consistencia é firme. Cor rosa, gris ou violeta clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 60 metros de profundidade, sobre fondos rochosos, en paredes verticais ou contraplomos de zonas expostas de canles ou mar aberto.


DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo e Canarias.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fusifera*, é un epíteto latino que significa “con fusos”, e refírese ao seu esqueleto superficial formado por numerosas espículas en forma de fuso.



Crella (Yvesia) nodulosa Sarà, 1959

Esonxa incrustante que forma finas capas de ata 20 cm de lonxitude, por uns 4 mm de grosor máximo. A súa superficie, lisa a primeira ollada, elévase en pequenos montículos, distribuídos máis ou menos regularmente, e está totalmente recuberta de diminutas aureolas de forma máis ou menos redondeada. As canles exhalantes son visibles en forma de veas que percorren a súa superficie e terminan nos ósculos, duns 3 milímetros de diámetro, que se sitúan lixeiramente na cima dos montículos e elévanse por un bordo translúcido. Esta esponxa presenta un tacto suave e consistencia firme, aínda que compresible. Cor da esponxa esbrancuxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 20 metros de profundidade, sobre fondo rochoso, en paredes verticais recubrindo incluso outros animais sésiles que previamente estean asentados no substrato, como tubos de poliquetos ou ascidias solitarias, etc.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *nodulosa*, epíteto latino que significa “con nós”, “que ten nós”, refírese aos nós ou engrosamentos espiñentos que presentan os seus acantostilos.



Crella (Yvesia) rosea (Topsent, 1892)

Esponxa incrustante que forma masas masivo-lobuladas de ata 30 mm de grosor por 30 cm de longo. A superficie, de consistencia suave pero moi resistente, ten un aspecto máis ou menos translúcido, cos poros inhalantes reunidos en grupos, nesas zonas o seu grao de translucidez é menor. Os ósculos son grandes, atópanse situados en grupos na parte superior dos lóbulos e neles finalizan canles exhalantes que se aprecian a primeira ollada inchados e máis escuros. Esta esponxa presenta unha considerable contracción, pasando dunha forma lobular con superficies redondeadas a formas angulares. Cor vermella alaranxada diluída, tendendo ao violeta ou parda avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 300 metros de profundidade, sobre rochas verticais ou inclinadas en zonas expostas de canles ou mar aberto, recubriendo todo tipo de animais sésiles que previamente estaban fixos sobre o substrato, especialmente arneiróns.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Mysilla (Myxilla) rosacea, a súa superficie non é translúcida e os ósculos non están situados agrupados.

Phorbas plumosus, a súa superficie, non translúcida, é máis ou menos lisa e presenta numerosos ósculos pequenos e dispersos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rosea*, é un epíteto latino que significa “rosa”, “de cor rosa”, e refírese á tonalidade que presentan algúns dos exemplares.



Desmacidon fruticosum (Montagu, 1814)

Esponxa moi polimórfica, de desenvolvemento masivo-lobuloso, normalmente con procesos masivo-tubulares, e de consistencia firme e compresible, que pode chegar a alcanzar os 80 cm de alto, aínda que non adoita sobrepasar os 30 cm. O seu crecemento é desordenado e xeralmente con formas tubulares erectas sempre orientadas cara á superficie, independentemente da orientación do substrato onde estea fixada, pode ser sinxelo, cunhas poucas estruturas tubulares, ou masivo, con estruturas tubulares fundidas na base xurdindo desordenadamente e dando a impresión de malformacións en forma de mans; os tubos erectos adoitan ter un suco lonxitudinal nun dos seus lados. Os ósculos son moi pequenos, numerosos e están dispersos. A superficie da esponxa é espiñenta ao sobresaír lixeiramente as espículas. A cor da esponxa normalmente varía entre amarela e alaranxada, aínda que se poden atopar esporadicamente exemplares de cor violácea e en zonas sombrías exemplares case totalmente de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 110 metros de profundidade, xeralmente sobre superficies horizontais rochosas situadas en fondos de lodo, area ou cascallo, en zonas de correntes moderadas de marea. Observamos exemplares crecendo sobre gorgonias (na foto sobre *Eunicella gazella*), sen estar fixas directamente ao substrato. Solta grandes cantidades de moco e limo ao ser sacada da auga.


DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fruticosum*, é un epíteto latino que significa “arbustivo”, e refírese ao desenvolvemento da esponxa.



Amphilectus fucorum (Esper, 1794)

Esponxa extremadamente polimórfica, dependendo das condicións ambientais e da profundidade, de rápido crecemento, pode cambiar de forma nunhas semanas. O seu tamaño pode variar duns poucos centímetros cadrados a varios decímetros cadrados e ata uns 15 cm de alto nas formas ramificadas. Pode tomar forma de finas láminas incrustantes, montículos, masivo lobulada ou ramificada. A superficie é áspera, cos ósculos repartidos por toda a esponxa na cima de montículos (tipo “volcán”) no caso das formas incrustantes, ou en series lineais e só lixeiramente elevados no caso das formas lobuladas. Os ostiolos perforan toda a superficie da esponxa dándolle un aspecto esponxoso. A súa consistencia é suave, delicada e moi flexible, cunha lixeira capacidade de contracción. O seu tacto é suave e a esponxa rompe facilmente, sendo moi comprimible. A súa cor é vermella alaranxada intensa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 40 metros de profundidade, en lugares abrigados ou zonas expostas, sobre rochas ou baixo pedras, pode crecer sobre hidrozoo erectos ou sobre talos de laminaria.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Noruega ata o sur de Portugal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fucorum*, é un epíteto latino que deriva de *Fucus* (especie de alga), e refírese á súa frecuente inclusión entre este tipo de algas.



Amphilectus ovulum (Schmidt, 1870)

Esponxa que forma masas ovoides ou aplanadas, de entre 4 e 20 mm de diámetro. Os exemplares máis grandes tenden a ser cilíndricos ou bastante irregulares na súa forma como consecuencia do crecemento ao longo das ramas do organismo onde estean ancorados, fusionándose varios individuos nun principio separados. Presenta unha consistencia elástica, moi suave, sen contracción, cunha superficie finamente hispida e de cor entre amarela parda e beixe. Normalmente presenta un só ósculo por individuo, exemplares maiores (xorden da fusión de varios) poden presentar varios ósculos en filas ou dispersos.

HÁBITAT E BIOLOGÍA:

Esta esponxa atópase normalmente entre algas, hidrozoos ou briozoos erectos, sobre os que se fixa e desenvolve, desde as charcas de marea ata os 200 metros de profundidade. Xeralmente en zonas de forte movemento de auga. Atópase a miúdo en rías e entradas de mar con desembocaduras de ríos ou regachos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas de Groenlandia ata o sur da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ovulum*, é un epíteto latino que significa “ovos pequenos”, “oviños”, e refírese á súa forma.



Guitarra solorzanoi Cristobo, 1998

Esponxa de desenvolvemento globular, semiesférica, fixa ao substrato por unha ampla base e que pode chegar a alcanzar un diámetro de 12 cm. A súa superficie está case completamente recuberta por áreas cribosas, crateriformes, de forma redondeada e ata 11 mm de diámetro, que se elevan sobre a superficie da esponxa uns 2 mm e no interior das cales se atopan grupos de ostíolos. Na parte superior da esponxa atópanse 1 ou 2 ósculos de forma ovalada, asimétricos, lixeiramente elevados por un bordo case transparente e de ata 10 mm de diámetro; poden dispoñerse de forma apical ou lixeiramente lateral. A superficie da esponxa presenta un tacto aveludado, a súa consistencia é suave e flexible e non é moi resistente á tracción. Cor amarela pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 25 ata 60 metros de profundidade, en fondos graníticos sedimentarios, sobre rochas ou pedras, cun baixo nivel de luminosidade ocasionado por partículas en suspensión e con moderadas correntes de marea.

DISTRIBUCIÓN:

Noroeste da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *solorzanoi*, está dedicado ao Dr. Manuel Rodríguez Solórzano, doutor en bioloxía, especialista en poríferos, codirector da tese do autor da descrición e amigo persoal do autor, pola súa contribución ao coñecemento dos poríferos da costa galega.



Hemimycale columella (Bowerbank, 1874)

Esponxa incrustante que pode alcanzar os 10 mm de grosor por 30 cm de diámetro, recubriendo superficies rochosas. A súa consistencia é branda e flexible, de superficie suave e cor variable entre améndoa pálida, alaranxada, rosada e amarelada. A superficie desta esponxa presenta numerosos cráteres resaltados por unha costela circular, cada un dos cales presenta no seu interior un ou máis poros que lle confiren aspecto de colmea. Os ósculos de 1 mm de diámetro son imperceptibles como consecuencia do seu pequeno tamaño.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 40 metros de profundidade, é unha especie pouco común que aparece en fondos rochosos, sombríos e de moderado hidrodinamismo. En zonas profundas ten un aspecto masivo e ramificado, sendo recubrinte preto de superficie. Reprodúcese no mes de xullo de forma sexual. Soporta a presenza de algas e doutros animais bentónicos. Cando se saca á superficie, esta esponxa emana un típico cheiro a cloro en canto entra en contacto co aire.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con *Phorbast fictitius*, pero aínda que presenta tamén unha superficie chea de cráteres, a periferia destes non está remarcada, os ósculos non son visibles no interior das depresións e a cor da súa superficie adoita ser avermellada.

CURIOSIDADES:

O nome desta especie, *columella*, é un epíteto latino que significa “columna”, e refírese á forma en que se dispoñen as espículas no seu sistema esquelético, verticais en forma de columnas.



***Hymedesmia (Hymedesmia) consanguinea* Lundbeck, 1910**

Esonxa incrustante que forma finas láminas de contorno irregular e de varios centímetros de lonxitude. A súa superficie está recuberta de forma máis ou menos regular por campos de ostiolas areoladas en forma de cráteres cos bordos lixeiramente elevados. Os ósculos, poucos en número, elévanse lixeiramente sobre a superficie da esponxa e neles conflúen as canles exhalantes claramente visibles. A súa consistencia é branda e presenta unha gran capacidade de contracción, ao ser capaz de colapsar tanto os ósculos como as aureolas da súa superficie. A súa cor é amarela cremosa ou beixe.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 15 metros ata máis de 1000 metros de profundidade, sobre pedras, recubrido a outros animais sésiles como braquiópodos ou ramas de coral, na parte inferior de pedras ou en covas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o noroeste da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *consanguinea*, é un epíteto latino que significa “que ten parentesco”, “que é próximo”, e refírese, segundo o autor da descrición desta especie, á semellanza que esta especie presenta con *Hymedesmia (Hymedesmia) mucronata*, nos tipos de espículas que posúen ambas, non no seu tamaño.



***Hymedesmia (Hymedesmia) jecusculum* (Bowerbank, 1866)**

Pequena esponxa de consistencia suave que forma finas láminas dunha extensión de ata 10 cm, aínda que normalmente son máis pequenas. A súa superficie é lisa, onde destacan cráteres areolados de forma oval, no interior dos cales están os poros inhalantes. Albíscanse por transparencia, na súa superficie, canles exhalantes que finalizan nos ósculos, os cales son pequenos e poden non ser aparentes. A súa cor é vermella ou laranxa forte.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Normalmente en augas profundas a máis de 25 metros de profundidade, aínda que orixinalmente foi descrita a partir dun exemplar colleitado nunha pequena cova da zona intermareal, sobre fondos rochosos e sobre pedras.

DISTRIBUCIÓN:


Está soamente citada na costa oeste de Irlanda e en Escocia. O exemplar da fotografía foi atopado na ría de Arousa (Galicia).


ESPECIES SEMELLANTES:

Phorbast fictitius, presenta os cráteres dispostos sobre a súa superficie de forma máis regular e en maior cantidade e non se albiscan as canles exhalantes.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *jecusculum*, é unha palabra latina que significa “figado pequeno”, facendo así referencia á forma do espécime tipo en estado seco.



***Hymedesmia (Hymedesmia) lenta* Descatoire, 1966**

Esponxa incrustante que forma finas capas de ata 20 cm de lonxitude. A súa superficie, que é pegañenta ao tacto, aparece regularmente perforada por diminutos buracos, de forma redondeada e verrugosos, duns 2 mm, nos que se agrupan os ostíolos. Os ósculos atópanse repartidos pola colonia, están lixeiramente elevados, son de forma redonda e de ata 6-8 mm de diámetro; neles conflúen unhas canles exhalantes pouco aparentes. Cor laranxa brillante a amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o límite inferior da baixamar ata os 18 metros de profundidade, sobre rochas, en paredes verticais, baixo pedras ou en gretas, sobre estípites de laminarias e mesmo sobre gorgonias (na foto sobre *Eunicella verrucosa*).

DISTRIBUCIÓN:

Do oeste de Francia ata Portugal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lenta*, é un epíteto latino que significa “flexuoso”, e refírese á condición dun tipo das súas espículas (tornotes).



***Hymedesmia (Hymedesmia) pansa* Bowerbank, 1882**

Pequena esponxa de consistencia branda que conforma finas láminas incrustantes de perímetro irregular que recobren áreas duns 10 cm de diámetro, ou máis pequenas, ás veces parecen varias láminas independentes unidas. A súa superficie é lisa, con evidentes canles exhalantes subdérmicas visibles, e está densamente cuberta por cráteres elevados con bordos transparentes e de forma ovalada, en cuxo interior se dispoñen os ostíolos. Os ósculos poden ser non moi evidentes. Ten unha característica cor amarela pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 300 metros de profundidade, sobre rochas, pedras e cunchas de bivalvos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o oeste das illas británicas ata o Mediterráneo, incluíndo as Azores.


ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con outras especies de *Hymedesmia*, ou con *Hemimycale columella*, aínda que esta forma incrustacións máis grosas, normalmente de maior extensión e de cor beixe ou laranxa pálida.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pansa*, é unha palabra latina que significa “estendido”, “ampliado”, facendo referencia á forma.



***Hymedesmia (Hymedesmia) paupertas* (Bowerbank, 1866)**

Pequena esponxa que conforma finas láminas incrustantes de perímetro irregular, que recobren áreas de ata uns 15 cm de diámetro por uns 3 mm de grosor. Ás veces aparentan varias láminas independentes unidas. A súa superficie presenta cráteres, onde se sitúan os ostíolos, estando os ósculos normalmente situados no centro da esponxa elevados por un bordo translúcido. Presenta unha característica cor azul turquesa brillante, aínda que poden aparecer tamén de cor verde.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 80 metros de profundidade, sobre rochas e substratos duros, preferentemente en zonas con fortes correntes ou expostas ao mar.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Hymedesmia (Hymedesmia) versicolor, sobre todo coas de cor verde azulada, aínda que a cor azul turquesa de *H. paupertas* distínguea facilmente.

Terpios gelatinosus, alcanza un menor tamaño, a súa superficie é finamente hispida e os seus ósculos non son visibles normalmente a primeira ollada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *paupertas*, é unha palabra latina que significa “pobreza”, e refírese así á pouca atractiva aparencia do espécime tipo en seco.



***Hymedesmia (Hymedesmia) peachi* Bowerbank, 1882**

Pequena esponxa que conforma finas láminas incrustantes de perímetro irregular que recobren áreas de varios centímetros cadrados. A súa superficie é suave ou lixeiramente hispida e a súa consistencia branda. Os poucos ósculos que presenta, non son moi obvios e sitúanse lixeiramente elevados e rodeados de canles exhalantes translúcidos irradiantes. Cor de fondo entre agrisada e marrón, coa superficie translúcida e reticulada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 20 metros de profundidade, en zonas sombrías, debaixo de pedras, en covas, etc.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *peachi*, foille posto en honra á persoa que recolleu a mostra para a súa descrición, Mr. Peach de Escocia.



***Hymedesmia (Hymedesmia) rathlinia* Goodwin & Picton, 2009**

Distintiva esponxa que forma pequenos parches de entre 2 e 5 cm de tamaño. Estes parches son de forma irregular e normalmente hai pequenos parches adxacentes, que poden chegar a unirse. Cada un destes parches, ten unha ou varias estruturas superficiais que adoitan proxectarse por encima do sedimento, consisten nun ósculo central elevado rodeado dunha zona de entrada de auga similar ás áreas cribosas dos ostiolos; esta estrutura pode ser pechada a vontade en caso de molestia ou se as condicións ambientais se tornan desfavorables á esponxa. Cor amarela brillante ou amarela verdosa, ás veces con liñas de cor amarela escura ou laranxa irradiando desde as papilas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas profundas, a máis de 20 metros de profundidade, sobre fondos rochosos e sobre pedras, en zonas inclinadas ou verticais con correntes de marea entre moderadas e fortes. Busca sempre zonas de auga limpa cun mínimo de turbidez. Pode chegar a vivir varios anos e reproducése por medio de larvas nadadoras que, antes de asentarse no fondo, deben atopar un substrato adecuado con condicións ambientais óptimas.

DISTRIBUCIÓN:

Está soamente citada na costa norte de Irlanda e en Escocia. O exemplar da fotografía foi atopado en augas da ría de Arousa (Galicia).

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rathlinia*, fai referencia á illa de Rathlin en Irlanda do Norte, ao ser este lugar onde se recolleu o espécime tipo.



Hymedesmia (Hymedesmia) stellifera Goodwin & Picton, 2009

Esponxa que forma amplas láminas incrustantes de máis de 20 cm de tamaño pero moi finas, de 1 mm de grosor ou menos. Presenta numerosos ósculos dispostos de forma regular e moi prominentes, que están rodeados por numerosas canles osculares que conflúen neles, normalmente entre 10 e 20. Os extremos distais das canles osculares dos ósculos veciños tócanse entre eles, o que lle confire á superficie da esponxa un patrón regular estrelado. Cor entre amarela e laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Dos 15 ata os 40 metros de profundidade, en paredes rochosas ou baixo pedras estables en zonas de correntes de marea moderada. Esta especie de esponxa faise moi visible como consecuencia do seu tamaño, da súa brillante cor e da súa característica forma oscular.


DISTRIBUCIÓN:

Foi descrita na costa oeste de Escocia, sendo esta a cita coñecida máis ao sur, o que amplía considerablemente a súa distribución. O exemplar fotografado foi atopado nas augas da ría de Arousa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *stellifera*, fai referencia á aparencia estrelada da súa superficie.



***Hymedesmia (Hymedesmia) versicolor* (Topsent, 1893)**

Esponxa incrustante que forma finas láminas de contorno irregular e de ata 30 cm de lonxitude. A súa superficie está recuberta de forma irregular por campos de ostíolos areolados en forma de cráteres cos bordos elevados. Os ósculos, poucos en número e de menor diámetro que os cráteres dos ostíolos, tenden a confundirse con estes. A súa cor é verde, verde azulada e mesmo amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas máis profundas de 15 metros, na parte inferior de pedras ou en covas.

DISTRIBUCIÓN:


Desde a Bretaña francesa ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Hymedesmia (Hymedesmia) paupertas, sobre todo en exemplares de cor verde azulada, aínda que esta presenta unha característica cor azul turquesa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *versicolor*, fai referencia á súa variabilidade na cor, incluso dentro do mesmo exemplar, como se aprecia na foto.



***Hymedesmia (Stylopus) coriacea* (Fristedt, 1885)**

Pequena esponxa que forma finas lamíνας algo viscosas dunha extensión de ata 15 cm, cun grosor de 2-3 mm. A súa consistencia é firme e elástica, presentando unha lixeira contracción ao ser manipulada. A súa superficie presenta os poros inhalantes dispersos dunha maneira uniforme, con canles exhalantes; non presenta os típicos campos areolados de poros. Os ósculos son cónicos, cos bordos elevados e situados na zona de converxencia das canles exhalantes que se albiscan por transparencia na súa superficie, os cales son pequenos e poden non ser aparentes. A súa cor é gris acastañada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 20 metros de profundidade, sobre pedras, especialmente en zona de algas, e sobre cunchas, sendo común sobre as cunchas do bivalvo *Aequipecten opercularis*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Halisarca dujardini, esta non presenta unha superficie regularmente perforada por poros inhalantes tan evidentes.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *coriacea*, é unha palabra latina que significa “correúdo”, facendo referencia á súa consistencia en estado seco.



Hymedesmia (Stylopus) hibernica Stephens, 1916

Pequena esponxa de consistencia branda que forma finas láminas incrustantes de perímetro irregular que recobre áreas de ata uns 5 cm de diámetro, tamaño que pode aumentar ao unirse varios exemplares. A súa superficie, que é translúcida e deixa entrever unhas perforacións regulares, presenta cráteres areolados osculares de forma totalmente irregular tendendo a formas alongadas, cos bordos translúcidos e lixeiramente elevados, que se dispoñen dispersos sobre ela de forma totalmente caótica. Os ósculos, que son de forma redondeada, diminutos e lixeiramente elevados, atópanse na converxencia de canles exhalantes translúcidos non moi aparentes. A súa cor é amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 40 metros de profundidade, sobre rochas e pedras en zonas de mar aberto con fortes movementos de auga pero resgardados do envite das ondas.

DISTRIBUCIÓN:

Illas británicas e Irlanda. O exemplar fotografado foi atopado na ría de Arousa (Galicia).

ESPECIES SEMELLANTES:

Hymedesmia (Hymedesmia) pansa, a súa superficie non é tan translúcida, os cráteres areolares son de forma redondeada e están dispostos sobre a superficie da esponxa de forma máis regular.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hibernica*, é un epíteto latino que significa “relativo/concernente a Hibernia ou ás tribos Celtas que alí habitaban” (actualmente a illa de Irlanda), e refírese ao lugar onde se recolleu o exemplar tipo.




Hymedesmia sp.

Esponxa incrustante que forma finas capas de ata 40 cm de lonxitude. A súa superficie, que é suave ao tacto, aparece irregularmente perforada por diminutos buracos, de forma irregular e de diferente tamaño. Os ósculos, que se atopan repartidos por toda a colonia en gran número, están lixeiramente elevados por un collar translúcido lixeiramente cónico, son de forma redonda e de ata 4 mm de diámetro; nalgúns deles parecen confluír unha especie de curtos e deformes canles exhalantes pouco aparentes. Cor gris violácea, cos bordos dos ósculos máis claros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 38 metros de profundidade, sobre rochas, en paredes verticais ou baixo pedras.



Phorbas dives (Topsent, 1891)

Espónxa incrustante que forma capas irregulares de aproximadamente 10 mm de grosor e de ata un metro de extensión. A súa superficie, máis ou menos suave, é moi “porosa” e presenta unhas notorias e amplas canles subdermales que converxen nos ósculos, os cales teñen un notable tamaño e son numerosos. A consistencia da espónxa é compresible aínda que bastante resistente, rompe ao dobrala en 90°. A súa cor pode variar desde crema a acastañada, amarela verdosa e laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Dos 10 ata os 75 metros de profundidade, sobre substratos duros en paredes verticais, contraplomos ou baixo pedras, en zonas sombrías e expostas a correntes de marea ou ondada. Pode presentarse asociada á espónxa *Axinella dissimilis*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o suroeste de Irlanda e as illas británicas ata as costas do noroeste da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *dives*, é un epíteto latino que significa “rico”, e refírese ao gran número de tipos de microscleras que presenta esta especie.



Phorbas fictitius (Bowerbank, 1866)

Espónxa incrustante que forma capas de 14 mm de grosor e de ata 30 cm de diámetro. A súa superficie é plana, escorregadiza, branda e suave, con depresións circulares no interior das cales se sitúan os ostiolos (orificios de entrada da auga). Os ósculos distribúense regularmente pola superficie da espónxa, están elevados por bordos translúcidos, podendo ser visibles as canles osculares que conflúen neles. A súa cor varía enormemente dependendo da claridade da auga e dos niveis de iluminación, podendo variar desde verde, a laranxa ou vermella forte.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 30 metros de profundidade, normalmente en lugares de augas batidas sobre rochas e algas calcarias, con preferencia polas paredes verticais expostas a correntes de marea. Pode contraerse cando é molestada, pechando os ósculos e diminuíndo considerablemente as depresións circulares. Normalmente a cor da espónxa expresa a calidade da auga onde vive; en augas claras adoita ser vermella sangue, mentres que en augas turbias adoita ser de cor laranxa pálida.

DISTRIBUCIÓN:


Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Hemimycale columella, presenta os ósculos claramente visibles no interior das depresións, os bordos das depresións circulares da súa superficie son brancos e estas non están uniformemente distribuídas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fictitius*, é un epíteto latino que significa “artificial”, “falso”, e refírese á falsa asignación orixinal desta espónxa ao xénero *Microciona* admitido por Bowerbank.



Phorbas lieberkuehni (Burton, 1930)

Esponxa semimasiva incrustante que forma capas irregulares de varios centímetros de extensión. Sobre a súa superficie presenta dispersas, de forma máis ou menos uniforme, unhas depresións circulares elevadas con bordos translúcidos no interior das cales se dispoñen os ostíolos. Os ósculos son pequenos, de apenas 2-3 mm de diámetro que se elevan sobre a superficie da esponxa por medio duns altos colares cónicos translúcidos. Presenta unha superficie lisa cunha gran capacidade de contracción, sendo capaz de pechar os ósculos e as depresións circulares ata o punto de volvelas case invisibles. Cor marrón clara a marrón avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 100 metros de profundidade, sobre algas do xénero *Codium*, fondos de maërl aglutinando anacos de *Lithothamnium* e sobre fondos detríticos. Na foto inferior, sobre unha esponxa que crecía sobre un talo de hidrozoo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas de Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome desta especie, *lieberkuehni*, é na honra do médico alemán Johann Nathanael Lieberkühn (1711-1756) quen describiu esta esponxa baixo o nome de *Halichondria fasciculata*.



Phorbas plumosus (Montagu, 1814)

Esponxa incrustante que forma capas masivas e irregulares de entre 5 e 10 mm de grosor. En zonas abrigadas pode presentar formas masivo-lobuladas. A súa superficie é máis ou menos lisa con áreas elevadas. Os ósculos son pequenos, están dispersos e normalmente son numerosos, podendo estar situados en grupos. Algunhas canles exhalantes son visibles nas zonas próximas aos ósculos. A cor é variable, laranxa, violeta-marrón sucia ou escarlata.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde augas superficiais, onde se atopa normalmente, ata máis de 600 metros de profundidade, sobre fondos rochosos de zonas expostas a fortes correntes de marea.

DISTRIBUCIÓN:

Das costas de Noruega ata Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:


Crella (Yvesia) rosea, a súa superficie é translúcida, forma masas lobuladas, os seus ósculos están agrupados na parte superior dos lóbulos e presenta unha acusada contracción.

Myxilla (Myxilla) rosacea, a súa superficie presenta un aspecto poroso, os ósculos sitúanse elevados sobre cristas e neles converxen claras canles exhalantes.

CURIOSIDADES:

O nome desta especie, *plumosus*, é un epíteto latino que significa “emplumado”, “plumoso”, “con plumas”, e refírese á súa plumosa disposición esqueletrica.



Plocamionida ambigua (Bowerbank, 1866)

Esponxa que forma finas láminas incrustantes cunha extensión de pouco máis de 20 cm. A súa superficie, que é lisa, é lixeiramente hispida, aínda que se documentaron como tuberculados algúns exemplares do Mediterráneo. Os ósculos son numerosos e pequenos. A consistencia da esponxa é suave, pero difícil de determinar pola súa extrema delgadez. A súa cor varía da vermella pálida, laranxa, amarela a ocre; os exemplares de augas profundas son de cor agrisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 20 ata os 200 metros de profundidade, sobre cunchas de bivalvos, pedras e fondos rochosos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ambigua*, é un epíteto latino que significa “indecisa”, “dubidosa”, “incerta”, e refírese a que esta esponxa presenta grandes diferenzas nas súas distintas etapas de crecemento.

Algúns especialistas opinan que baixo este nome encádranse varias especies distintas.



Plocamionida tylotata Brondsted, 1932

Esponxa que forma finas láminas incrustantes cunha extensión de ata varios centímetros cadrados. A súa superficie lisa, é lixeiramente hispida, e está perforada homoxéneamente polos ostíolos, perfectamente apreciables a través do ectosoma que é translúcido e está lixeiramente areolado sobre eles. Os ósculos, numerosos e pequenos, elévanse sobre a superficie da esponxa por medio dun colar translúcido e neles finalizan visibles canles exhalantes de forma non regular. A consistencia da esponxa é suave, pero difícil de determinar pola súa extrema delgadez. A súa cor varía da laranxa pálida a amarela alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 20 ata os 400 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre paredes verticais, pedras e en corais de augas frías.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata Irlanda. O exemplar fotografado foi atopado na ría de Arousa (Galicia).

ESPECIES SEMELLANTES:

Anto (Jia) brattegardii, especie incrustante moi fina que forma capas de menor tamaño e os seus ósculos, pequenos, apenas se elevan sobre a superficie.


Hymedesmia (Hymedesmia) stellifera, os extremos das canles exhalantes dos ósculos tócanse entre veciños, dándolle un aspecto estrelado á esponxa.


Mycale (Carmia) macilenta, a súa superficie é aveludada e as súas canles exhalantes ramifícanse por toda a esponxa.

Myxilla (Myxilla) macrosigma, é incrustante masiva, forma capas de consistencia mucosa máis grosas e as súas grosas canles exhalantes son máis visibles.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *tylotata*, fai referencia á forma das espículas do ectosoma desta esponxa.



Plocamirotula arousensis Solórzano, 1990

excede os 2 cm. A súa superficie, de consistencia dura pero fráxil, presenta unha hispidación apertada. Non se lle observan aberturas osculíferas. A súa cor é alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 32 metros de profundidade, na biocenose de maërl, incrustando talos calcificados de algas calcarias.

DISTRIBUCIÓN:

Illa de Arousa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *arousensis*, é en referencia á localidade tipo, a ría de Arousa, única zona en Galicia onde foi atopada ata o de agora.

Esta esponxa foi descrita como especie e xénero novo polo doutor en bioloxía D. Manuel Rodríguez Solórzano na súa tese doutoral "Poríferos do Litoral Gallego: estudo faunístico, distribución e inventario", presentada na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela no ano 1990. Pero este descubrimento non foi publicado posteriormente en ningunha revista indexada especializada, aínda que o exemplar si que foi depositado no museo de Ciencias Naturais de Santiago, o que fai que existan discrepancias sobre a súa aceptación como especie. Por iso é interesante a recollida de exemplares para a súa redescrición.

Spanioplion armaturum (Bowerbank, 1866)

Esponxa incrustante recubrinte que forma pequenas capas de ata 9 cm de lonxitude e de apenas 1 cm de grosor. De consistencia moi suave, a súa superficie é lisa con profundas canles exhalantes que a volven desigual, nalgunhas zonas pode ser lixeiramente hispida, podendo volverse mesmo un pouco conulosa. Os ósculos (escasos, ás veces dispersos, e no caso dos exemplares que crecen sobre cunchas de bivalvos, normalmente situados nos bordos), dispóñense no final de profundas canles exhalantes; os ostiolos non son aparentes. Presenta unha considerable contracción, sobre todo ao sacala da auga cando se colapsan as canles exhalantes deixando profundos sucos. Cor agrisada ou marrón agrisada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 50 metros, en pedras, sobre cunchas de bivalvos e baixo pedras ou saíntes rochosos. Pode localizarse tanto en lugares expostos como moi protexidos. Esta esponxa atópase normalmente recubrinto as cunchas do bivalvo *Mimachlamys varia* (exemplar fotografado), desenvolvéndose en formas de coxíns que recobren totalmente as valvas, cun só ósculo no bordo exterior de cada valva. Con frecuencia adoita mesmo estar perforada por moitos tubos de vermes poliquetos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *armaturum*, é un epíteto latino que significa “equipado”, “armado”, e refírese aos acantostilos que presenta.

***Clathria (Microciona) armata* (Bowerbank, 1862)**

Esonxa incrustante que forma finas láminas de varios centímetros cadrados de extensión e 1-5 mm de grosor. A súa superficie, que é suave pero fortemente hispida, presenta unhas canles exhalantes subsuperficiais transparentes que desembocan nos ósculos. Cor vermella viva, vermella sangue ou laranxa avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde o intermareal ata os 180 metros de profundidade, sobre cunchas de bivalvos en fondos lamosos, sobre rochas e pedras en lugares protexidos, e sobre fondos rochosos en zonas de fortes correntes de marea.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con outras esponxas laranxas ou avermelladas. Só un exame das súas espículas pode confirmar a súa identificación.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *armata*, é un epíteto latino que significa “armada”, e refírese aos acantostilos que erizan as súas columnas esqueléticas.



Clathria (Microciona) ascendens (Cabocho, 1968)

Esponxa incrustante de textura branda e consistencia fráxil, que forma finas láminas de ata 3 mm de espesor, podendo alcanzar máis de 20 centímetros cadrados de extensión. A súa forma está en función da forma do substrato que recobre. A súa superficie é finamente conulosa, hispida, resultado da presenza de columnas esqueléticas ascendentes. Os ósculos, poucos en número, son pequenos e apenas diferenciables ao non elevarse sobre a súa superficie. Cor vermella.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 20 metros de profundidade, sobre fondos rochosos entre laminarias en lugares expostos.

DISTRIBUCIÓN:


Desde a Bretaña francesa ata o noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con outras esponxas laranxas ou avermelladas. Só un exame das súas espículas pode confirmar a súa identificación.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ascendens*, é un epíteto latino que significa “ascendente”, e refírese ás longas columnas esqueléticas ascendentes que esta esponxa presenta.



***Clathria (Microciona) atrasanguinea* (Bowerbank, 1862)**

Esonxa incrustante que forma finas láminas que poden recubrir extensas zonas, normalmente uns 30 cm de diámetro por uns 3 mm de grosor. A súa superficie está pouco estruturada, reflectindo a forma do substrato sobre o que se asenta. A súa superficie é de aparencia aveludada, minuciosamente punteada, e sobre ela destacan as canles exhalantes, claramente visibles como liñas ramificadas máis escuras. Os ósculos, onde converxen as canles exhalantes, presentan uns bordos transparentes lixeiramente elevados e están distribuídos regularmente por toda a superficie da esponxa. Cor vermella, vermella sangue (de aí o nome da especie) e vermella acastañada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a zona intermareal ata os 30 metros de profundidade, sobre superficies verticais rochosas ou sobre pecios, aínda que tamén pode incrustar pedras en zonas de fortes correntes.

DISTRIBUCIÓN:

Das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Antho (Acarinia) coriacea, a súa superficie é grumosa, desigual e finamente hispida, ademais os seus ósculos son imperceptibles.


Antho (Antho) inconstans, as súas canles exhalantes son máis anchas e a súa superficie é aveludada.

Crambe crambe, a súa superficie é lisa e brillante.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *atrasanguinea*, é unha palabra composta por dous termos latinos: “ater”, que significa “negro”, e “sanguineus”, que significa “tinguido de sangue”; refiriéndose á cor vermella escura predominante da especie.



Clathria (Microciona) bitoxa (Burton, 1930)

Esponxa incrustante que forma finísimas láminas de varios centímetros cadrados de extensión e 1-2 mm de grosor. Na súa superficie, que está pouco estruturada, reflectindo claramente a forma do substrato no que se asenta e minuciosamente punteada polos ostiolos, destacan unhas anchas canles exhalantes ramificadas; estas canles converxen nuns pequenos ósculos, de apenas 2-3 mm de diámetro, que se elevan lixeiramente sobre a superficie da esponxa por un fino bordo transparente. Cor da esponxa branca translúcida, aínda que pode aparentar branca agrisada ou acastañada pola cor do substrato que se transparente.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 50 metros de profundidade, en fondos rochosos na parte inferior de pedras.

DISTRIBUCIÓN:


Desde Noruega ata a canle da Mancha. O animal fotografado foi atopado na ría de Arousa.


ESPECIES SEMELLANTES:

Como todas as esponxas deste xénero, só un exame das súas espículas permitirá confirmar a súa identidade.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *bitoxa*, é un epíteto latino composto por “bi” (dous) e “toxa” (toxa, un tipo de espícula), e significa “dúas toxas”, facendo referencia aos dous tipos de toxas que presenta.



Clathria (Microciona) spinarcus (Carter & Hope, 1889)

Esponxa incrustante que forma láminas finas ou moderadamente grosas de entre 4 e 8 mm de grosor por uns 15 cm ou máis de diámetro. A superficie da esponxa, que é lixeiramente regular podendo presentar altibaixos nos exemplares grosos, é av eludada con moitos poros inhalantes pequenos e canles exhalantes converxendo nos ósculos. Os ósculos son pouco aparentes e teñen marxes transparentes lixeiramente elevados. Tanto os ósculos como as canles exhalantes colápsanse ao sacar a esponxa da auga. A súa consistencia é difícil de determinar nos exemplares que forman finas láminas, pero é desmenuzable en exemplares que forman láminas máis grosas. Cor amarela a laranxa pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 30 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre superficies verticais rochosas en lugares expostos e baixo pedras en zonas de correntes moderadas. O exemplar que serviu para a súa descrición estaba sobre unha cuncha de *Pecten*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata as costas atlánticas da Península Ibérica, tamén en Azores, Canarias e Cabo Verde.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *spinarcus*, é unha palabra latina que significa “arco espiñento”, e refírese ás toxas espiñentas que presenta esta esponxa.



***Clathria (Microciona) strepsitoxa* (Hope, 1889)**

Esponxa incrustante de textura branda e consistencia fráxil, que forma finas láminas de ata 7 mm de espesor, podendo alcanzar máis de 20 centímetros cadrados de extensión. A súa forma está en función da forma do substrato que recobre. A súa superficie aveludada presenta unhas canles exhalantes subsuperficiais, só visibles nunha minuciosa inspección; estas canles desembocan nuns ósculos grandes, distintivos, cos bordos lixeiramente elevados. Cor vermella ou laranxa avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal ata os 100 metros de profundidade, sobre superficies verticais rochosas en lugares con fortes correntes de auga. Acostuma buscar sempre ambientes sombríos, como contraplomos, grutas infralitorais e mesmo na cara inferior de rochas soltas. Tamén como epibionte sobre as valvas de *Aequipecten*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste de Irlanda ata o Mediterráneo, incluíndo Azores e Canarias.


ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con outras esponxas laranxas ou avermelladas. Só mediante un exame espicular, poderase confirmar a súa identidade.

CURIOSIDADES

O nome da especie, *strepsitoxa*, é un termo grego composto por “strepsit” (virada, retorta) e “toxa” (un tipo de espícula), e significa “toxas retortas” e refírese á torsión central que presentan as toxas desta especie.



***Antho (Acarnia) coriacea* (Bowerbank, 1874)**

Esponxa recubrinte que forma finas láminas de ata 5 mm de grosor, de contornos irregulares e superficie rugosa redondeada, que pode chegar a alcanzar varios centímetros cadrados de extensión. A súa consistencia é bastante firme, manténdose unida cando se colleita, pero algo grumosa e que rompe facilmente. A súa aparencia é bastante suave, tuberculosa, de superficie desigual e finamente hispida. Os ósculos son pequenos e case imperceptibles, destacan ao finalizar neles claras canles exhalantes. Cor vermella alaranxada brillante ou amarela ocre.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 60 metros de profundidade, sobre superficies rochosas verticais ou abruptamente inclinadas. A miúdo atópase tapizando outras esponxas, tales como *Stelletta grubii* e *Stryphnus ponderous*. Gústalle os lugares con correntes de marea moderadas a fortes.

DISTRIBUCIÓN:


Desde as illas británicas ao noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con moitas outras especies microcionidas vermellas de aparencia similar, especialmente *Antho (Antho) involvens*, pero a súa cor vermella alaranxada brillante cunha superficie de pequenos montículos fana bastante recoñecible.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *coriacea*, é un epíteto latino que significa “firme”, “correúda”, e refírese á súa consistencia.



***Antho (Antho) inconstans* (Topsent, 1925)**

Esonxa recubrinte, de consistencia firme, que forma finas láminas de contornos irregulares sobre superficies rochosas, e mesmo sobre outras esponxas. A súa superficie é desigual e irregular cun aspecto lixeiramente aveludado. Os ósculos non destacan sobre a súa superficie, están dispersos e son de forma e tamaño irregular. As canles exhalantes son moi visibles e converxen nos ósculos formando debuxos en forma de estrela irregular. A cor pode ser alaranxada ou avermellada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 60 metros de profundidade, sobre superficies rochosas verticais ou moi inclinadas, tanto en zonas expostas como protexidas. Pode atoparse tapizando outras esponxas, tales como *Stelletta grubii* e *Stryphnus ponderous*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Antho (Antho) involvens, as canles exhalantes non son tan obvias nin tan anchas, os seus ósculos elévanse por un bordo cónico e nos seus bordos presenta unhas características manchas brancas.

CURIOSIDADES:

O nome desta especie, *inconstans*, é un epíteto latino que significa “non constante”, “variable”, “cambiante”, e refírese á ampla gama cromática que pode presentar esta especie.



Antho (Antho) involvens (Schmidt, 1864)

Esponxa recubrinte que forma finas láminas de contornos irregulares sobre superficies rochosas. A súa textura é lisa e lixeiramente hispida. Os ostíolos son moi pequenos e non facilmente visibles, só se aprecian nunha inspección de detalle. Os ósculos teñen un bordo cónico, lixeiramente elevado e están repartidos regularmente sobre a superficie da esponxa; neles apréciase o final das canles exhalantes. Cor da esponxa entre vermella e laranxa, cunhas características manchas esbrancuxadas nos bordos dos ósculos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre superficies rochosas inclinadas, ou mesmo baixo pedras, tanto en zonas calmas como expostas, desde a liña da baixamar ata máis de 80 metros de profundidade.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Anto (Acarnia) coriacea, a súa superficie é tuberculosa e desigual, e os seus ósculos son pequenos e case imperceptibles.

Anto (Anto) inconstans, os seus ósculos, que non se elevan sobre a súa superficie, son de tamaño desigual e neles finalizan unhas claras e grosas canles exhalantes que poden estar ramificadas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *involvens*, é un epíteto latino que significa “envolvente”, e refírese ao seu carácter incrustante.



***Antho (Jia) brattegardi* van Soest & Stone, 1986**

Esonxa que forma finas películas incrustantes duns poucos centímetros cadrados de extensión e dun grosor uniforme de aproximadamente 1 mm. A súa superficie é microhispida e a súa consistencia fráxil e quebradiza. Os ósculos, que non son moi aparentes, son pequenos e cos bordos transparentes, finalizando neles unhas canles exhalantes bastante aparentes. Cor entre amarela e laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 20 ata os 140 metros de profundidade, sobre pedras e incrustando arneiróns, en zonas expostas a ocasionais fortes correntes en paredes rochosas e en corais de augas profundas. O espécime fotografado estaba baixo unha pedra que facía de teito dunha diminuta gruta.

DISTRIBUCIÓN:

Foi descrita a partir dun exemplar na costa de Noruega, posteriormente atopáronse outros en Escocia e en Irlanda do Norte. O exemplar fotografado atopouse en augas da ría de Arousa (Galicia).

ESPECIES SEMELLANTES:

Plocamionida tylotata, pode formar capas de maior tamaño, o seu ectosoma translúcido está areolado sobre os numerosos ostiolos repartidos homoxeneamente sobre toda a súa superficie, e nos seus numerosos ósculos finalizan unhas pequenas canles exhalantes con forma irregular.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *brattegardi*, é na honra de *Torleiv Brattegard*, director da Estación Mariña de Bergen (Noruega) na década dos 80 do século XX.



Artemisina transiens Topsent, 1890

Esponxa globular pedunculada que pode chegar a alcanzar uns 10 cm de altura. A esponxa está fixa ao substrato por un pedúnculo que pode chegar a representar 1/3 da súa altura total. Sobre a parte superior deste “talo” susténtase unha masa globular cun ou varios ósculos que sempre se dispoñen de forma apical e están lixeiramente elevados. A superficie da esponxa é lisa e lixeiramente hispida. A súa consistencia é firme aínda que se pode comprimir. Cor entre branca amarelada, ocre clara ou beixe, co pedúnculo normalmente de cor máis clara, excepcionalmente de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 25 ata os 200 metros de profundidade, sobre fondos rochosos, normalmente fixa a superficies horizontais ou pouco inclinadas. Sempre en zonas abrigadas pero expostas a moderadas ou fortes correntes de marea. En condicións idóneas pode chegar a formar verdadeiros campos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o golfo de Biscaia ata o norte de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Suberites carnosus, cando esta se desenvolve de forma globular fixa ao substrato por un moi curto pedúnculo, aínda que é fácil de diferenciar dado que a súa superficie é aveludada, normalmente cun só ósculo apical, o seu pedúnculo non é tan longo e presenta unha gran capacidade de contracción.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *transiens*, é un epíteto latino que significa “entre”, “de transito”, “de paso”, e refírese segundo Topsent a que esta especie atopábase entre outras dúas esponxas, *Artemisina arcigera* (Schmidt, 1870) e *Artemisina apollinis* (Ridley & Dendy, 1886).



Ophlitaspongia papilla Bowerbank, 1866

Esonxa incrustante que forma finas láminas flexibles e planas, normalmente duns 2-3 mm de grosor, aínda que pode desenvolverse en forma de almofadas de ata 10 mm de grosor, e alcanzar un tamaño de ata 50 cm. A superficie é suave, lixeiramente hispida e porosa, cunha consistencia firme, elástica e compresible. Os ósculos son redondos, están repartidos uniformemente de forma regular cada 5-10 milímetros sobre a superficie da esponxa, sitúanse en series lineais e están elevados lixeiramente sobre a superficie da esponxa polos seus bordos. Cor vermella sangue ou vermella ladrillo.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da zona intermareal ata os 10 metros de profundidade, sobre superficies rochosas con preferencia por zonas expostas a fortes movementos de auga, tanto por ondada como por correntes.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Amphilectus fucorum, é unha esponxa extremadamente polimórfica, nunca presenta os ósculos tan uniformemente dispostos en series nos casos de crecemento incrustante, e a súa superficie de cor laranxa avermellada é moi porosa.

Hymeniacidon perlevis, coa que se pode confundir na súa forma recubrinte, aínda que esta non presenta os ósculos tan ben ordenados e tan próximos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *papilla*, podería referirse á disposición dos seus ósculos separados dunha forma irregular.



Mycale (Aegogropila) antiae Urgorri & Díaz-Agras, 2019

Esponxa incrustante masiva que pode formar pequenos montículos lobulados de ata 20 cm de base por uns 4 cm de alto; da cima dos lóbulos, preto dos ósculos, poden xurdir proxeccións dixitiformes, máis ou menos grosas, que poden dividirse ou anastomosarse e que chegan a alcanzar unha altura duns 15 cm. A súa superficie é opticamente lisa, con algunhas partes lixeiramente conulosas; poden apreciarse, por transparencia, delgadas canles subdérmicas que percorren toda a superficie e que desembocan nos ósculos. Os ósculos, que están lixeiramente elevados por bordos transparentes, sitúanse sobre a parte superior dos lóbulos ou ao longo das proxeccións, sendo os presentes nas proxeccións de moito menor tamaño. Cor amarela ocre translúcida, brillante ou mate, cun característico e rechamante punteado en amarelo sulfuroso, excepto ao redor dos ósculos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 40 metros de profundidade, sobre pedras e rochas, en zonas de moderadas a fortes correntes de marea ou cun forte hidrodinamismo. A súa forma de desenvolvemento parece estar en función do hidrodinamismo da zona, así en augas de correntes moderadas ou de baixo hidrodinamismo a súa forma é masiva lobulada e en zonas de fortes correntes desenvolve proxeccións.

DISTRIBUCIÓN:

Noroeste da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *antiae*, é na honra da filla dun dos autores da súa descrición.



***Mycale (Aegogropila) contarenii* (Lieberkühn, 1859)**

Esponxa de formas moi variadas: finas follas recubrintes, formando almofadas ou formas masivo-lobuladas; en calquera caso pode alcanzar tamaños superiores aos 15 cm con grosos de ata 10 cm. Os lóbulos poden ser alongados ou anastomosarse, dando lugar a unha aparencia superficial ramosa. A súa superficie adoita estar cuberta de pequenos cónulos, elevados por fibras do esqueleto, que lle dan aparencia reticular. Os ósculos son grandes cando están totalmente abertos e sitúanse encima dos lóbulos, ou están dispersos e elévanse mediante fístulas membranosas nas formas incrustantes. Neles desembocan claras canles exhalantes que se aprecian en forma de veas translúcidas. A súa consistencia é firme, pero suave e lixeiramente compresible. Pode contraerse lixeiramente. Cor amarela, amarela verdosa, ocre amarela, rosa agrisada ou gris violácea.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 37 metros, sobre pedras, cunchas, algas, cantos rodados, seixos, en lugares protexidos con correntes de marea moderadas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo e as illas Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:


Mycale (Carmia) bolivari, forma capas finas, a o seu ectodermo translúcido permite observar un característico patrón de acanaladuras que lle dan un aspecto reticulado e a súa cor é ocre verdosa.

Mycale (Carmia) macilenta, superficie máis suave, non conulosa e só forma finas capas incrustantes.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *contarenii*, foi posto na honra do naturalista italiano Nicolò Bertolucci Contareni (1780-1849).



Mycale (Aegogropila) rotalis (Bowerbank, 1874)

Esponxa recubrinte que ás veces se presenta formada por lóbulos lisos e irregulares. A superficie da esponxa está formada por unha serie de puntos moi próximos que só poden apreciarse nun exame visual moi próximo, e que lle confiren un aspecto poroso, con espazos escuros baixo a membrana superficial. O seu ectosoma, que é facilmente desprendible, presenta unha característica reticulación radial. Os ósculos, escasos e grandes, se elevan e reparten sobre a superficie da esponxa, apreciándose neles a finalización das canles exhalantes. É dunha viva cor avermellada, laranxa avermellada a amarela alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En paredes verticais do sublitoral ata os 40 metros de profundidade, tanto en lugares expostos como protexidos, neste último caso en zonas de correntes de marea de moderadas a fortes; tamén a atopamos conglomerando algas calcarias en fondos de maerl.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rotalis*, é un epíteto latino que significa “como unha roda”, facendo referencia á regular reticulación da súa superficie que se asemella aos radios dunha roda.



***Mycale (Carmia) bolivari* Ferrer-Hernández, 1914**

Esponxa incrustante que forma capas de ata 15 cm de extensión e de pouco máis de 2 mm de grosor. Esponxa laminar de bordos irregularmente festoneados, algo xelatinosa ao tacto e lixeiramente hispida. Sobre a súa superficie destacan un par de ósculos nos que desembocan unhas anchas canles exhalantes non ramificadas. O seu ectodermo é transparente o que permite ver os ostíolos, que puntean toda a súa superficie, e un curioso patrón reticulado de acanaladuras que lle dan un aspecto enreixado. Cor da esponxa parda verdosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Na súa descrición non se mencionan datos do seu hábitat. O exemplar fotografado estaba a 20 metros de profundidade, en fondo rochoso con pedras soltas, e fixa á parte inferior dunha das pedras.

DISTRIBUCIÓN:

Descrita orixinalmente nas costas de Santander e sen ningunha outra cita desde entón. Este exemplar fotografado foi atopado en augas da ría de Arousa (Galicia).

ESPECIES SEMELLANTES:

Mycale (Aegogropila) contarenii, presenta formas moi variadas, desde finas láminas incrustantes a formas masivas e lobuladas, a súa superficie é finamente conulosa e os seus grandes ósculos elévanse na cima dos lóbulos ou por medio de fístulas membranosas.

Mycale (Carmia) macilenta, os seus ósculos elévanse sobre a superficie da esponxa por bordos translúcidos, onde conflúen canles exhalantes que se ramifican amplamente por toda a esponxa, pero non presenta acanaladuras baixo estes.

Mycale (Carmia) micracanthoxea, forma láminas máis grandes e de menor grosor, a súa superficie é lisa, está totalmente sucada por unhas grosas canles exhalantes que se subdividen noutras de menor grosor e conflúen nuns ósculos que non se elevan sobre a súa superficie, non presenta canles reticuladas baixo as canles exhalantes e a súa cor é marrón ou amarela, podendo transparentar o substrato.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *bolivari*, foille posto en honra ao naturalista e entomólogo español Ignacio Bolívar e Urrutia (1850-1944), investigador e impulsor do desenvolvemento das ciencias biolóxicas e profesor do autor. Foi catedrático de entomoloxía na Universidade Central de Madrid e director do Museo de Ciencias Naturais e do Real Xardín Botánico.

***Mycale (Carmia) macilenta* (Bowerbank, 1866)**

Esponxa recubrinte que forma finas láminas de contornos irregulares sobre rochas e formas acolchadas sobre cunchas, que poden chegar a alcanzar unha extensión de 10 cm ou máis se se unen varios exemplares que crecen preto. A súa superficie é suave, lisa, aveludada e facilmente compresible. Os ósculos son claramente visibles e están lixeiramente elevados sobre a superficie da esponxa, cos bordos translúcidos; neles conflúen unhas claras e aparentes canles exhalantes translúcidas que se ramifican pola superficie da esponxa. A súa cor varía en función do substrato. Cando está en forma recubrinte sobre rocha, xeralmente é de cor amarela pálida, podendo ser de cor marrón, púrpura ou vermella viva cando está sobre cunchas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal ata os 40 metros de profundidade. É unha especie de crecemento rápido que forma finas láminas recubrintes sobre paredes rochosas do litoral, así como epibionte da familia Pectinidae e sobre caparazóns de decápodos da familia Inachidae.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Mycale (Aegogopila) contarenii, presenta formas moi variadas, desde finas láminas incrustantes a formas masivas e lobuladas, a súa superficie é finamente conulosa.

Mycale (Carmia) bolivari, forma capas finas, o seu ectodermo translúcido permite observar un característico patrón de acanaladuras que lle dan un aspecto enreixado e a súa cor é ocre verdosa.


Mycale (Carmia) micracanthoxea, a súa superficie é lisa, está totalmente sucada por unhas grosas canles exhalantes que se subdividen noutras de menor grosor e conflúen nuns ósculos que non se elevan sobre a súa superficie, e a súa cor é marrón ou amarela, podendo transparentar o substrato.

Plocamionida tylotata, o seu ectosoma translúcido está areolado sobre os numerosos ostíolos repartidos homoxéneamente sobre toda a súa superficie e nos seus numerosos ósculos finalizan unhas pequenas canles exhalantes de forma irregular.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *macilenta*, provén da palabra latina “macilentus” que significa fino, facendo referencia ao seu grosor.



***Mycale (Carmia) micracanthoxea* Buizer & van Soest, 1977**

Esponxa incrustante que forma finas láminas de apenas 2 mm de grosor e de varios centímetros cadrados de extensión; cando crece sobre substratos erectos, tales como colonias de hidrozooos, pode chegar a alcanzar grosos de 2 cm. Presenta uns poucos ósculos, duns 4 mm de diámetro, que apenas se elevan sobre a súa superficie e que presentan gran capacidade de contracción, podendo pecharse totalmente. Toda a súa superficie está percorrida por unhas grandes canles exhalantes que conflúen nos ósculos e que se ramifican en canles máis finas (a modo dun río con afluentes). A súa superficie, que é lisa e suave, está regularmente puntuada polos ostíolos, o que lle dá unha aparencia esponxosa. A cor dos exemplares varía entre a marrón clara e a amarela, aínda que en exemplares moi finos poden tomar a cor do substrato.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do límite inferior da baixamar ata os 15 metros de profundidade, sobre substratos duros, tanto naturais (rochas, pedras) como artificiais (a obra viva de buques, pilotes de portos, boias, flotadores de pantaláns, etc.); tamén foi citada crecendo sobre outros animais sésiles (colonias de hidrozooos, gorgonias, cunchas de ostras e mexillóns, cirrípedos e ascidias). É unha especie vivípara que presenta embrións no seu interior de xuño a novembro e que poden observarse en forma de diminutos puntos laranxa amarelados; libera unhas larvas completamente ciliadas salvo pola zona posterior, de cor amarela coa parte posterior de cor branca. Comprobase que estas larvas están presentes na auga entre os meses de agosto e outubro.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas de Holanda ata o mar de Alborán no Mediterráneo e as Illas Canarias.


ESPECIES SEMELLANTES:

Mycale (Carmia) bolivari, forma capas lixeiramente máis grosas, o seu ectodermo translúcido permite observar un característico patrón de acanaladuras que lle dan un aspecto reticulado e a súa cor é ocre verdosa.

Mycale (Carmia) macilenta, alcanza maior grosor, a súa superficie é aveludada, os seus ósculos elévanse a través de colares translúcidos, as súas canles exhalantes son pouco ramificadas e a súa cor pode ser marrón, amarela, púrpura e mesmo vermella.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *micracanthoxea*, fai referencia ás microxeas espiñentas (espículas) que posúe.



***Mycale (Mycale) lingua* (Bowerbank, 1866)**

Esponxa incrustante que pode desenvolverse como masivo-lobulosa ou masivo-dixitada, tendendo algúns exemplares a crecer de forma ergueita, de forma aplanada ou coa base máis estreita que o ápice, podendo chegar a alcanzar unha altura de ata 30 cm, cun ancho e profundidade variable. A súa superficie está marcada por uns sucos que forman unha reticulación irregular; dentro dos sucos a superficie é suave, mentres que o resto é de aparencia peluda. A súa consistencia é moi dura e fibrosa, pero pola contra é facilmente compresible. Os ósculos son poucos e están situados sobre chemineas translúcidas de 2-3 mm de altura, cun diámetro de entre 4 e 10 mm; os poros inhalantes atópanse no interior dos sucos. A súa cor pode ser gris, beixe ou amarela pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

É unha especie de augas profundas que se atopa en fondos rochosos, sobre pedras, a profundidades de entre 30 e 1400 metros.


DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico ata as illas Azores e o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lingua*, é un epíteto latino que significa “lingua”, e refírese á aparencia do exemplar usado para a súa descrición.



Myxilla (Myxilla) fimbriata (Bowerbank, 1866)

Esponxa incrustante que forma pequenas masas acolchadas de ata 30 mm de alto por uns 20-50 mm de diámetro. A esponxa é redondeada en sección transversal, de lados empinados e contorno irregular. Aínda que se pode romper facilmente, a súa consistencia é firme. A pesar de que a súa superficie ten unha aparencia hispida, debido ás áreas porosas subsuperficiais que se entrevén por transparencia, é lisa ao tacto. Os ósculos son pequenos, de forma redondeada e están lixeiramente elevados por un bordo transparente; dispóñense cara á parte central da esponxa, nas súas zonas máis grosas, ou elevados en pequenas cristas. Non presenta claras canles exhalantes. Cor laranxa brillante.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 100 metros de profundidade, sobre pedras ou rochas de augas abertas en ambientes expostos.

DISTRIBUCIÓN:


Desde o norte de Noruega ata as costas atlánticas da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Superficialmente e a primeira vista pode confundirse con *Amphilectus fucorum*, aínda que esta presenta un aspecto máis esponxoso e é moito máis polimórfica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fimbriata*, é un epíteto latino que significa “con flocos”, e refírese ás cristas que conectan as ás e o eixo das quelas dentadas (tipo de microscleras).



***Myxilla (Myxilla) incrustans* (Johnston, 1842)**

Esponxa incrustante que forma masas grosas, irregulares e acolchadas de ata 150 mm de lonxitude. A súa superficie presenta numerosas canles laberínticas profundas que lle confiren a súa característica textura en forma de tecido. Os ósculos, grandes, numerosos e dispersos, son de forma redondeada e atópanse na cima dunha especie de montículos cónicos que se aliñan formando unha especie de “cordilleiras”, onde se elevan lixeiramente por un bordo translúcido. A súa cor é de tons amarelados.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En fondos rochosos, desde a liña de baixamar ata os 400 metros de profundidade, sobre pedras, cunchas e mesmo area ou lodo; fotografámola crescendo sobre cabos e anacos de redes abandonadas. En caso de molestia pode pechar os ósculos voluntariamente grazas á contracción do bordo translúcido que os rodea. Cando se saca da auga exuda unha gran cantidade de limo.

DISTRIBUCIÓN:

Especie cosmopolita, en augas europeas a súa distribución abarca desde o océano Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:


Iophon nigricans, os seus ósculos elévanse cun bordo transparente e ao sacala da auga vólvese negra.

Myxilla rosacea, forma un acolchado máis elevado e a súa cor é máis escura (rosada a marrón).

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *incrustans*, é un epíteto latino que significa “incrustante”, e refírese ao seu carácter incrustante masivo.



***Myxilla (Myxilla) iotrochotina* (Topsent, 1892)**

Esponxa incrustante que forma finas láminas irregulares de ata 150 milímetros de lonxitude. A súa superficie é rugosa e presenta numerosas canles laberínticas profundas que lle confiren unha característica textura en forma de tecido. Os ósculos, que están dispersos e son de forma redondeada, atópanse na cima dunha especie de montículos prolongados en forma de pequenas chemineas cónicas, e dispóñense de forma irregular. A súa consistencia é fráxil e o seu tacto viscoso. A cor varía entre amarela e ocre.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Do intermareal ata os 30 metros de profundidade, sobre rochas, cunchas, aglutinando algas calcarias en fondos de maërl e mesmo sobre a base de laminarias; é unha especie críptica que ocupa zonas ben agochadas e moi localizadas, como o teito de pequenas covas ou gretas intermareais.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *iotrochina*, refírese ás isoquelas dentadas desta esponxa, que lembran ás microscleras birrotuladas características do xénero *Iotrochota*.



***Myxilla (Myxilla) macrosigma* Boury-Esnault, 1971**

Esponxa incrustante masiva de consistencia flexible e mucosa, que pode chegar a alcanzar un tamaño duns 10 cm por ata 15 mm de grosor. A súa superficie é irregular, lobulada, aveludada ao tacto e semella estar fortemente perforada. As canles exhalantes forman unha rede de condutos superficiais que van aumentando de grosor ata converxer nos ósculos, as cales son circulares, de ata 5 mm de diámetro, e elévanse por medio de bordos translúcidos sobre a superficie da esponxa. Cor amarela alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal ata os 30 metros de profundidade, en fondos rochosos con preferencia por zonas de pouca luz tales como paredes verticais, contraplomos ou teitos de pequenas grutas, tamén baixo pedras que forman pequenos ocos (caso do exemplar fotografado).

DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da Península Ibérica ata o oeste do Mediterráneo e arquipélago dos Azores.


ESPECIES SEMELLANTES:

Mycale (Carmia) macilenta, pode formar láminas de maior tamaño, moito máis finas e a súa superficie non presenta un punteado tan evidente.

Plocamionida tylotata, forma capas máis finas e nos seus numerosos ósculos finalizan pequenas canles exhalantes de forma irregular.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *macrosigma*, fai referencia ao gran tamaño dun dos tipos de espículas que posúe (as sigmas).



Myxilla (Myxilla) rosacea (Lieberkühn, 1859)

Esponxa incrustante que forma masas lobuladas de 5-20 mm de grosor por 15-30 cm de longo. A superficie, de consistencia elástica, ten aspecto poroso e a súa cor pode variar entre amarela, alaranxada ou rosa sucia. Os ósculos atópanse dispersos na superficie da esponxa, elevados sobre cristas, onde se aprecia a converxencia das canles exhalantes.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre pedras desde os 10 ata os 300 metros de profundidade. Os exemplares que están a pouca profundidade afán ser de cor rosada, sendo de cor amarela os atopados en augas profundas. Cando se saca da auga exuda unha gran cantidade de limo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o océano Ártico ás costas atlánticas da Península Ibérica, tamén no Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Crella (Yvesia) rosea, presenta unha distintiva superficie translúcida cos ósculos situados en grupos, e nos cales terminan claras canles exhalantes.

Phorbas plumosus, a súa superficie translúcida, é máis ou menos lisa e presenta numerosos ósculos pequenos e dispersos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rosacea*, é un epíteto latino que significa “de cor rosada”, e refírese á cor con tinguiduras rosadas dalgúns exemplares.



Tedania (Tedania) pilarriosae Cristobo, 2002

Esponxa masiva de ata 50 cm de lonxitude por uns 10 cm de alto. Os seus contornos son angulosos e a súa superficie é lisa, libre de irregularidades, aveludada, suave, finamente perforada por minúsculos ósculos, non perceptibles a primeira ollada, na súa parte superior. Aínda que flexible, a súa consistencia é firme pero facilmente desmenuzable. Cor exterior laranxa a laranxa acastañada, cor interior laranxa brillante.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Especie de augas abertas (exterior da ría) desde a zona intermareal ata os 40 metros de profundidade, sobre superficies rochosas graníticas, en paredes verticais ou zonas horizontais, en teitos, pequenas grutas escuras e en gretas. É unha especie vivípara, que libera as larvas de cor laranxa brillante polos seus diminutos ósculos (a súa reprodución puido ser observada nos meses de outono).

DISTRIBUCIÓN:

En todo o litoral atlántico da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pilarriosae*, está dedicado a Pilar Ríos, bióloga especialista en esponxas e esposa do Dr. Javier Cristobo, autor da descrición.



Tedania (Tedania) suctoria (Schmidt, 1870)

Esponxa incrustante masiva, máis ou menos circular ou bombeada, de ata 12 cm de lonxitude por uns 3 cm de grosor máximo. A súa superficie está total e densamente recuberta de papilas en forma de porra, máis anchas na súa parte superior que na basal, duns 4 mm de alto e ca súa parte superior en forma de ventosa. Os ósculos, poucos e situados na parte superior da esponxa, duns 5 mm de diámetro máximo, elévanse en forma de volcán á mesma altura que as demais papilas. A súa consistencia é máis que firme, elástica. Cor amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 200 metros de profundidade, en fondos rochosos sobre superficies horizontais de rochas. É unha especie de augas profundas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Islandia e Noruega ata Marrocos, incluíndo as Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Cliona celata, aínda que masiva, os seus campos de ostiolos redondeados non se elevan en forma de papilas.


Guitarra solorzanoi, é de forma máis ou menos esférica e non presenta papilas, os seus campos osculares son crateriformes de ata 11 milímetros de diámetro e 2 milímetros de alto.

Polymastia boletiformis, as súas papilas son máis longas e xorden soamente da parte superior da esponxa de forma irregular.

Polymastia spinula, é de moito menor tamaño e as súas papilas son moitísimo máis longas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *suctoria*, provén do termo latino “suctio” que significa “succionar”, “aparello de succión”, en referencia á forma terminal das papilas en forma de ventosa.

Tedania (Tedania) urgorrii Cristobo, 2002

Esta esponxa presenta unha característica aparencia exterior crateriforme, con bases irregulares pero tendentes a formas circulares ou elípticas, que pode chegar a alcanzar os 20 cm de diámetro nas formas recubrintes, e os 10 cm de alto nas formas tubulares. Os exemplares que se desenvolven de forma masiva en hábitats de forte hidrodinamismo por grande ondada, presentan unha superficie con cristas dispostas de forma irregular. Nas formas ergueitas, as paredes laterais son cuneiformes de grosor decrecente desde a base, duns 15 mm de grosor, ata o bordo superior, duns 2 mm. Na parte exterior presenta grandes poros inhalantes de forma estrelada, mentres que no interior do cráter presenta multitude de ósculos de 1 mm de diámetro, que recobren de forma regular as paredes interiores. Cor laranxa ou laranxa amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 25 ata os 80 metros de profundidade, sobre fondos de rocha granítica. En superficies verticais e inclinadas, e ás veces en horizontais. O seu hábitat pode estar caracterizado por unha luz de intensidade decrecente, o cal dá lugar a unha escaseza de organismos fotosintéticos, con pequenas algas calcarias e vermellas. Posiblemente a súa cor estea en función da luz recibida, son de cor laranxa máis escuras os exemplares máis expostos á luz.

DISTRIBUCIÓN:

O noroeste da Península Ibérica. Descrita orixinalmente en augas da ría de Ferrol, aínda que actualmente localizáronse exemplares por toda a costa galega.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *urgorrii*, foille posto en honra ao Dr. Victoriano Urgorri Carrasco, profesor de zooloxía na Universidade de Santiago de Compostela e co-director da tese que o autor da descrición estaba a realizar neses intres.



Tedania (Trachytedania) ferrolensis (Cristobo & Urgan, 2001)

Esonxa incrustante que forma finas capas recubrintes de ata 30 cm de diámetro por apenas 3 mm de grosor. Fixase firmemente ao substrato por toda a súa parte inferior, recubriendo incluso arneiróns. A súa superficie é lisa, pero irregular ao seguir a esponxa as irregularidades do substrato sobre o que se asenta. Os ostiolos repártense de forma bastante uniforme sobre toda a superficie da esponxa, mentres que os ósculos son poucos, de forma circular e de ata 1 mm de diámetro, situados no centro de confluencia de pequenas canles exhalantes superficiais. A súa consistencia é bastante cartilaxinosa, aínda que é fácil de rachar. Cor amarela brillante.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 10 ata os 22 metros de profundidade, en fondos de area, lodo ou mestura destes con grava e cascallo, en zonas de sedimentación con tubos de *Chaetopterus variopedatus*. Fixa a pedras ou a valvas de pectínidos.

DISTRIBUCIÓN:

No litoral atlántico da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ferrolensis*, está dedicado á ría de Ferrol, lugar onde se colleitaron parte dos exemplares que deron lugar á súa descrición.



Polymastia agglutinans Ridley & Dendy, 1886

Espónxa incrustante de consistencia firme, que forma pequenas almofadas de 1 cm ou menos de grosor, e de varios centímetros cadrados de extensión. Da base incrustante xorden unhas delgadas papilas de ata 2 cm de alto. A característica máis destacable é a incorporación, á superficie do córtex basal, de numerosos anacos de cunchas, grans de area, etc. A superficie das papilas é translúcida cun característico reticulado. A súa cor é branca amarelada, amarela ou laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 15 ata os 800 metros de profundidade, sobre pedras baixas, na interfase pedra/sedimento.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata Senegal, incluíndo os arquipélagos de Azores e Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:


Polymastia boletiformis, é de forma bulbosa, ca súa parte superior totalmente recuberta por numerosas papilas cónicas verticais que se aguzan no seu ápice, de diferentes tamaños e grosos, que poden chegar a unirse lonxitudinalmente. A cor da súa base e papilas é amarelada ou alaranxada.

Polymastia conigera, forma grandes revestimentos, cunha base, que con apenas 1 cm de grosor, é moi hispida e peluda. As súas papilas, cónicas ou cilíndricas, son grosas, numerosas, pouco altas e só algunhas presentan un suco apical. A cor da súa base é beixe escura e o das papilas amarela cremosa opaca.

Polymastia peniculus, alcanza un maior tamaño, a súa base de apenas 1 cm de grosor adoita estar tapada polo sedimento pero sen aglutinalo, as súas papilas son máis delicadas, translúcidas e longas, só as máis grosas son osculíferas e a súa cor varía entre a amarela e a laranxa da base e a amarela ocre translúcida das papilas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *agglutinans*, é un termo latino que significa “que aglutina”, “aglutinante”, e refírese á súa capacidade para aglutinar no seu córtex partículas de material estraño.



Polymastia boletiformis (Lamarck, 1815)

Esponxa bulbosa circular, de ata uns 10 cm de diámetro, coa superficie superior recuberta de papilas cónicas verticais, que se afian cara ao ápice. A esponxa está firmemente adherida ao substrato por unha ampla base. Polo xeral as papilas son simples, pero pode darse o caso de que 2 papilas adxacentes se unan lonxitudinalmente, moito máis raro é que o fagan 3 papilas. Os ósculos e os ostíolos sitúanse nas papilas, os ósculos de forma terminal e os ostíolos por toda a superficie da papila. As papilas que presentan un ósculo no seu ápice son aproximadamente da mesma lonxitude que as outras e poden variar en número dun individuo a outro. As papilas son contráctiles, podéndose retraer lixeiramente, e mesmo as que teñen un ósculo no seu ápice poden pechar o mesmo ao ser tocado. O corpo da esponxa é brando e as papilas son firmes pero moi flexibles. A superficie é limpa, lisa e lixeiramente aveludada, e a súa cor varía entre alaranxada e amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 2300 metros de profundidade, en zonas rochosas, normalmente na parte superior de superficies horizontais lixeiramente recubertas de sedimento, expostas a correntes de marea moderadas. Aadoita estar asociada a hidrozooos e briozoos. Reprodúcese en setembro.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica, incluíndo o Océano Ártico e costas atlánticas de Europa e Norte América.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polymastia agglutinans, a súa base, de apenas 1 cm de grosor, aglutina anacos de cuncha e grans de area, as súas papilas son relativamente longas, delgadas, e a cor da base é beixe sucio, sendo a das papilas esbrancuxada ou alaranxada translúcida.

Polymastia conigera, forma grandes revestimentos cunha base que, con apenas 1 cm de grosor, é moi hípida e peluda. As súas papilas, cónicas ou cilíndricas, son grosas e numerosas e só algunhas presentan un ósculo apical. A cor da súa base é beixe escura e a das papilas amarela cremosa opaca.

Polymastia inflata, é de menor tamaño, sobre a súa base cupuliforme só se elevan entre 1 e 3 papilas cilíndricas que presentan uns orificios que funcionan simultaneamente como ósculos e ostíolos, a súa superficie é lixeiramente peluda e a súa base e papilas son de cor amarela pálida.

Polymastia penicilus, alcanza un maior tamaño, a súa base de apenas 1 cm de grosor adoita estar cuberta polo sedimento, as súas papilas son máis delicadas, translúcidas e longas, só as máis grosas son osculíferas e a súa cor varía entre a amarela ou laranxa da base e a amarela ocre translúcido das papilas.

Polymastia spinula, é de menor tamaño, sobre a súa base acolchada elévanse unhas papilas proporcionalmente enormes. A súa cor varía entre a amarela clara e a branca sucia cremosa.

Polymastia uberrima, é de forma case esférica, sobre a súa parte superior presenta unhas poucas papilas grosas e estreitas, todas osculiformes. A súa cor é amarela tanto nas papilas como na base.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *boletiformis*, é un termo composto por dúas formas latinas, “boleti-” (cogomelo, fungo) e “-formis” (forma), en forma de fungo, e refírese á súa forma bombeada en forma de cogomelo.

Polymastia conigera Bowerbank, 1874

Esonxa que forma revestimentos irregulares, con tendencia a formas circulares, de ata 30 cm de lonxitude cun grosor de entre 2 e 3 mm. A placa basal é moi hípida, peluda, e está cuberta por partículas de sedimento, da cal se proxeccion numerosas papilas cónicas ou cilíndricas de ata 2 cm de alto. Os ostíolos distribúense por toda a placa basal, e os ósculos, que presentan unha gran capacidade de contracción, sitúanse no ápice dalgunha das papilas, cunha canle exhalante central. Papilas de cor amarela cremosa opaca, base de cor beixe escura.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 15 ata os 80 metros de profundidade, sobre substratos rochosos horizontais, en zonas de abundante material sedimentario que adoita cubrir a base deixando só ao descuberto as papilas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polymastia agglutinans, alcanza un menor tamaño e a súa base, de apenas 1 centímetro de grosor, aglutina anacos de cuncha e grans de area; as súas papilas son relativamente longas, delgadas, e a cor da base é beixe sucia. A cor das papilas é esbrancuxada ou alaranxada translúcida.

Polymastia penicilus, lixeiramente de menor tamaño, a súa base de apenas 1 centímetro de grosor adoita estar tapada polo sedimento, as súas papilas son máis delicadas, translúcidas e longas, só as máis grosas son osculíferas e a súa cor varía entre a amarela ou laranxa da base e a amarela ocre translúcida das papilas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *conigera*, fai referencia á forma en “cono” das papilas.



Polymastia inflata Cabioch, 1968

Esta diminuta esponxa apenas alcanza os 2 cm de diámetro de base. Presenta unha base, algo cupuliforme, incrustante, da que xorden entre 1 e 3 papilas cilíndricas que poden alcanzar unha lonxitude de ata 15 mm. Na cima destas papilas sitúanse uns orificios que funcionan simultaneamente como ósculos e ostíolos, estando o orificio exhalante (ósculo) rodeado polos inhalantes. A súa consistencia é compacta e a súa superficie lixeiramente peluda. Cor amarela pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 15 aos 150 metros de profundidade, en fondos de area ou area fangosa, sobre pedras ou sobre cunchas baleiras de gasterópodos habitadas polo sipuncúlido *Phascolion strombus*.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas atlánticas de Francia ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polymastia boletiformis, é de maior tamaño, bulbosa, ca súa parte superior totalmente recuberta por numerosas papilas cónicas verticais que se aguzan no seu ápice, de diferentes tamaños e grosos, e que poden chegar a unirse (2 adxacentes) lonxitudinalmente. A cor da súa base e papilas é amarelada ou alaranxada.

Polymastia spinula, é de maior tamaño, sobre a súa base acolchada elévanse unhas papilas enormes en proporción. A súa cor varía entre a amarela clara e branca sucia cremosa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *inflata*, é un epíteto latino que significa “inflado”, refírese á base “inflada” que presenta.



Polymastia penicillus (Montagu, 1818)

O corpo desta esponxa semiesférica, que pode chegar a alcanzar os 20 cm de diámetro cun grosor de 1 cm, é de cor entre laranxa e amarela, mentres que as papilas que sobresaen del, elevándose sobre o sedimento que recobre o corpo da esponxa, teñen unha cor entre amarela e ocre clara, sendo máis translúcidas canto máis nos achegamos ao seu ápice. O número de papilas e a súa lonxitude varía coa idade, condición, e situación da esponxa, aínda que se diferencian facilmente as inhalantes, das exhalantes; mentres as primeiras son finas e están presentes en maior cantidade, as segundas son máis longas e grosas, son menores en número, e os seus extremos permanecen abertos.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 2000 metros de profundidade, fixa en pedras baixas, na interfase pedra/sedimento, e semienterrada no sedimento que recobre o seu corpo, sobresaíndo unicamente as papilas.

DISTRIBUCIÓN:

Especie anfiatlántica. Océano Ártico, costas atlánticas europeas, norteamericanas, e no Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polymastia agglutinans, de menor tamaño; a súa base, de apenas 1 cm de grosor, aglutina anacos de cuncha e grans de area. As súas papilas son relativamente longas, delgadas. A cor da base é beixe sucia e a das papilas esbrancuxada ou alaranxada translúcida.

Polymastia conigera, forma grandes revestimentos, cunha base que, con apenas 1 cm de grosor, é moi hispida e peluda; as súas papilas, cónicas ou cilíndricas, son grosas, numerosas, pouco altas, e só algunhas presentan un ósculo apical. A cor da súa base é beixe escura e a das papilas amarela cremosa opaca.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *penicillus*, é un termo latino que significa “cepillo”, en clara referencia á aparencia que lle dan as súas longas papilas.



Polymastia spinula Bowerbank, 1866

Pequena esponxa en forma de almofada subesférica cun diámetro de só uns centímetros cadrados. A superficie superior está recuberta de papilas cónicas verticais de consistencia firme, moi grandes en proporción ao corpo (poden chegar a alcanzar os 5 cm de altura), finas e afiadas. A cor da súa superficie é amarela clara ou branca sucia cremosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Vive en substratos rochosos, sobre a parte superior de rochas preto da area en zonas de correntes. Está catalogada como un espécime de augas profundas, a partir dos 63 metros de profundidade, aínda que o exemplar fotografado foi atopado a 30 metros de profundidade.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata o noroeste da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Polymastia boletiformis, a súa base é de maior tamaño, bulbosa, coa parte apical recuberta de numerosas papilas cónicas verticais, de menor lonxitude en proporción, e de diferentes tamaños e grosos, sempre aguzadas no seu ápice.

Polymastia inflata, é de menor tamaño, sobre a súa base cupuliforme só se elevan entre 1 e 3 papilas cilíndricas cuns orificios que funcionan simultaneamente como ósculos e ostíolos; a súa superficie é lixeiramente peluda e a súa base e papilas son de cor amarela pálida.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *spinula*, é un epíteto latino que significa “espiñenta”, “con espiñas”, e refírese á aparencia que lle dan as papilas afiadas que presenta.



Polymastia uberrima (Schmidt,1870)

Esponxa esférica, case do mesmo alto que o seu diámetro, que pode alcanzar un tamaño de 12 cm. A súa superficie, que é visualmente lisa, presenta sobre a súa parte superior numerosas papilas, en cuxos ápices se abren os ósculos. As papilas, que son moi grosas e de pouca altura, presentan unha canle central que finaliza no ósculo, mentres que na periferia están as canles inhalantes que finalizan nos ostíolos. Presenta unha gran capacidade de contracción, sendo capaz de pechar totalmente os ósculos. A súa cor é amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 26 ata os 1000 metros de profundidade, en fondos rochosos, fixa a pedras ou sobre anacos de briozoos. O exemplar fotografado estaba a 30 metros de profundidade, fixa sobre un fondo rochoso lixeiramente recuberto de area (posiblemente móbil cos temporais) ca súa parte superior elevándose sobre o sedimento.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica, cuxa distribución en Europa abarca desde o norte de Noruega e Islandia ata o noroeste da Península Ibérica.


ESPECIES SEMELLANTES:

Polymastia boletiformis, é bulbosa, lixeiramente menor, ca súa parte superior totalmente recuberta por numerosas papilas cónicas verticais que se aguzan no seu ápice, de diferentes tamaños e grosos, e que poden chegar a unirse (2 adxacentes) lonxitudinalmente. A cor da súa base e papilas é amarelada ou alaranxada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *uberrima*, é un epíteto latino que significa “moi abundante”, “fértil”, e refírese posiblemente á abundancia de ósculos que presenta.



Scopalina sp.

Esponxa recubrinte que forma láminas de ata varios decímetros cadrados de extensión e apenas 5 mm de grosor. A súa superficie é fortemente áspera, ocasionada por múltiples cónulos dispostos de forma desordenada de ata 2 mm de alto; entre os cónulos aprécianse claramente os ostiolos que lle dan unha aparencia porosa á superficie da esponxa. Os ósculos, poucos, distribuídos irregularmente, e duns 6 mm de diámetro, elévanse sobre a superficie por un collar translúcido, onde acaban unhas claras canles exhalantes. Presenta unha lixeira contracción ao ser tocada, colapsando as canles exhalantes e os ósculos. Cor da esponxa branca sucia a beixe clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 aos 40 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre paredes verticais e contraplomos.


DISTRIBUCIÓN:

Exemplares atopados na ría de Arousa (Galicia).

ESPECIES SEMELLANTES:

Biernia variantia, é incrustante masiva e alcanza unha menor extensión, cun grosor de ata 15 mm; a súa superficie ten unha aparencia regularmente porosa debido aos ostiolos.

Dysidea frágilis, forma masas de maior grosor, non se aprecian canles exhalantes converxendo nos ósculos e o seu ectosoma está minuciosamente reticulado.



Axinyssa aurantiaca (Schmidt, 1864)

Esta esponxa forma masas amorfas, semiglobulares recubrintes ou masivas de varios decímetros cadrados de extensión. A súa superficie é lisa, lixeiramente hispida, e irregular por mor do seu ectosoma punteado ou mesmo a primeira ollada aparentemente reticulado. Os ósculos presentan un diámetro de 4-6 mm e teñen o seu bordo lixeiramente reticulado. Cor amarela viva a amarela alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 20 ata os 80 metros de profundidade, sobre rochas en gretas, ocos, paredes ou contraplomos. É unha especie esciáfila que busca zonas escuras cun forte hidrodinamismo.


DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo. Os exemplares fotografados foron atopados en augas exteriores da ría de Arousa, nos baixos de Corrubedo e en Couso.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *aurantiaca*, é un epíteto latino que significa “da cor do ouro”, e refírese á súa cor.



Axinyssa digitata (Cabocho, 1968)

É unha especie incrustante recubrinte que forma parches de ata 20 cm de longo, por uns 0'8-3 cm de grosor, da que xorden de forma irregular e ás veces de forma coalescente, dixitaciones cónicas de ata 22 mm de alto por 1'5 cm de diámetro de base, e que finalizan en punta. A súa superficie é moi conulosa e hispida, estando os cónulos aliñados formando eixos lonxitudinais nas dixitacións. A súa consistencia é moi fráxil e é moi fácil de romper. Cor entre amarela translúcida e amarela limón.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 25 ata os 100 metros de profundidade, sobre fondos duros detríticos, principalmente en superficies rochosas horizontais recubertas por finas capas de sedimento.

DISTRIBUCIÓN:


Desde o sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Ciocalypta penicillus, a súa base está recuberta de sedimento, do que sobresaen unicamente as papilas, de forma cónica e superficie lisa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *digitata*, deriva do latín "digitus" (dedo da man), e refírese á forma dixitiforme da súa superficie.



Ciocalypta penicillus Bowerbank, 1862

Esta esponxa forma almofadas incrustantes de máis de 20 cm de diámetro, das que emerxen longas papilas de ata 10 cm de altura e 5-7 mm de diámetro. As papilas son de forma cónica, consistencia firme pero flexibles (podemos dobralas ata case 180° sen rompelas) e non contráctiles; a súa superficie ten aparencia de cristal translúcido, podendo a miúdo entrever un conduto central. Os ósculos, tanto inhalantes como exhalantes están na parte superior dalgunhas das papilas. Cor entre branca, amarela pálida, ou verde-amarela translúcida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

En augas limpas e fixa a rochas; coa base totalmente tapada por area ou grava da que xorden soamente as papilas. Esta preferencia polos fondos areosos limpos pode indicar un certo grao de preferencia por zonas expostas ás ondas ou á acción de correntes de marea.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Esta esponxa pode ser confundida nunha primeira ollada con esponxas do xénero *Polymastia*, sobre todo coa especie *Polymastia penicillus*, aínda que é fácil de diferenciar, xa que todas as súas papilas son aproximadamente do mesmo tamaño, totalmente translúcidas, contráctiles, de forma cónica, e algunhas cun ósculo apical.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *penicillus*, é un termo latino que significa “cepillo”, en clara referencia á aparencia da esponxa coas súas longas papilas.



Halichondria (Eumastia) sitiens (Schmidt, 1870)

Esonxa que forma almofadas de ata 15 cm de lonxitude, das que xorden unhas características papilas ergueitas que se poden ramificar e portar un ósculo apical. A súa superficie é lisa e a súa consistencia firme. As papilas ocas son cónicas, rechonchas nos seus ápices ou máis aguzadas se portan un ósculo. Cor amarela pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 15 ata os 160 metros de profundidade, sobre bivalvos do xénero *Pecten* ou obxectos duros. O exemplar fotografado estaba a uns 30 metros de profundidade sobre unha gorgonia (*Eunicella verrucosa*).

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega e Islandia ata as illas británicas. O exemplar fotografado foi atopado nos fondos mariños da ría de Arousa (Galicia).

ESPECIES SEMELLANTES:

Superficialmente e a primeira vista pode ser confundida con especies do xénero *Polymastia*, aínda que estas non presentan as canles subdémicas e as súas papilas dispóñense dunha forma máis ordenada.

Halichondria (Halichondria) bowerbanki, as súas papilas son cegas, os seus ósculos non son aparentes, e non presenta canles subdémicas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *sitiens*, é un epíteto latino que significa “sedento” e refírese ás súas numerosas papilas.



***Halichondria (Halichondria) panicea* (Pallas, 1766)**

Esponxa polimórfica, moi variable na súa forma, que pode chegar a alcanzar 60 centímetros de longo por 5 centímetros de espesor, aínda que normalmente é de menor tamaño. Crese que a variabilidade das súas distintas formas poida estar relacionada coa súa exposición ao movemento da auga. Os exemplares que crecen no intermareal de zonas expostas á ondada oceánica, afán ser totalmente lisas coas chemineas osculares apenas destacables. En ambientes máis intermedios, desenvolven as típicas chemineas en forma de volcán, de 4-5 cm de alto, cuns ósculos relativamente grandes, de 2-4 milímetros de diámetro, dispostos no seu ápice. En lugares con fortes correntes de marea poden desenvolver longas chemineas osculares fortemente adheridas, que poden anastomosarse e modificar a súa morfoloxía ata adquirir forma de palma. En zonas máis profundas sen movemento de auga, sen correntes nin ondas, poden formar masas ramificadas que se anastomosan con chemineas osculares repartidas polas ramas. A consistencia da esponxa é elástica, compresible e pode romper con certa facilidade; cando se saca da auga presenta un forte cheiro acedo. A cor é tamén moi variable, a cor verde da esponxa predomina en zonas de augas claras e preto de superficie, como consecuencia da presenza de zooxantelas (minúsculas algas simbióticas). En augas máis profundas ou máis escuras adoita ser de cor alaranxada, amarela brillante ou amarela verdosa clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de costa ata os 500 metros de profundidade, é unha especie oportunista que crece en diferentes hábitats e baixo unha gran variedade de condicións físicas, sobre pedras, cunchas, e mesmo algas. Esta esponxa é vivípara cun período reprodutivo de abril a setembro, e con larvas listas para liberar de xuño a setembro.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Halichondria (Halichondria) bowerbanki, ramifícase irregularmente con longas proxeccións en forma de cabos, e os seus ósculos son pouco aparentes, non moi visibles.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *panicea*, deriva da palabra latina “paniceus” que significa “de pan”, e refírese á textura da esponxa seca.



Halichondria (Halichondria) bowerbanki Burton, 1930

Esponxa moi polimórfica que pode desenvolverse formando delgadas capas, ou montículos máis sólidos, pero desenvolve normalmente lóbulos erectos, aplanados e estreitos, que poden ramificarse podendo alcanzar unha extensión duns 25 cm por 12 cm de longo. En zonas abrigadas crece en forma de bólas desordenadas sobre estípites de algas, incluíndo na súa masa calquera elemento externo que estea ao seu alcance durante o desenvolvemento. Os ósculos non son moi perceptibles, e a súa superficie é lisa e desigual, cunha textura parecida a faragulla de pan. A cor adoita ser beixe acastañada no verán e amarela pálida ou crema no inverno.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre rochas na costa inferior e sublitoral superficial, aínda que frecuentemente tamén sobre estípites de algas, tubos de poliquetos, e sobre outros organismos sedentarios en zonas de corrente moderada e varridas polo mar. Busca sempre ambientes ricos en partículas en suspensión. Alcanza o seu máximo desenvolvemento en estuarios e portos, ao tolerar moi ben condicións fangosas e de cambios de salinidade, e non ter competencia. É unha especie hermafrodita e vivípara. Reprodúcese mediante larvas ciliadas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

A natureza variable de *H. bowerbanki* pode facer moi difícil a súa identificación. A confusión máis probable é con *Halichondria (Halichondria) panicea*. O crecemento en forma de bólas típico de *H. bowerbanki* é un carácter distintivo, ademais de carecer da cor verde que *H. panicea* presenta en condicións de boa iluminación, así como do seu característico cheiro.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *bowerbanki*, foille posto en honra ao naturalista británico James Scott Bowerbank (1797-1877), pioneiro no estudo das esponxas do oeste europeo.



Hymeniacion perlevis (Montagu, 1814)

Esonxa moi polimórfica que presenta un crecemento e cor diferentes, dependendo da exposición e da ondada. É unha especie incrustante recubrinte que en zonas submareais expostas forma parches de ata 15 cm de diámetro por uns 3 cm de grosa, mentres que en zonas protexidas tende a formar parches máis grandes, de ata 30 cm de diámetro e uns 10 cm de alto. Pode formar finas capas ou montículos cunha superficie áspera, con numerosas e curtas expansións ou papilas, normalmente recuberta polo sedimento. Os ósculos, que son escasos e están no ápice de proxeccións elevadas, normalmente máis altas e grosas que as non osculíferas, presentan un curto colar translúcido. A súa superficie é firme e compresible. A súa cor pode ser amarela pálida, laranxa, vermella sangue ou rosa alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da zona intermareal ata os 40 metros de profundidade, sobre fondos rochosos ou sobre fondos limosos, en pedras ou cunchas de moluscos, en zonas abrigadas pouco expostas á ondada pero con correntes. Acostuma estar parcialmente tapada polo sedimento que se vai depositando sobre ela e do que só asoman os ósculos. Habita unha gran variedade de substratos grazas á súa tolerancia á desecación (zona intermareal), ás augas turbias, e a cambios de salinidade (estuarios, rías, e portos).

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Amphilectus fucorum, a súa superficie é visualmente moi porosa, infestada de diminutos buracos, e presenta normalmente finas expansións filamentosas.

Halichondria bowerbanki, desenvolve normalmente lóbulos erectos aplanados que se poden ramificar.

Halichondria panicea, os seus ósculos son de maior diámetro, situados elevados sobre chemineas regulares, e a súa superficie non é fistulosa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *perlevis*, é un termo latino que significa “moi lixeiro”, e refírese ao aspecto que presenta a superficie desta esponxa.



Aptos aptos (Schmidt, 1864)

Esponxa de forma masiva, grumosa ou lobulada, que normalmente alcanza un tamaño de 3-5 cm de diámetro, excepcionalmente máis grande, do tamaño dun puño. A súa superficie é irregular, hispida, ocasionalmente lisa, de cando en cando presenta elevacións en forma de papilas. Presenta uns poucos ósculos contráctiles de ata 3 mm de diámetro, que ás veces poden estar elevados. A súa consistencia é compacta, firme e dura. Cor exterior marrón amarelada, ocasionalmente amarela pálida ou agrisada, ou marrón avermellada escura; interior de cor amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 20 ata os 200 metros de profundidade, sobre fondos horizontais rochosos recubertos parcialmente por area.

DISTRIBUCIÓN:

Do noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo, incluíndo as Azores, Madeira e Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aptos papillata, diferénciase polas papilas que recobren a súa superficie e pola súa cor avermellada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *aptos*, é de orixe grega e significa “invencible”, “duro”, e refírese á consistencia desta esponxa.

É unha especie pouco coñecida. Citouse en diferentes partes do mundo, pero é moi probable que se traten de identificacións erróneas doutras especies deste xénero.



Aptos papillata (Keller, 1880)

Esta esponxa pode desenvolverse de dúas formas diferentes. As menores son semiesféricas, cun grosor duns 3 cm; as maiores desenvólvense de forma acolchada de ata 30 cm de lonxitude por uns 5 cm de alto. A súa superficie, lixeiramente hispida, presenta numerosas papilas cegas de forma cilíndrico-cónicas, de entre 1 e 6 mm de altura por un diámetro na súa base de 1-4 mm. Entre todas as papilas destacan unhas poucas osculares, as cales son de maior tamaño, de entre 2-6 mm de alto por 4-6 mm de diámetro na súa base, e cun ósculo no seu ápice. A súa consistencia é firme, difícil de separar do substrato. Cor violeta avermellada ou case branca, co ápice das papilas de cor máis clara; internamente é laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior da baixamar ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos horizontais rochosos, normalmente enterrada por sedimento areoso de onde xorden as papilas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aptos aptos, a súa cor é amarela agrisada a marrón amarelada e as súas papilas non son tan evidentes.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *papillata*, é un epíteto latino que significa “papilada”, “con papilas”, e refírese á forma da superficie desta esponxa.



Homaxinella subdola (Bowerbank, 1866)

Esponxa arbustiva ergueita e ramificada de forma aparentemente desordenada, que pode chegar a alcanzar unha altura de 20 cm. A súa superficie é lisa, esvaradía, e lixeiramente hispida, o que ocasiona que reteña partículas de limo sobre ela. Os ósculos, que son pequenos, escasos, e atópanse repartidos de forma discreta sobre as ramas, presentan un bordo translúcido, liso, e lixeiramente cónico. O talo é duro, máis delgado que as ramas, e está firmemente ancorado á rocha. As ramas tenden a xurdir en ángulos case rectos en todos os planos, o que lle confire un aspecto un tanto caótico; son de sección circular, con engrosamentos desordenados, firmes, resistentes e elásticas; poden anastomosarse pero nunca producen formas laminares. A cor varía entre a laranxa, amarela, parda amarela e mesmo dourada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 80 metros de profundidade, fixa sobre fondos rochosos cubertos dunha lixeira capa de sedimento, en planos horizontais ou lixeiramente inclinados. Podemos atopala en zonas abrigadas e semi-expostas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:


Axinella dissimilis, as súas ramas son ovaladas e tenden a formas planas ao anastomosarse entre elas.

Axinella estacioi, as súas ramas son máis finas, de superficie lisa e presentan un diámetro similar.

Axinella polypoides, as súas ramas son máis grosas, de sección ovalada e a súa superficie é lisa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *subdola*, é unha palabra latina que significa “tortuosa”, “astuta”, pola forma enganosa desta esponxa que se confunde con outras especies do xénero *axinella*.



Protosuberites denhartogi Van Soest & de Kluijver, 2003

Esponxa incrustante recubrinte que forma finísimas láminas de apenas un milímetro de grosor e uns 20 cm de diámetro ou máis. A súa superficie é lisa, suave, e lixeiramente hispida. Na súa superficie destacan canles exhalantes confluindo en pequenos ósculos, que a esponxa pode contraer lixeiramente, o suficiente como para esconder as súas canles acuíferas e facer menos visibles os seus ósculos. A súa consistencia é compacta. Cor marrón pálida, amarela cremosa ou amarela.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da zona intermareal ata os 12 metros de profundidade, na parte inferior de rochas, sobre cunchas, outros animais ou algas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o suroeste das illas británicas ata as costas do norte de Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pseudosuberites mollis, as súas capas son máis grosas, coa superficie suave e translúcida, é facilmente desmenzable, os seus ósculos non son moi visibles e é de cor amarela pálida.


Pseudosuberites sulphureus, a súa superficie é lisa co ectosoma translúcido, que permite ver as cavidades subsuperficiais. A súa cor é laranxa xufrosa brillante.

CURIOSIDADES:

O nome desta especie, *denhartogi*, é en honra ao naturalista mariño holandés Jacobus Cornelis (Koo) dean Hartog (1942-2000).

Esta especie foi identificada durante máis dun século como *Protosuberites epiphytum* (Lamarck, 1814), pero Van Soest e de Kluijver descubriron no 2003 que a especie tipo de *Alcyonium epiphytum* gardada no museo de París corresponde a unha especie australiana epibionte en algas.



Pseudosuberites mollis Topsent, 1925

Esponxa recubrinte que forma finas láminas incrustantes de contornos irregulares de ata 30 cm de extensión e de 1-2 mm de grosor. A súa consistencia, aínda que flexible, é compacta, pero facilmente desmenuzable en flocos. A súa superficie é lisa, suave e translúcida. Os ósculos, non moi visibles, teñen un tamaño de ata 1 mm de diámetro e están dispostos a nivel coa superficie da esponxa. Cor amarela pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 15 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre pedras e rochas. Os exemplares fotografados atopábanse baixo pedras compartindo espazo con outras esponxas (no centro da imaxe *Hymedesmia (Hymedesmia) paupertas*).

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Francia ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Protosuberites denhartogi, forma capas máis finas, a súa superficie é suave e lixeiramente hispida de consistencia compacta, e a súa cor é marrón pálida a amarela.

Pseudosuberites sulphureus, forma capas máis finas, a súa superficie é lisa co ectosoma translúcido que permite ver as cavidades subsuperficiais, e a súa cor é laranxa xufrosa brillante.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *mollis*, é un epíteto latino que significa “brando”, “suave”, “flexible”, “delicado”, e refírese a que é moito máis suave que os seus conxéneres.



Pseudosuberites sulphureus (Bowerbank, 1866)

Esponxa recubrinte que forma finas láminas de contornos irregulares de ata 30 cm de extensión e de 1 mm de grosor. A súa consistencia, aínda que flexible, é compacta e a súa superficie lisa, suave, con cavidades subsuperficiais visibles a través do ectosoma, o cal é facilmente separable. Os ósculos, non moi visibles, teñen un tamaño de ata 1 mm de diámetro e están dispostos a nivel coa superficie da esponxa. Cor laranxa xufrosa brillante ou amarela brillante; este brillo é distintivo baixo a auga.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 30 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre pedras e cunchas. Normalmente en zonas de fortes correntes de marea, baixo pedras, e en zonas do sublitoral expostas en paredes rochosas verticais.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur de Noruega ata o norte da Península Ibérica.

ESPECIES SEMELLANTES:

Protosuberites denhartogi, a súa superficie é suave e lixeiramente hispida, de consistencia compacta. A súa cor é marrón pálida ou amarela.

Pseudosuberites mollis, as súas capas son máis grosas, coa superficie suave e translúcida, é facilmente desmenuzable, os seus ósculos non son moi visibles e é de cor amarela pálida.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *sulphureus*, é un epíteto latino que significa “sulfúreo”, tamén se denomina así “o que é de xofre ou ten a súa natureza, cor (amarela xofre) ou cheiro”, e refírese á cor da esponxa.



Suberites carnosus (Johnston, 1842)

Esponxa que pode chegar a alcanzar uns poucos centímetros de diámetro na súa forma típica, na que crece en forma de esferas fixas ao substrato por medio dun curto pedúnculo, normalmente cun só ósculo terminal na súa parte superior, se presenta varios sempre están situados no ápice. Nalgúns hábitats pode crecer en forma de montículo irregular, incrustante e lobuloso, neste caso pode ter varios ósculos sempre na parte superior dos lóbulos e chegar a alcanzar os 15 ou 20 cm de lonxitude. A superficie da esponxa é moi suave e aveludada. Esta esponxa pode contraerse de forma substancial ao ser molestada, co correspondente cambio na súa consistencia, pasando dun tacto suave a ser firme e dura, co ósculo case pechado. A súa cor pode variar entre amarela, ocre, ou laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Mostra preferencia por augas limpas onde as correntes non sexan moi fortes, desde a liña de baixamar ata profundidades de 100 metros, ancorada en substratos rochosos horizontais. Tamén pode atoparse en pecios (caso fotografado) ou en fondos de lodo, fixa a cunchas ou pedras que están cubertas polo lodo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Esta especie pode confundirse con outras da mesma familia, especialmente con *Suberites ficus*, cando a primeira se desenvolve de forma incrustante e lobular, aínda que a textura desta última é fibrosa e presenta uns ósculos longos e irregulares.

Artemisina transiens, presenta un longo pedúnculo de fixación ao substrato que lle dá un aspecto característico, a súa superficie é case lisa, pode ter máis dun ósculo e non presenta contracción visible.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *carnosus*, é un epíteto latino que significa “carnoso”, e refírese á textura e cor dos espécimes colleitados para a súa descrición.



Suberites domuncula (Olivi, 1792)

Esonxa que se desenvolve en forma de montículos soltos, esféricos ou subesféricos, que pode chegar a alcanzar un tamaño de máis de 10 cm. A súa superficie é lisa e algo hispida, o que lle dá un aspecto lixeiramente aveludado. A esponxa presenta normalmente dous grandes buracos, un ósculo de gran tamaño na súa parte superior, e unha abertura nun lateral inferior cos seus bordos amplamente resaltados, por onde asoma o ermitán asociado. A súa cor varía entre alaranxada, ocre e amarela, e ten un cheiro xufroso.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 40 metros de profundidade, preto de praias ou zonas pouco profundas, sobre fondos duros de rocha ou area. Aínda que poden atoparse exemplares solitarios e mesmo fixos ao substrato, normalmente incrústase en cunchas habitadas por cangrexos; co tempo dissolve a cuncha e vaise desenvolvendo co ermitán, evitando así que este teña que abandonar a súa protección ao crecer. É unha simbiose na que o cangrexo proporciona mobilidade e por tanto máis posibilidades de conseguir alimento, e a esponxa achega protección ao cangrexo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Suberites pagurorum, presenta unha superficie máis porosa e o seu ósculo está rodeado dun fino bordo que se pode contraer lixeiramente.

Suberites suberia, é de menor tamaño, de forma sempre oblonga e de cor máis pálida e clara.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *domuncula*, é un epíteto latino que significa “cámara”, “cápsula”, “casa”, en clara referencia ao fogar que lle proporciona ao cangrexo ermitán.



Suberites ficus (Johnston, 1842)

Esponxa maciza de ata 30-40 cm de diámetro, que pode presentar unha amplísima variedade de formas; desde esferoidal ou globosa, ata a máis típica que é lobulada redondeada con grandes e irregulares ósculos terminais. A cor é laranxa ou vermella, con cores máis vivas en augas pouco profundas, mentres que en zonas profundas ou de augas máis escuras, é de cor máis pálida; pode presentar ás veces unha cor verde escura como consecuencia da presenza de algas simbióticas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 200 metros de profundidade, sobre fondos rochosos en zonas de maior ou menor hidrodinamismo. Pode fixarse a pequenas pedras, ás cales termina por recubrir completamente; nestes casos, as esponxas pódense observar rodando sobre o fondo a mercé das correntes.

DISTRIBUCIÓN:

Báltico, mar do Norte, canle da Mancha, Atlántico e Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Suberites carnosus, pode dar lugar a confusión na súa forma incrustante e lobular, aínda que a súa textura é suave e presenta uns ósculos redondos e regulares.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ficus*, é un epíteto latino que significa “figo”, non se sabe exactamente a que pode referirse, posiblemente á consistencia da esponxa ou á forma do exemplar colleitado para a súa descrición.

Un estudo realizado sobre diversas variedades de *Suberites ficus* na illa de Man (Inglaterra) empregando análise mediante electroforesis, mostrou que baixo este nome incluíanse 3 especies diferentes: *Suberites pagurorum*, *Suberites rubra* e *Suberites luridus*. A primeira, asociada a cunchas habitadas por pagúridos; as outras, incrustantes de cor avermellada e amarela pálida respectivamente, sobre cunchas de pectínidos.



Suberites luridus Solé-Cava & Thorpe, 1986

Esponxa que forma finas láminas incrustantes de varios centímetros cadrados de extensión. A súa superficie é microhispida, e a súa consistencia é branda e compresible. A súa superficie está regularmente perforada por diminutos ostíolos, e presenta poucos ósculos que son pouco evidentes e poden pasar desapercibidos. Cor amarela pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 30 metros de profundidade, recubriendo cunchas de *Aequipecten opercularis* e *Mimachlamys varia*.

DISTRIBUCIÓN:

Descríbiuse a partir de exemplares colleitados nas illas británicas. O animal fotografado foi atopado na ría de Arousa (Galicia).

ESPECIES SEMELLANTES:

Suberites ficus, coa que inicialmente se asociaba ata que recentemente un estudo realizado sobre diversas variedades desta esponxa na illa de Man (Inglaterra), mostrou que este nome incluía 3 especies diferentes, entre elas *Suberites luridus*. *Suberites ficus* acostuma ter formas masivas.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *luridus*, é unha palabra latina que significa “amarela pálida”, facendo referencia á cor da esponxa.



Suberites pagurorum Solé-Cava & Thorpe, 1986

Espónxa masiva de ata 2 cm de grosor por uns 10 cm de diámetro. A súa forma acostuma ser redondeada ou lixeiramente alongada, pero de contornos redondeados. A súa textura é porosa, lixeiramente hispida, nunca lisa, e a súa consistencia é branda e compresible. Normalmente presenta un ósculo apical (esporadicamente dous), cun bordo moi fino e translúcido, con certa capacidade de contracción. Cor laranxa pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 30 metros de profundidade, recubriendo cunchas habitadas por cangrexos ermitáns, sobre fondos de cascallo, area ou mestura de ambos, sempre con baixo contido en lodos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata Portugal.

ESPECIES SEMELLANTES:

Suberites domuncula, presenta unha superficie máis lisa e o bordo do ósculo é goso.

Suberites suberia, é de menor tamaño, non presenta ósculos aparentes e de cor máis pálida e clara.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *pagurorum*, fai referencia a que a esponxa recobre cunchas habitadas por pagúridos.

Antigüamente identificada como *Suberites ficus*, ata que un estudo realizado en base a diferenzas electroforéticas sobre diversas variedades desta esponxa na illa de Man (Inglaterra), mostrou que este nome incluía 3 especies diferentes, entre elas *Suberites pagurorum*.



Suberites suberia (Montagu, 1818)

Espónxa de forma alongada globular que pode alcanzar un tamaño de 10 cm. Desenvólvese sempre sobre a cuncha dun gasterópodo ocupada por un cangrexo ermitán, o que a converte nunha espónxa móbil. A única abertura que se observa é a que usa o cangrexo para asomarse, que presenta un característico reborde engrosado, non existindo aparentemente ósculos. A súa consistencia é firme e a súa superficie é lisa e aveludada. Cor laranxa, amarelada pálida ou abrancazada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos duros de area ou cascallo. Atópase sempre recubriendo cunchas habitadas por cangrexos ermitáns (nas nosas augas normalmente é *Pagurus cuanensis*), de aí o seu nome común “espónxa de ermitán”, ás veces excedendo e disolvendo a cuncha, proporcionándolle ao cangrexo un fogar secundario. É unha simbiose na que o cangrexo proporciona mobilidade e por tanto máis posibilidades de conseguir alimento, e a espónxa achega protección ao cangrexo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as costas do oeste das illas británicas ata as costas atlánticas de Francia, aínda que se cre que tamén pode estar presente no Mediterráneo. O animal fotografado foi atopado na ría de Arousa (Galicia).

ESPECIES SEMELLANTES:

Suberites domuncula, é de maior tamaño e de formas normalmente redondeadas, presenta sempre un ou máis ósculos na súa parte superior e a súa cor varía entre alaranxada, ocre e amarela.

Suberites pagurorum, é de maior tamaño, presenta sempre un ósculo rodeado dun fino bordo que pode contraer lixeiramente, a súa superficie é máis “porosa” e é de cor laranxa pálida.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *suberia*, deriva da palabra latina “suber” que significa “cortiza”, facendo referencia á súa característica forma.

Existen algúns autores que a consideran un sinónimo de *Suberites domuncula* e outros de *Suberites ficus*.



Terpios gelatinosus (Bowerbank, 1866)

Espónxa que forma pequenas láminas incrustantes de contornos irregulares que poden alcanzar os 5 cm de diámetro por apenas 2 mm de espesor. A súa superficie é lisa, peluda, branda e de consistencia xelatinosa. Os ósculos son diminutos, de apenas un par de milímetros de diámetro, e neles finalizan as canles exhalantes; á mínima manipulación, a esponxa pecha os ósculos e colapsa as canles inhalantes, facéndoos invisibles. A súa cor, que pode ser amarela a parda clara pola presenza de pigmentos nos coanocitos, normalmente é dunha cor azul intensa, ou verde azulada, como consecuencia da súa simbiose con algas cianofíceas do xénero *Beggiatoa* que lle dan esa cor.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 70 metros de profundidade, sobre rochas en zonas sombrías como covas ou paredes verticais, ou baixo pedras. Tamén a atopamos revestindo parte da cuncha dun pectínido (na foto sobre a orella dunha valva de *Mimachlamys varia*).

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Hymedesmia (Hymedesmia) paupertas, recobre superficies de maior tamaño, a súa superficie presenta áreas cribosas en forma de cráteres onde se sitúan os ostíolos, e os seus ósculos son ben visibles.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *gelatinosus*, é un epíteto latino que significa “xelatinoso”, fai referencia á súa consistencia.

Esta esponxa é confundida con moita frecuencia na literatura como *Terpios fugax* Duchassaing & Michelotti, 1864. Isto considérase na actualidade un erro porque *Terpios fugax* está, aparentemente, presente só no Caribe, de onde foi descrita.



Adreus fascicularis (Bowerbank, 1866)

Esponxa arborescente que pode chegar a alcanzar unha altura duns 15 cm. Pode presentar un desenvolvemento tubular ou ramificado e poden atoparse varios exemplares xurdindo da mesma base, plana e extensa, que adoita estar enterrada no sedimento; os exemplares ramificados presentan facilidade para anastomosar as súas ramas en zonas onde se toquen. A ramificación tende a ser dicotómica, nun só plano, o que lle pode conferir aparencia de cornamenta. As ramas son cilíndricas, teñen un diámetro de 6 a 8 mm e terminan en punta. A súa superficie é lisa, mucosa e suave, con débiles estrías lonxitudinais baixo a súa superficie, dispostas de forma irregular, visibles mesmo tras a súa conservación. Os ósculos son diminutos e case imperceptibles. Pode presentar unha fina capa de limo adherida á mucosidade da súa superficie, pero non presenta espículas sobresaíndo que atrapen o limo. A súa consistencia é firme, rixida e correúda. Non presenta cheiro e non é compresible. A cor da esponxa pode ser amarela, marrón, ocre, verdosa, laranxa ou amarela acastañada, coa punta das ramas máis escuras, xeralmente de cor parda.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 30 metros de profundidade, normalmente en fondos de area móbiles con cascallo semienterrada no sedimento que recobre leitos rochosos horizontais, esporadicamente en paredes rochosas verticais, en zonas de fortes correntes de marea. Tola ben o lodo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata as costas atlánticas españolas.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aínda que pode confundirse con outras esponxas erectas e ramificadas, as súas características diferenciadoras fan facilmente identificable: puntas afiadas e de cor máis escura, así como débiles estrías lonxitudinais.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fascicularis*, é un termo latino que significa “enliado”, “agrupado”, en referencia ao anastomosamento das ramas que se tocan.



Tethya aurantium (Pallas, 1766)

Esponxa solitaria con forma esférica, que se fixa ao substrato por un diminuto pedúnculo con numerosas raicillas e que pode chegar a alcanzar os 8 cm de diámetro. A súa superficie está dotada de numerosos tubérculos planos de sección poligonal. Só presenta un amplo ósculo, normalmente na súa parte superior, que deixa ver a disposición radial do interior da esponxa. A capa exterior (pinacodermo) diferénciase claramente da parte interior da esponxa. A cor exterior desta esponxa pode variar da amarela acastañada a laranxa; interior de cor laranxa forte.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 150 metros de profundidade, ancorada en fondos duros de pedra en zonas de corrente de marea. A súa reprodución é asexual, por xémulas, mediante o alongamento das verrugas ou tubérculos e o estreitamento da súa base ata que esta se secciona deixando libre a xémula. Ao tocala contráese de forma acusada, pechando o ósculo e deixando unha superficie aparentemente lisa.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o mar do Norte ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:


Tethya citrina, é de cor amarela, nunca alaranxada, o seu tamaño é menor, os tubérculos da súa superficie son máis apuntados e acostuma estar recuberta total ou parcialmente polo sedimento.

Craniella cranium, é de augas máis profundas, de menor tamaño e de cor abrancazada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *aurantium*, é unha palabra latina que significa “laranxa”, facendo referencia á súa cor.

Hai especialistas que afirman que esta especie é a mesma que a identificada como *Tethya citrina*, outros que as dúas especies teñen unha distribución diferente, unha sería de augas atlánticas e outra do Mediterráneo; e outros que son dúas especies distintas que se solapan nalgúns lugares.



Tethya citrina Sarà & Melone, 1965

Esponxa de forma esférica ou subsférica que pode chegar a alcanzar un diámetro de ata 6 cm. A súa superficie é tuberculosa, con poros contráctiles situados entre os tubérculos. Ás veces presenta “xemas” xerminais en curtos talos fixas aos tubérculos, e normalmente está recuberta por unha lixeira capa de limo. Acostuma presentar un só ósculo apical, situado de forma case oposta ao seu punto de fixación ao substrato. A súa consistencia varía enormemente debido á súa gran capacidade de contracción, dado que é capaz de contraer o seu tamaño á metade. Cor entre amarela pálida e amarela forte.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Sobre superficies rochosas, desde o litoral ata os 900 metros de profundidade, normalmente en augas abertas, aínda que foi citada en zonas portuarias. Ten preferencia por superficies rochosas horizontais ou inclinadas de augas limpas, tolerando ben certa cantidade de sedimento. Reprodúcese por xémulas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o mar do Norte ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Tethya aurantium, é de cor laranxa, o seu tamaño é maior, os tubérculos da súa superficie son máis aplanados e de contorno poligonal.


Craniella cranium, é de augas máis profundas, de menor tamaño e de cor abrancazada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *citrina*, é un epíteto latino que significa “da cor do limón”, e refírese á cor amarela limón que presenta esta esponxa.

Hai especialistas que afirman que esta especie é a mesma que a identificada como *Tethya aurantium*, outros que as dúas especies teñen unha distribución diferente, unha de augas atlánticas e outra do Mediterráneo, e outros que son dúas especies distintas que se solapan nalgúns lugares.



Timea crassa (Topsent, 1900)

Esponxa que forma finas capas incrustantes e consistentes de ata 10 cm de tamaño. A súa superficie é normalmente lisa ou case, dependendo da lonxitude dos tilostilos. Os seus ósculos son diminutos, de 2-3 mm de diámetro, están lixeiramente elevados sobre a superficie da esponxa e presentan capacidade de contracción. A súa cor varía da amarela a amarela ocre.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 65 metros de profundidade, en pedregales, incrustando partes inferiores de pedras. É unha especie esciáfila que busca sempre fuxir da luz solar directa. Reprodúcese de forma asexual, mediante xémulas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o mar do Norte ata Senegal, incluíndo o Mediterráneo e as illas Canarias.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *crassa*, é un epíteto latino que significa “grosa”, e refírese ás microscleras, de maior diámetro que as presentes na especie *Timea hallezi*, considerada polo autor como unha variante.



Timea hallezi (Topsent, 1894)

Esponxa incrustante que forma capas moi finas de apenas 1 mm de grosor e varios centímetros de extensión. A súa superficie é uniforme, lixeiramente hispida, e sen aberturas acuíferas visibles. A súa consistencia é coriácea. Cor laranxa a ocre amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 12 ata os 80 metros de profundidade, en fondos rochosos baixo pedras e en fondos areosos sobre maërl.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o mar do Norte e a canle da Mancha ata a costa mediterránea da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hallezi*, foille posto en honra ao zoólogo francés Paul Hallez (1846-1938), quen fundou en 1888 un laboratorio de bioloxía mariña en Lle Portal que estaba asociado á Universidade francesa de Lille Nord.



***Timea stellata* (Bowerbank, 1866)**

Esponxa que forma finas capas incrustantes de pouco máis de 1 cm de extensión. A súa superficie é hispida como consecuencia das espículas que atravesan a súa superficie, asomando ao exterior, o que ocasiona unha deposición de limo nelas que lle dá un aspecto granuloso á súa superficie. Os ósculos son moi pequenos, situados ao mesmo nivel da súa superficie, e difíciles de apreciar. Cor amarela entre brillante e esbrancuxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 15 ata os 200 metros de profundidade, incrustando partes inferiores de pedras e cunchas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *stellata*, é un epíteto latino que significa “estrelado”, e refírese á forma das súas microscleras.



Timea unistellata (Topsent, 1892)

Esponxa incrustante que forma finas láminas moi fixas ao substrato, de pouco máis de 1 mm de espesor e que poden alcanzar varios decímetros cadrados de extensión. A súa consistencia é flexible, algo carnosa. A súa superficie é uniforme, áspera e algo hispida, a través dela obsérvanse pequenas canles radiais que converxen en diminutos ósculos dispostos equidistantemente; non presenta ostiolas aparentes. Os ósculos presentan unha grande capacidade de contracción ao poder colapsarse totalmente. A súa cor é variable, desde amarela a laranxa ou vermella, podendo aparecer diferentes tonalidades sobre un mesmo exemplar.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 200 metros de profundidade, recubriendo substratos duros como pedras ou rochas, e mesmo outros animais sésiles, como tubos de poliquetos, ascidias solitarias, etc. É unha especie que busca sempre zonas sombrías, debaixo de algas ou baixo pedras, en paredes verticais con pouca iluminación, en contraplomos, en gretas ou no interior de covas. A cor está en función da luz recibida, así a parte que non permanece exposta directamente á luz é amarela, mentres que vai cambiando a vermella brillante a medida que a zona que incrusta está máis exposta á luz. Reprodúcese en xuño.


DISTRIBUCIÓN:

Desde Islandia ata o Mediterráneo, incluíndo as Canarias e Azores.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *unistellata*, é un epíteto latino composto que significa “unha estrela”, e refírese a que só presenta un tipo de esferásteres (un tipo de espícula das que forman o seu esqueleto).



Dercitus (Dercitus) bucklandi (Bowerbank, 1858)

Esponxa incrustante de contornos irregulares e superficie xeralmente cóncava, que pode chegar a alcanzar os 50 cm de diámetro por 5 cm de grosor. Pode desenvolverse en forma de membrana, nese caso a capa exterior forma cristas e estrías coma se estivese extremadamente estirada, quedando os ósculos agrupados no centro, ou de forma masivo-lobulada, con ósculos numerosos de diferentes tamaños, repartidos ao longo de toda a superficie da esponxa; neste caso, o “estiramento” da membrana exterior non é tan aparente. A súa consistencia é moderadamente firme, pero compresible e esponxosa. A súa cor exterior é negra ou gris escura e branca agrisada ou branca sucia polo interior.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior da baixamar ata os 10 metros de profundidade, recubriendo gretas e depresións en paredes verticais rochosas en zonas de augas limpas; particularmente común sobre substratos calizos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o norte de Portugal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *bucklandi*, foille posto en honra á Sra. Buckland de Guernsey, quen recolleu o espécime tipo.



***Stelletta grubii* Schmidt, 1862**

Esponxa de forma masiva lobulosa, de contornos redondeados ou irregulares, e de ata 30 cm de lonxitude. Consistencia moi firme, pouco compresible e cunha superficie igualada, hispida ou conulosa, áspera ao tacto, ocasionada polas espículas que sobresaen. Normalmente desenvolve unha depresión circular na súa parte superior. Os ósculos son diminutos polo que non son evidentes. Cor gris pálida, esbrancuxada ou crema, con tinguidura marrón avermellada nos bordos, aínda que xeralmente descolorida polo limo; unha sección dun exemplar vivo móstranos unha cortiza de cor branca agrisada co interior de cor ocre ou crema dourada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior da baixamar ata os 130 metros de profundidade, en paredes rochosas verticais, contraplomos ou covas, e normalmente en zonas con sedimentos. Presenta tendencia a evitar a luz directa, polo que sempre se atopa en zonas protexidas da luz. Acostuma estar recuberta por outras esponxas, hidrozoos, briozoos, ascidias ou algas, polo que adoita pasar totalmente desapercibida.

DISTRIBUCIÓN:

Desde as illas británicas ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMEJANTES:

Stryphnus ponderosus, o seu tamaño pode ser maior, normalmente cunha forma claramente lobulada e unha capa superficial extremadamente fina.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *grubii*, é na honra do zoólogo alemán Adolph Edward Grube (1812-1880).



Stelletta hispida (Buccich, 1886)

Esponxa de forma masiva e sub-globular, con forma de atolón, cunha oquedade redondeada no seu centro que alcanza o substrato, ocasionalmente formando irregulares copas de grosas paredes. A súa superficie é fortemente hispida e a súa consistencia dura e firme. Os ósculos son moi pequenos, de 2 a 3 mm de diámetro, difíciles de ver e diseminados sen unha orde aparente; os ostíolos atópanse reunidos en puntos localizados na zona basilar. A súa cor é branca, gris ou amarela esbrancuxada (normalmente escurecida por partículas de sedimento e fragmentos de cunchas); o seu interior pode ser de cor violácea.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal inferior ata os 200 metros de profundidade, sobre fondos rochosos, en covas ou cornixas cun lixeiro hidrodinamismo.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte da Península Ibérica ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Stelletta grubii, non forma masas tan globulares, a súa superficie é lixeiramente conulosa, os seus bordos presentan unha tinguidura marrón avermellada, e o seu interior é de cor ocre ou crema dourada.

Stryphnus ponderosus, o seu tamaño pode ser maior, normalmente cunha forma claramente lobulada, e unha capa superficial extremadamente fina.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *hispida*, é un epíteto latino que significa “hirsuto”, “erizado”, “de pelo áspero e duro”, e refírese á súa superficie.



Stelletta lactea Carter, 1871

Esponxa incrustante masiva cuxo contorno superficial segue aos do substrato no que se asenta e que pode alcanzar varios centímetros de extensión. Os ósculos son grandes e ábrense ao nivel da superficie, e os ostiolos agrúpanse en campos redondeados. A súa superficie é áspera ao tacto e de consistencia dura pola parte exterior, mentres que o seu interior é quebradizo e brando. Cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Do intermareal, en pozas de marea, ata os 500 metros de profundidade, baixo pedras, asomándose en gretas e pequenos buracos de rochas e cunchas, polo que acostuma pasar totalmente desapercibida.

DISTRIBUCIÓN:


Desde o oeste de Irlanda e o suroeste das illas británicas, ata o noroeste da Península Ibérica e o arquipélago das Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Stelletta grubii, alcanza un maior tamaño, cunha forma claramente lobulada, cor externa branca sucia, e interna ocre a crema dourada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lactea*, é un epíteto latino que significa “do leite”, “relativo ao leite”, e refírese á súa cor.

Stryphnus ponderosus (Bowerbank, 1866)

Esponxa incrustante de forma masiva lobulosa, de contorno irregular e lóbulos redondeados, ocasionalmente con forma de cunca ou copa, que pode alcanzar un tamaño de 40 cm. Pode presentar unha depresión central de forma e tamaño dunha laranxa. A súa consistencia é firme e incompresible e a súa superficie acostuma ser lisa e hispida, con ocasionais zonas conulosas, áspera ao tacto, como “papel de lixa”, debido ás cabezas das megascleras que atravesan a súa superficie. A súa capa superficial (córTEX) é moi fina, normalmente menor de 0’5 mm. Os ósculos son diminutos, de aproximadamente 1 mm de diámetro, sitúanse a nivel da superficie da esponxa e adoitan dispoñerse en grupos nas zonas da esponxa libres de epibiontes. Cor gris pálida, abrancazada ou crema, con parches de tinguidura gris acastañada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1 ata 740 metros de profundidade, en fondos rochosos en zonas de forte hidrodinamismo, ben por forte ondata ou por fortes correntes de marea. Fuxe da luz solar directa, polo que se fixa en paredes rochosas verticais, contraplomos ou teitos de covas. Adoita pasar desapercibida a primeira ollada ao estar normalmente recuberta por outras esponxas, hidrozoos, actinias, briozoos ou ascidias.

DISTRIBUCIÓN:


Do Ártico ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Stellela grubii, presenta formas que van de discoides a masivas redondeadas, acostuma formar unha distintiva depresión na súa parte central e a súa capa superficial é moito máis grosa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *ponderosus*, é un termo latino que significa “forte”, “pesado”, en clara referencia á súa consistencia.



Erylus cantabricus (Ferrer-Hernández, 1912)

Esponxa que forma masas acolchadas de formas redondeadas e de ata uns 25 cm de diámetro. A súa superficie é lisa e de consistencia de queixo, incompresible e que se dana con facilidade. Presenta claramente unha membrana dérmica pigmentada moi delgada, perforada por uns poucos ósculos e por un gran número de ostíolos (estes últimos só visibles baixo aumento). Os ósculos son pequenos, de apenas 5 mm de diámetro e forma circular, e dispóñense polo xeral na parte superior da esponxa. Cor externa variando entre gris escura e gris clara, dependendo da súa exposición á luz solar; canta máis luz máis escura é a súa cor; interior de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior da baixamar ata os 20 metros de profundidade, en zonas sombrías sobre rochas, baixo saíntes, en paredes verticais ou en teitos de grutas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte da Península Ibérica ata as costas de Portugal.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cantabricus*, é un xentilicio latino que significa “procedente do Cantábrico”, e refírese á zona onde foron recollidos os exemplares para a súa descrición (costa de Santander).



Erylus discophorus (Schmidt, 1862)

Esponxa de forma moi irregular, incrustante aplanada, formando masas que se proxeccionan, ou lobulada. Pode alcanzar tamaños de ata 30 cm. A súa superficie é lisa, presentando os ósculos situados no centro dunha pequena depresión, redondeada e aplanada. Consistencia de queixo, incompresible e que se dana con facilidade. Cor negruzca a parda escura, co interior de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 10 metros de profundidade, en zonas sombrías sobre rochas, gretas, fendas, ou baixo saíntes.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte da Península Ibérica ata o Mediterráneo, incluíndo os arquipélagos de Madeira, Azores e Canarias.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *discophorus*, fai referencia a un tipo de espículas (aspidaster) que forman parte do seu sistema esquelético.



***Pachymatisma johnstonia* (Bowerbank in Johnston, 1842)**

Esta esponxa forma almofadas masivas lobuladas ou formas semi-esféricas irregulares, podendo desenvolverse de forma pendular cando crece baixo saledizos, alcanzando un tamaño de ata 30 cm de diámetro por uns 10 cm de grosor. A súa consistencia é dura, firme, pero lixeiramente compresible. A súa superficie é lisa, de formas redondeadas, con grandes ósculos redondos duns 2-3 mm de diámetro, e dispostos de forma regular e espazados en liñas ou en grupos, normalmente coa marxe levantada. A capa exterior da esponxa ten pouco máis de 1 mm de grosor, e presenta un aspecto claramente diferenciado. A súa cor externa é gris ou gris azulada, tendendo a escurecerse ao longo das zonas de ósculos como consecuencia de microalgas simbióticas, tamén pode ser de cor esbrancuxada cando crece en zonas escuras como covas; interior de cor amarela agrisada opaca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 300 metros de profundidade, sobre rochas, aínda que esporadicamente pode crecer sobre talos de laminaria. É unha especie común en lugares con fortes movementos de auga, aínda que tamén pode atoparse baixo saledizos en zonas de augas acougadas. Tolerancia certo grao de sedimentación sobre a superficie das rochas sobre as que crece.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Inglaterra ata o sur de España, tamén en Azores e Canarias.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *johnstonia*, é en honra a George Johnston (1797-1855), médico, botánico e naturalista inglés, autor da primeira monografía sobre esponxas británicas, onde se describía a súa estrutura microscópica.



Penares euastrum (Schmidt, 1868)

Espónxa de forma moi irregular, incrustante aplanada, formando masas que se proxectan, ou lobulada. A súa superficie é brillante, moi finamente granulada, e non se aprecian visualmente perforacións ou ostíolos. Os ósculos, que están situados na parte superior central dos lóbulos, teñen un diámetro de entre 5 e 9 mm. A súa consistencia é flexible, compresible e resistente ao racho. Cor branca agrisada a marrón esbrancuxada, co interior de cor branca.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 3 ata os 150 metros de profundidade, sobre rochas ou pedras, con predilección por zonas sombrías, como contraplomos, baixo saíntes ou no interior de pequenas grutas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a Bretaña francesa ata Cabo Verde, incluíndo o Mediterráneo e os arquipélagos de Madeira, Azores e Canarias.



Geodia cydonium (Linnaeus, 1767)

Esponxa de forma redondeada irregular, subesférica e algo aplanada, de ata 25 cm de diámetro. A súa superficie é lisa, con espículas que a atravesan cara ao exterior que a fan hispida. Os ósculos apenas alcanzan un diámetro de 2 mm. Os ósculos e ostíolos atópanse agrupados, xeralmente dentro de pequenas depresións. A súa consistencia é dura, pero fráxil á rotura. O córtex é consistente, duns 5 mm de grosor. Superficie exterior de cor agrisada, gris esbrancuxada ou gris acastañada, interior de cor laranxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Dos 10 ata os 100 metros de profundidade, fixa sobre fondos rochosos ou libre sobre fondos brandos (neste último caso a profundidades maiores de 50 metros). Normalmente recuberta por todo tipo de epibiontes, sedimento e/ou anacos de cunchas, que se fixan ás espículas que sobresaen sobre a súa superficie, escondéndoa case totalmente.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cydonium*, é o nome latinizado de Cidonia, unha das principais cidades antigas da illa de Creta (Grecia), e refírese á zona de recollida dos exemplares tipo.



Craniella cranium (O F Müller, 1776)

Esponxa de forma esférica, de consistencia forte e dura, do tamaño dunha pelota de golf, que pode chegar a alcanzar un diámetro máximo de 5 cm. A superficie é verrugosa, hispida, polas espículas que a atravesan cara ao exterior. Non presenta ósculos evidentes. Cor esbrancuxada ou amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 27 ata os 1000 metros de profundidade, fixa sobre rochas, pedras, e mesmo sobre corais mortos ou esponxas (na foto sobre *Adreus fascicularis*).

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo, incluíndo as Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Tethya aurantium, é de maior tamaño, de superficie máis rugosa, cor alaranxada e é moito máis común, ademais de habitar en augas máis superficiais.

Tethya citrina, é de maior tamaño, coa superficie tuberculosa, un ósculo apical e cor amarela.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *cranium*, fai referencia á especie tipo de aparencia similar a un cráneo.

Trachycladus minax (Topsent, 1888)

Esponxa recubrinte, de consistencia resistente, que forma finas láminas incrustantes, duns 2 mm de grosor, con forma de pequenos parches redondeados duns poucos centímetros de tamaño. Superficie lisa, sobre a que sobresaen unhas longas espículas que lle dan aspecto entre hispido e lixeiramente conuloso. Os ósculos son imperceptibles. A súa cor pode ser vermella, rosa, amarela ocre ou amarela pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 55 ata os 300 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre rochas en paredes verticais ou pedras, en zonas de abundante limosidade. Aínda que é unha especie que orixinalmente se describiu de augas profundas, os achados de exemplares en augas superficiais, aínda que sempre a máis de 20 metros de profundidade, amplían enormemente o seu rango de profundidade.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a canle da Mancha ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aplysilla rosea, a súa superficie é visualmente porosa e os seus cónulos son poligonais.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *minax*, é un epíteto latino que significa “que emerge”, e refírese ás espículas que se elevan sobre a súa superficie.



Aplysilla rosea (Barrois, 1876)

Esponxa de consistencia suave e compresible, que forma pequenas capas incrustantes, de contorno irregular e delgadas, duns 3-6 mm de grosor máximo, cun tamaño de 5-8 cm; en condicións ideais pode chegar a cubrir extensións de varios decímetros cadrados. A súa superficie é leixiramente hispida, con proxeccións poligonais conuladas ocasionadas polo seu característico esqueleto constituído por unha lámina basal de esponxina, da que xorden fibras alongadas simples que elevan puntualmente a súa superficie. Presenta poucos ósculos que se abren sobre a cima de pequenas chemineas osculares, de 1-3 milímetros de diámetro, e que pode colapsar e pechar. A súa cor é vermella clara ou rosada forte, podendo ás veces presentar tonalidades verdosas ocasionadas por algas verdes simbióticas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 200 metros de profundidade. Habita afastada da luz solar, polo que se atopa adherida a substratos rochosos en gretas, paredes verticais, baixo saíntes ou en covas. Reprodúcese entre maio e agosto.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica cuxa distribución en augas europeas abarca desde Noruega ata o Mediterráneo, incluíndo os arquipélagos de Canarias, Azores e Madeira.


ESPECIES SEMELLANTES:


Aplysilla sulphurea, é de cor amarela.

Trachycladus minax, a súa superficie é totalmente lisa, de aspecto máis consistente, só sobresaen espículas illadas e non se aprecian sobre ela ósculos ou ostíolos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *rosea*, é un epíteto latino que significa “de cor rosa”, e refírese á súa cor.



Aplysilla sulfurea Schulze, 1878

Esponxa de consistencia suave e compresible, que forma capas incrustantes duns 3-6 mm de grosor de pequena extensión. A súa superficie é lixeiramente hispida, con proxeccións poligonais conuladas, presenta só un ou uns poucos ósculos, normalmente sobre a cima de chemineas osculares, de 1-3 mm de diámetro. A súa cor é amarela brillante.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 320 metros de profundidade. Vive afastada da luz solar, polo que se atopa adherida a substratos rochosos en gretas, baixo saíntes ou en covas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde Noruega ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Aplysilla rosea, é de cor rosa.

Darwinella intermedia, os cónulos da súa superficie son de forma cónica, non presentando ningún tipo de reticulado sobre os mesmos.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *sulphurea*, é un epíteto latino que significa “xofroso”, tamén se denomina así “o que é de xofre ou ten a súa natureza, cor (amarelo xofre) ou cheiro”, e refírese á cor da esponxa.



Chelonaplysilla noevus (Carter, 1876)

Esponxa que forma láminas incrustantes de varios milímetros de grosor, que poden alcanzar un tamaño de varios decímetros cadrados. A súa superficie, que ten cónulos grosos e agudos, relativamente espazados ao estar separados entre si por varios milímetros de distancia, presenta unha característica reticulación en forma de “gran de area”. Os ósculos, que son visibles, amplos, e pouco numerosos, están dispersos regularmente pola superficie, presentan un bordo translúcido que os eleva lixeiramente, e están situados en pequenas depresións. A súa consistencia é suave, e é capaz de pechar os seus ósculos mediante lixeiras contraccións. Non presenta espículas, o seu esqueleto está formado por fibras dendríticas que se elevan dunha placa basal de esponxina adherida ao substrato. A cor da esponxa é morada escura, violácea, tanto en exemplares vivos como nos conservados en alcol.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 115 metros de profundidade, sobre rochas, normalmente en paredes verticais ou baixo pedras en lugares expostos.

DISTRIBUCIÓN:


Desde as illas británicas ata o Mediterráneo, incluíndo os arquipélagos das Azores e Canarias.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con especies da familia Aplysilla, especialmente con *Aplysilla rosea* pola súa superficie, aínda que o característico reticulado entre cónulos da súa superficie e a súa forte cor, poden servir como caracteres diferenciadores nunha primeira ollada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *noevus*, é un epíteto latino co que se denominaban as manchas de nacemento, e refírese, segundo o autor, á forma e cor do espécime tipo.



***Darwinella corneostellata* (Carter, 1872)**

Esponxa de consistencia branda, que forma finas capas incrustantes duns 3-6 mm de grosor, e de pequena extensión. A súa superficie, suave ao tacto, está erizada de pequenos cónulos cónicos de aproximadamente 1 mm de altura, producidos por fibras de esponxina dispostas verticalmente ao substrato e que sobresaen sobre a súa superficie. O ectosoma sepárase con relativa facilidade do coanosoma. Os ósculos sitúanse de forma regular sobre pequenas elevacións, e están rodeados dun alto colar translúcido, que pode contraerse para pechalo. Os ostiolos son de forma ovalada e atópanse sostidos por engrosamentos dérmicos. A súa cor varía da amarela apagada a amarela alaranxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior da baixamar ata os 35 metros de profundidade, sobre cunchas de bivalvos e ascidias, ou en fondos rochosos tapizando rochas. En zonas con sedimentación, chega a quedar case totalmente recuberta polo sedimento, ao reter as partículas sobre a súa superficie, sobresaíndo unicamente os elevados ósculos.

DISTRIBUCIÓN:

Descrita orixinalmente da ría de Vigo, na actualidade a súa distribución esténdese á costa atlántica da Península Ibérica.


ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con especies da familia Aplysilla polo aspecto da súa superficie.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *corneostellata*, fai referencia ás espículas córneas estreladas que presenta.



Darwinella intermedia Topsent, 1893

Esponxa de consistencia branda, que forma finas capas incrustantes de contornos irregulares, cuns 2-4 milímetros de grosor, e duns poucos centímetros de extensión. A súa superficie é fortemente conulosa cuns poucos e inconspicuos ósculos que pode pechar completamente. Presenta un esqueleto formado por unha placa basal de esponxina, da cal se elevan fibras dendríticas de esponxina simples que sobresaen sobre a súa superficie e elévana, formándose así os seus cónulos. Os cónulos teñen forma cónica, e distribúense de forma regular e equidistantemente uns doutros. A cor da súa superficie é amarela sulfúrea.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 15 ata máis de 75 metros de profundidade, sobre substratos rochosos, fixa á rocha en gretas, contraplomos, baixo saíntes ou en pequenas grutas, buscando sempre zonas sombrías con pouca iluminación.

DISTRIBUCIÓN:


Desde a Bretaña francesa ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Aplysilla sulfurea. Os cónulos da súa superficie son de forma poligonal, conformando unha superficie conulosa minuciosamente reticulada.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *intermedia*, foille posto por Topsent ao considerala unha especie intermedia entre *Darwinella muelleri* e *Darwinella simplex*.



Darwinella sp.

Esponxa que forma finas láminas incrustantes, ou formas masivas de varios centímetros cadrados de extensión e de consistencia suave, elástica, e resistente. A súa superficie está recuberta de cónulos dispostos e espazados de forma irregular. Os ósculos, escasos e repartidos pola súa superficie, presentan un bordo translúcido cilíndrico que pode contraerse, pechándose; están situados en pequenas depresións en zonas elevadas da esponxa, e teñen un tamaño de 4-6 mm de diámetro. Os ostíolos son visibles a través do seu translúcido ectosoma, dispóñense por toda a superficie e son de forma redonda ou ovalada. Cor salmón.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Dos 3 ata os 40 metros de profundidade, sobre rochas, normalmente en zonas verticais. Os exemplares fotografados estaban en pequenas paredes rochosas ou laterais de pedra, a 10-40 metros de profundidade.


DISTRIBUCIÓN:

En augas da ría de Arousa (Galicia).

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con especies do xénero *Aplysilla*, especialmente con *Aplysilla rosea* pola súa superficie, aínda que o característico reticulado entre cónulos da súa superficie e a súa forte cor, poden ser caracteres diferenciadores nunha primeira ollada.



Dysidea avara (Schmidt 1862)

Esponxa incrustante de crecemento masivo con lobulaci3ns tubulares de ata 5 cm de alto, que pode cubrir superficies de varios decímetros cadrados. Os 3sculos, que se sitúan no 3pice dos l3bulos, son grandes podendo alcanzar os 2 cm de diámetro. Sobre toda a súa superficie disp3nense protuberancias c3nicas de ata 5 mm de altura e distanciadas entre si uns 2-3 mm, que visualmente únense por unha rede de finos “cord3ns”. A súa consistencia é branda, fácil de romper, e o seu esqueleto está formado por fibras de esponxina entre as cales retén enormes cantidades de grans de area e algunha espícula doutras esponxas (non posúe espículas propias). A súa coloraci3n é violácea, máis ou menos clara, con tons agrisados.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 10 ata os 70 metros de profundidade, sobre substratos rochosos, en superficies horizontais; atop3nse alg3ns exemplares no interior de grutas. Presenta reprodución asexual (por xemaci3n), e sexual.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Dysidea fragilis, o seu desenvolvemento é incrustante, sen l3bulos, de cor esbrancuxada, e entre os c3nulos que presenta a súa superficie p3dense ver os ostíolos por transparencia.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *avara*, é un epíteto latino que significa “que desexa ansiosamente”, “cobizosa”, “avara”, e refírese á cantidade de grans de area que retén entre as fibras de esponxina.

No Cnr de Nápoles, estudando as esponxas, identificaron en *D. avara* dous compostos (avarolo e avarone), que funcionan como antibióticos, antileucémicos, e ata como inhibidores do virus VIH.

Dysidea fragilis (Montagu, 1818)

Esponxa de consistencia branda e esponxosa, que pode presentarse en forma incrustante ou lobulada masiva, alcanza tamaños de ata 50 cm cun grosor duns 7 mm nas formas incrustantes, e de 30 mm nos exemplares con desenvolvemento masivo. A superficie, típica das esponxas desta familia, está recuberta de pequenas proxeccións conuladas de ata 2 mm de alto, provocados polas fibras de esponxina que conforman o seu esqueleto, e que se alzan en vertical, elevando a súa superficie. Os ósculos dispersos pola súa superficie poden estar elevados e chegan a alcanzar un diámetro de 5 mm. A súa capa superficial presenta un característico reticulado. A cor é moi variable, acastañada, parda agrisada, esbrancuxada ou marrón avermellada, porque a súa cor está en función dos elementos que a esponxa incorpora ao seu organismo durante o seu desenvolvemento. Cando acumula moita cantidade de area ou materia orgánica, acostuma ser de cor acastañada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña inferior da baixamar ata os 30 metros de profundidade, sobre substratos duros, baixo bloques ou pedras, aínda que pode estar a recubrir a pedra pola súa banda superior, ten preferencia polas zonas afastadas da luz solar.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o norte de Noruega ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Biemnia variantia, é incrustante masiva, e alcanza unha menor extensión; a súa superficie, aínda que aparenta porosa polos ostíolos, non presenta reticulado superficial.

Scopalina, sp, forma finas láminas incrustantes, a súa superficie asemella porosa polos aparentes ostíolos, e nos ósculos converxen de forma visible as canles exhalantes.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *fragilis*, e un epíteto latino que significa “fráxil”, e refírese á facilidade coa que esta esponxa rompe ou se desfai.



Pleraplysilla spinifera (Schulze, 1879)

Esponxa recubrinte que forma finísimas incrustacións duns 2 mm de grosor e de apenas unha ducia de centímetros cadrados de superficie. A súa consistencia é moi suave e fráxil, cunha textura adhesiva. A superficie da esponxa presenta cónulos, de ata 8 mm de alto, afiados por fibras que sobresaen formando proxeccións espiñentas que poden ramificarse no seu ápice. Os ósculos, de 0'8 a 1 mm de diámetro, están dispersos e distribuídos regularmente. Non ten espículas, o seu esqueleto está formado por fibras dendríticas de esponxina mesturadas con grans de area e/ou anacos de espículas rotas. A súa cor é branca, aínda que se atoparon raros exemplares de cor amarelada, beixe, marrón violácea ou verdosa, ocasionado polas algas simbióticas unicelulares que poden vivir entre os tecidos da esponxa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 50 metros de profundidade, sobre fondos rochosos; é unha especie esciáfila que busca zonas sombrías como zonas verticais, contraplomos ou pequenas grutas semioscuras. En zonas rochosas sedimentarias pode estar case recuberta de limo, sobresaíndo só os cónulos.

DISTRIBUCIÓN:


Da canle da Mancha ata o noroeste de África, incluíndo o Mediterráneo e as illas de Cabo Verde.


ESPECIES SEMELLANTES:

Dysidea fragilis, os seus cónulos son máis baixos, de forma poligonal, non son tan espiñentos, e os seus ósculos son visibles e están rodeados por un collar translúcido que os eleva.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *spinifera*, fai referencia á forma espiñenta da superficie da esponxa.



Ircinia dendroides (Schmidt, 1862)

Esponxa de consistencia firme, moi sólida e resistente, que pode chegar a alcanzar un tamaño duns 20 cm. Desenvólvese dunha forma moi característica, ramificándose de forma irregular sobre o substrato con “ramas” cilíndricas ou aplanadas de 1 ou 2 cm de diámetro. A súa superficie é relativamente áspera ao estar recuberta de pequenos cónulos de ata 1 mm de alto. Os ósculos son pequenos e sitúanse sobre pequenas elevacións dispostas irregularmente ao longo da súa superficie. O esqueleto, que carece de espículas, está constituído por fibras de esponxina mesturadas con grans de area. A súa cor é gris ou agrisada esbrancuxada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1 ata os 15 metros de profundidade, sobre rochas ou algas coralinas da zona de laminaria.

DISTRIBUCIÓN:

Do noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Ircinia variabilis, alcanza maior tamaño, a súa superficie é máis áspera, os seus ósculos elévanse sobre a superficie da esponxa en montículos ou en forma de chemineas, e aínda que presenta un desenvolvemento moi variable, este nunca é ramoso.


Sarcotragus fasciculatus, o seu desenvolvemento é en forma de lóbulos ou globosa.

Sarcotragus spinulosus, acada un menor tamaño, desenvolvemento desde masivo a lobulado, e cor máis escura.

Spongia (Spongia) officinalis, os seus ósculos afán estar agrupados na parte superior e a súa cor varía de gris clara a gris case negra.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *dendroides*, é un epíteto latino que significa “con forma de árbore”, “arborescente”, e refírese á súa forma de desenvolvemento.

Ircinia variabilis (Schmidt, 1862)

Esponxa de consistencia firme e moi resistente, que pode chegar a alcanzar os 70 cm de lonxitude por uns 20 cm de grosor. Pódese desenvolver de diversas maneiras: incrustante, masiva, globular, ou mesmo con proxeccións. A súa superficie é áspera, recuberta de pequenos cónulos de ata 3 mm de altura e espazados entre si, aínda que algúns destes cónulos poden intercomunicarse entre si formando pequenas cristas. Os ósculos, de ata 8 mm de diámetro, están distribuídos irregularmente e son moi rechamantes polo seu tamaño e a súa situación, ao estar situados en elevacións sobre a parte alta das protuberancias, rodeados dunha pequena superficie plana e lisa e cun bordo que se eleva lixeiramente. O esqueleto, que carece de espículas, está constituído por fibras de esponxina reforzadas con grans de area que poden chegar a formar unha capa sobre a súa superficie. A súa cor, como consecuencia da presenza de cianobacterias simbióticas, é moi variable, podendo ser gris, marrón verdosa, esbrancuxada e mesmo violeta; en zonas escuras é branca; interior de cor amarela alaranxada ou laranxa pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata os 30 metros de profundidade, sobre fondos rochosos de augas pouco profundas, con correntes ou movemento de auga, normalmente sobre a parte superior das rochas, aínda que tamén en paredes verticais e baixo voladizos. Non é moi abundante.

DISTRIBUCIÓN:


Desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Ircinia dendroides, alcanza menor tamaño, a súa superficie é menos áspera, e o seu desenvolvemento é ramoso (un carácter diagnóstico a primeira ollada).

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *variabilis*, é un epíteto latino que significa “variable”, e refírese á súa enorme variabilidade, tanto nas súas formas, como na súa cor.



Sarcotragus fasciculatus (Pallas, 1766)

É unha esponxa incrustante firme e moi resistente, que pode chegar a alcanzar un diámetro de 25 cm. A súa forma está en función do hidrodinamismo que soporta; en lugares cun forte movemento de auga presenta formas aplanadas, mentres que en zonas acougadas presenta formas erectas. A súa superficie é suave pero moi irregular xa que presenta numerosos cónulos, de ata 1 mm de altura, dispostos regularmente separados entre si un máximo de 2 mm; entre eles dispóñense numerosos ostíolos microscópicos. Os ósculos, poucos en número, son grandes e facilmente observables. A súa consistencia é coriácea moi dura debido a que as fibras de esponxina que compoñen o seu esqueleto están moi entrelazadas entre si. A súa cor é variable, podendo ser esbrancuxada, parda verdosa ou mesmo violácea, co ápice dos cónulos lixeiramente máis claros.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 40 metros de profundidade, sobre fondos rochosos de zonas iluminadas pero sen incidencia de luz directa, tales como contraplomos, paredes verticais, gretas de rochas, baixo saíntes ou en entradas de grutas. Non é moi abundante.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie anfiatlántica, cuxa distribución en augas europeas abarca desde o Cantábrico ata Cabo Verde, incluíndo o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:


Ircina variabilis, alcanza maior tamaño, a súa superficie é máis áspera, e os seus ósculos elévanse sobre a superficie da esponxa en montículos con forma de chemineas.

Sarcotragus spinulosus, alcanza menor tamaño, a súa superficie é máis áspera e a súa cor máis escura.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *dendroides*, é un epíteto latino que significa “empaquetado”, e refírese á disposición moi apertada entre si das fibras que compoñen o seu esqueleto.

Pode manter relacións simbióticas con cianobacterias, como *Aphanocapsa feldmanni*, que lle proporcionan a enerxía suficiente para poder competir con outros organismos mariños de crecemento máis rápido, e confírenlle diferentes tons de cor, especialmente violáceas.

Sarcotragus foetidus Schmidt, 1862

Esponxa grande de crecemento masivo, máis ou menos globular, que pode chegar a alcanzar uns 50 cm de diámetro por uns 15 cm de grosor. A súa superficie, moi irregular e anfractuosa, está sementada de numerosos cónulos aserrados, puntiagudos, de 2 a 3 mm de alto e separados entre si uns 7 ou 10 mm, aínda que permanecen unidos por finos pregues. Os ósculos, pequenos, de 3 a 5 mm de diámetro, e lixeiramente elevados, están dispostos de forma irregular normalmente nas zonas máis prominentes da esponxa e a miúdo agrupados. O seu esqueleto está formado por fibras de esponxina entrelazadas entre si e libres de depósitos de substancias estrañas, o que lle dá unha consistencia firme ao tacto, compresible pero extremadamente resistente, practicamente imposible de rachar ou cortar cun coitelo. A súa cor é variable, normalmente negruzca, pero tamén gris pardenta ou marrón máis ou menos escura. Os exemplares que se desenvolven en covas ou lugares moi sombríos, tenden a ser de cor esbrancuxada. A súa cor está normalmente relacionada coa presenza nos seus tecidos de cianobacterias simbióticas.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 5 ata os 400 metros de profundidade, sobre fondos rochosos, no coralíxeno, o detrítico costeiro e en grutas superficiais. Pode reproducirse de forma sexual ou asexual. É unha especie vivípara e hermafrodita, pero para evitar a súa autofecundación, os gametos masculinos e femininos maduran en distintos momentos. Reprodúcese principalmente durante o outono. Os óvulos fecundados dan lugar á formación dunha larva ciliada nadadora de entre 0'6 e 1 milímetro de lonxitude, que tras unhas poucas horas ou uns poucos días fíxase ao substrato pola súa zona anterior e transfórmase nunha nova esponxa. A reprodución asexual é mediante xemación ou por anacos que se desprenden da esponxa para establecerse un pouco máis lonxe. Esta esponxa presenta unha elevada capacidade de rexeneración. O seu crecemento é moi lento e para alcanzar un tamaño elevado, nunhas condicións óptimas de desenvolvemento, poden pasar moitos anos. Sobre a súa superficie normalmente aséntanse numerosos epibiontes e algas, o que dificulta a súa identificación, e serve tamén como protección para poliquetos e pequenos crustáceos que se refuxian no seu interior.

DISTRIBUCIÓN:

Do oeste de Francia ata o Mediterráneo e nos arquipélagos de Azores, Canarias, Madeira e Cabo Verde.

ESPECIES SEMELLANTES:

Sarcotragus fasciculatus, pode alcanzar maior tamaño, os seus ósculos son de maior diámetro e a súa superficie non é tan áspera.

Sarcotragus spinulosus, coa que algúns autores a sinonimizaron, presenta na súa superficie uns cónulos máis pequenos e que están dispostos de forma máis regular.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *foetidus*, é un epíteto latino que significa “fétido”, “cheirento”, e refrese ao cheiro que desprende esta esponxa tras ser colleitada.

Sarcotragus spinosulus Schmidt, 1862

Espónxa de crecemento entre masivo e redondeado, a miúdo coa base un pouco retraída, o que lle dá aparencia semiesférica, de ata 6 cm de diámetro. A súa superficie é fina e regularmente conulosa, con cónulos de 0'3-2 mm de alto, espazados regularmente a 1'5-2'5 mm de distancia. Os ósculos son bastante grandes, de 2-3'5 mm de diámetro, e distribuídos de forma regular sobre a superficie da espónxa. A súa consistencia é firme pero compresible, sendo resistente á rotura ou ao corte. O seu tacto é áspero como consecuencia dos cónulos. Non ten espículas. A súa cor varía de negruzca, agrisada a gris acastañada; o interior é de cor beixe clara.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1 ata os 300 metros de profundidade, aínda que normalmente é máis frecuente entre 8 e 25 metros, sobre substratos rochosos.

DISTRIBUCIÓN:

Do noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Sarcotragus fasciculatus, pode alcanzar maior tamaño, os seus ósculos son de maior diámetro e a súa superficie non é tan áspera.

Sarcotragus foetidus, pode alcanzar un maior tamaño e os cónulos que presenta a súa superficie son máis altos, están máis separados e unidos por unhas cristas que lle dan un aspecto característico.

Spongia (Spongia) officinalis, pode alcanzar maior tamaño, a súa superficie non é tan áspera e os seus diminutos ósculos afán estar agrupados na súa parte superior.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *spinulosus*, é un epíteto latino que significa “con espiñas/aguiloes”, e refírese á superficie conulosa da espónxa.

Clathrina coriacea (Montagu, 1814)

Esponxa de forma bastante variable, normalmente en forma de cáliz ou de abanico, cunha base pedunculada cun grosor de ata 4 cm; pode chegar a medir uns 30 cm de altura por máis de 1 metro de diámetro, aínda que normalmente non excede os 50 cm. A súa consistencia é dura, resistente ao racho e moi elástica, mentres que a súa superficie é finamente conulosa. Os ósculos son pequenos, circulares e ben visibles, dispóñense unicamente na súa parte interior de forma regular. O bordo libre da esponxa está lixeiramente engrosado. O seu esqueleto, que carece de espículas, está formado por fibras primarias con incrustacións e fibras reticulares de esponxina. A cor exterior varía de gris a amarelada pardenta, e o seu ton está en función da súa exposición á luz solar; a maior exposición cor máis escura; interior de cor ferruxenta.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 20 ata máis de 100 metros de profundidade, sobre fondos rochosos ricos en detritus. É unha especie pouco común. Son animais hermafroditas cuxa reprodución pode ser sexual ou asexual. Na reprodución sexual a súa fecundación é interna, mentres que a reprodución asexual é por xemación. Como todas as esponxas, a súa capacidade de rexeneración é enorme.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a costa atlántica da Península Ibérica ata o Mediterráneo.


ESPECIES SEMELLANTES:

Spongia (Spongia) officinalis, é unha esponxa masiva cos ósculos sobre toda a súa superficie, os cales presentan un diámetro máis regular.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lamella*, é unha palabra latina que significa “laminiña”, “pequena folla”, en referencia á estrutura desta esponxa que é en forma de laminiñas máis ou menos grandes.

Ten unha grande importancia comercial, dado que é a esponxa de baño máis apreciada. Está protexida polo Convenio de Barcelona.



Spongia (Spongia) officinalis Linnaeus, 1759

Esponxa de forma bastante variable, maciza, que pode alcanzar os 25 cm de diámetro. A súa superficie é bastante regular e está cuberta por diminutos cónulos de apenas 3 mm de alto. A súa consistencia é elástica, esponxosa e moi compresible. Os ósculos, pouco numerosos, de tamaño variable e agrupados en zonas da súa parte superior, poden chegar aos 10 mm de diámetro e están situados en pequenos cráteres duns 4 mm de altura. O seu esqueleto, que carece de espículas, está formado por fibras primarias con incrustacións e fibras reticulares de esponxina. A cor exterior varía da branca amarelada a negra en función da súa exposición á luz solar, a maior exposición cor máis escura. O interior é de cor esbrancuxada ou cor ferruxenta.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata máis de 40 metros, sobre fondos rochosos en zonas pouco iluminadas, como gretas, covas, paredes ou contraplomos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde a costa atlántica da Península Ibérica ata o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:


Spongia (Spongia) lamela, o seu desenvolvemento é de forma máis ou menos laminar e os seus ósculos só se dispoñen nun lado.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *officinalis*, é un epíteto latino que significa “taller”, “fábrica”, denominábase así ao lugar do mosteiro onde se preparaban as medicinas. Linnaeus elixiu esta denominación para indicar organismos que podían ter uso médico.

O seu uso comercial ao longo da historia ocasionou unha verdadeira sobreexplotación desta especie, o que unido a estrañas enfermidades, provocou que na actualidade se atope ao bordo da extinción. Existen proxectos de repoboación desta especie na costa mediterránea.



Hyrtios collectrix (Schulze, 1880)

Esponxa que forma masas irregulares dun grosor duns 2-4 cm e de ata 20 cm de lonxitude. A súa superficie é conulosa, con diminutos cónulos de apenas 1 mm de alto espazados regularmente a uns 2-3 mm de distancia uns doutros. Os ósculos son tan pequenos que pasan normalmente desapercibidos, apenas un par de milímetros de diámetro, e dispóñense de forma irregular sobre a parte superior da esponxa. A súa superficie acostuma estar fortemente incrustada por pequenos animais sésiles, tales como algas, outras esponxas, hidrozooos, entoproctos, etc. A súa consistencia é firme, apenas compresible debido á gran cantidade de area que a esponxa acumula no seu corpo, aínda que pode romper con facilidade. A súa cor exterior varía da negra agrisada a gris escura na súa parte superior, cos laterais máis claros; interior da esponxa de cor branca amarelada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Dos 2 ata os 150 metros, cunha clara preferencia por augas profundas, sobre fondos rochosos.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o noroeste da Península Ibérica ata o Mediterráneo e Madeira

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *collectrix*, fai referencia á area que recolle e asimila no seu interior a medida que vai crescendo.



Scalarispongia scalaris (Schmidt, 1862)

Esponxa de forma masiva, lobulada ou globular, que pode chegar a alcanzar uns 20 cm de diámetro por uns 3 cm de grosor. A súa superficie é rugosa ao presentar de forma regular cónulos de 0'5-1'5 mm de alto espazados 1-2mm uns doutros; estes cónulos están producidos polo final das fibras principais do seu esqueleto. Os ósculos, cun diámetro de 1-3 mm, son pouco numerosos, están situados en pequenas elevacións ou lóbulos, concentrándose principalmente na parte superior da esponxa, e presentan unha pequena marxe contráctil. Os ostíolos son microscópicos e repártense por toda a superficie interconular da esponxa. A súa consistencia, que é compresible, case suave e fácil de danar cando está viva, vólvese dura cando está preservada e seca. Non ten espículas, o seu esqueleto está formado por unha rede de duras fibras de esponxina soltas, moi homoxénea, que lle confire ao esqueleto moi pouca elasticidade e fragilidade. A súa cor exterior é negruzca ou castaña violácea na súa parte superior, podendo ser branca amarelada nos laterais e parte inferior; en zonas escuras como covas, a esponxa é de cor clara; interior de cor branca sucia.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde 1 ata os 250 metros de profundidade, sobre fondos rochosos sombríos, normalmente expostos ao norte, en grutas ou na base de posidonia.

DISTRIBUCIÓN:

Das costas de Portugal ata as costas do noroeste de África, incluíndo o Mediterráneo, Azores e Cabo Verde. A esponxa fotografada foi atopada na ría de Aldan (Galicia).

ESPECIES SEMELLANTES:

Spongia (Spongia) officinalis, é máis masiva, normalmente de cor agrisada, presenta numerosos cónulos e a súa consistencia é moi elástica.

Sarcotragus spinosulus, máis masiva e normalmente recuberta de diversos epibiontes.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *scalaris*, provén da palabra latina "scala" que significa escaleira, e fai referencia á regular reticulación do esqueleto desta esponxa en forma de escaleira.

Thymosia guernei Topsent, 1895

Esponxa incrustante que pode aparecer como unha fina lámina ou como masivamente lobulada sobre superficies rochosas e alcanzar un tamaño de ata 70 cm de diámetro. A súa consistencia é sólida, parecida á goma, e a súa superficie, lisa ou lixeiramente ondulada, ás veces elévase en proxeccións angulares como consecuencia de organismos enquistados tales como arneiróns ou hidrozooos; o seu aspecto lembra a un puré de patacas. Os ósculos, dun pequenísimo tamaño (1-2 mm) están dispersos pola súa superficie, normalmente ao longo das cimas dos lóbulos. Ten numerosos poros microscópicos que cobren toda a súa superficie, excepto nas proximidades dos ósculos. Cor exterior branca agrisada, interior laranxa ou gris pálida.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:


Dos 10 ata os 30 metros de profundidade, normalmente entre os 15-25 metros, en fondos rochosos sobre superficies verticais, baixo saíntes, en covas ou gretas, de forma moi rara sobre superficies horizontais ou expostas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o sur das illas británicas ata o sur da Península Ibérica.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *guernei*, é pola procedencia dos espécimes tipo, a Illa de Guernsey na canle da Mancha.



Halisarca dujardini (Johnston, 1842)

Esponxa incrustante que forma finas follas viscosas de ata 20 cm de lonxitude. Non ten espículas, só presenta elementos de coláxeno. A súa consistencia é firme e elástica, cunha superficie lisa moteada por poros de cor pálida distribuídos regularmente. Os ósculos están dispersos, normalmente encima dunhas curtas chemineas cilíndricas de 1 a 2 mm de diámetro. Presenta unha lixeira capacidade de contracción, podendo pechar os ósculos e volver indistinguibles os poros ao contraelos. Cor ocre, agrisada, amarelada ou cremosa.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Baixo pedras, en rochas, sobre cunchas baleiras, no caparazón de cangrexos (*Macropodia*, *Inachus*) na base de gorgonias, desde a liña de baixamar ata os 50 metros de profundidade, ou máis.

DISTRIBUCIÓN:


Groenlandia, costas atlánticas de Europa e o Mediterráneo.

ESPECIES SEMELLANTES:

Pode confundirse con *Hymedesmia coriacea* da que se distingue pola falta de espículas. Tamén se pode confundir con *Oscarella lobularis*, da que se distingue ademais de por a falta de espículas pola súa superficie lisa, non globosa.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *dujardini*, é na honra do médico, naturalista, xeólogo e zoolóxico francés Félix Dujardín (1801-1860), quen foi o primeiro en describir esta esponxa como *Halisarca*.



Chondrosia reniformis Nardo, 1847

Esonxa groma, irregular, normalmente con forma de ril, que non adoita exceder os 12 cm de lonxitude. Carece de esqueleto espicular, e a súa capa externa, o ectosoma, está composto por unha fina capa (entre 2 e 5 mm) de coláxeno reforzado con finísimos grans de materiais silíceos, e que lle dá unha consistencia forte e correúda (de aí o seu nome vulgar). Mentres que os ósculos exhalantes destacan cos seus bordos alargados e elevados, os inhalantes non se aprecian facilmente. Cor variable en función da luminosidade do lugar onde estea, entre agrisada, parda ou parda violácea.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Esta esponxa evita a luz solar directa, polo que se atopa sempre en zonas sombrías como gretas, covas ou contraplomos, en fondos rochosos con area, entre os 5 e os 30 metros de profundidade. Reprodúcese de forma sexual, aínda que ás veces pode reproducirse de forma asexual por xemación. Afán vivir en grupos moi preto unhas doutras.

DISTRIBUCIÓN:

Mediterráneo e zonas atlánticas adxacentes.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *reniformis*, é un epíteto latino que significa “con/en forma de ril”, e refírese á súa forma máis común.

É unha especie comestible.

4.3 CLASE HOMOSCLEROMORPHA



Oscarella lobularis (Schmidt, 1862)

Esponxa branca, de consistencia xelatinosa, que pode recubrir superficies de máis de 30 cm con pouco de 5 mm de grosor. Non ten ningún tipo de esqueleto, nin espículas nin fibras de esponxina, e forma incrustacións lobuladas. A súa superficie, con pequenas formacións globosas, grosas e lobuladas, presenta uns poucos ósculos, duns 5 mm de diámetro, situados en zonas elevadas dos lóbulos. A súa cor está en función das condicións de iluminación nas que vive, sendo por iso moi variable, xeralmente entre amarela e acastañada, aínda que tamén pode ser avermellada, verde ou morada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata máis de 300 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre grandes algas, pedras e substratos duros, a miúdo en comunidades moi densas, en zonas abrigadas de moderada actividade hidrodinámica. Non gusta da luz solar directa, polo que acostuma estar sobre paredes verticais, contraplomos ou na parte inferior de rochas.

DISTRIBUCIÓN:

Desde o mar do Norte ata o Mediterráneo, incluíndo o arquipélago das Azores.


ESPECIES SEMELLANTES:

Oscarella sp, identificada erroneamente como *Oscarella rubra* (esponxa actualmente englobada nas esponxas con espículas córneas Demoespongiae), a súa superficie está formada por proxeccións tuberculosas “burbuxeantes” e os ósculos son grandes e están elevados sobre unha especie de chemineas tuberculadas na base e lisas e translúcidas na parte apical.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *lobularis*, é un epíteto latino que significa “lobulada”, e refírese ao aspecto da súa superficie.



Oscarella sp.

Esponxa recubrinte moi fráxil, de aspecto xelatinoso que pode chegar a recubrir superficies de máis de 30 cm cadrados de extensión por apenas uns 5 mm de grosor. Non dispón de ningún tipo de esqueleto, nin espicular nin de esponxina. A súa superficie presenta proxeccións lobuladas “burbuxeantes”. Os ósculos, poucos e dispersos sobre a superficie da esponxa, son duns 8 mm de diámetro e elévanse sobre a superficie en forma de delicadas chemineas tuberculadas na súa base e lisas e translúcidas no seu bordo apical. A súa cor pode ser amarela pálida, beixe ou laranxa, e ás veces se está exposta ao sol ou en augas pouco profundas está recuberta por un pigmento de cor vermella ou violácea.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Da liña de baixamar ata máis de 300 metros de profundidade, en fondos rochosos, sobre paredes verticais ou contraplomos e na parte inferior de rochas e pedras en zonas abrigadas pero con correntes de marea moderadamente fortes. Non lle gusta a luz polo que prefire sempre lugares sombríos.

DISTRIBUCIÓN:


Desde o mar do Norte ata o Mediterráneo, incluíndo o arquipélago das Azores.

ESPECIES SEMELLANTES:

Oscarella lobularis, é de cor amarela, vermella, máis esporadicamente violácea, os lóbulos da súa superficie son lisos e os seus ósculos son pequenos e apenas se elevan sobre a superficie da esponxa.

CURIOSIDADES:

Esta especie identificouse erroneamente como variedades de *Oscarella rubra* (Hanitsch, 1890); estudos recentes revelaron que o exemplar descrito por Hanitsch como *Halisarca rubra* débese incluír na clase Demoespongiae, considerado actualmente sinonimia de *Aplysilla rubra* (Hanitsch, 1890)



Corticium candelabrum Schmidt, 1862

Esponxa masiva que forma pequenas almofadas, de 1 a 3 mm de grosor, e de ata 20 cm de lonxitude. Fixase ao substrato por unha estreita base composta de estolóns en forma de finos filamentos moi robustos. A súa superficie, lisa e brillante, é translúcida, desigual, lixeiramente áspera ao tacto e deixa ver unha masa carnosa central perforada por múltiples ostíolos de diferentes tamaños e dispostos irregularmente. Os ósculos, de 1 a 5 mm de diámetro, son redondos, lixeiramente elevados por un colar translúcido, e distribúense normalmente polos seus laterais. A súa consistencia é firme e cartilaxinosa. Tanto os ósculos como o resto do corpo presentan unha gran capacidade de contracción. A súa cor varía entre a marrón moi clara, branca e branca acastañada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde os 2 ata os 25 metros de profundidade, sobre fondos rochosos e pedras. É unha especie esciáfila que busca para a súa fixación teitos de covas, baixo pedras en pequenas oquedades e sobre paredes verticais ou contraplomos. É unha especie hermafrodita non simultánea, evitando así a súa autofecundación, con fecundación interna. Expulsa os espermatozoides ao mar, estes son inhalados por outras esponxas fertilizando no seu interior os óvulos, dos cales xorde unha larva ciliada e bulbosa (a cinctoblástula, característica desta orde). É unha especie vivípara dado que expulsa ao exterior as larvas só cando alcanzaron a súa etapa final de desenvolvemento. Estas larvas libres buscan un substrato adecuado para fixarse e desenvolverse como unha nova esponxa. Tamén pode presentar reprodución asexual por xémulas producidas pola mesma esponxa.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie case cosmopolita de augas cálidas e tépedas, cuxa distribución europea abarca desde o norte da Península Ibérica ata o Mediterráneo, ademais de Canarias, Azores e Madeira.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *candelabrum*, é un epíteto latino que significa “candelabro”, e refírese á forma das características espículas tipo “candelabro” que forman o seu esqueleto.



Plakina monolopha Schultze, 1880

Esponxa incrustante que forma capas delgadas ben definidas, cos bordos redondeados, de varios milímetros de grosor e de tamaño variable, desde poucos centímetros cadrados a algúns decímetros cadrados. Con frecuencia no interior da capa da esponxa existen buracos coma se esta rodease algunha parte do substrato. A súa superficie é altamente irregular, formada por diminutos lóbulos, que conforman un sistema de foxos e fendas suavemente curvadas, que lle dan á esponxa unha aparencia algodonosa. Os ósculos están dispersos pola superficie, con tendencia aos bordos, e están colocados sobre chemineas translúcidas. A cor é moi variable, entre branca, amarela, marrón ou marrón rosada.

HÁBITAT E BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 15 metros de profundidade, sobre rochas, en paredes verticais ou baixo saíntes rochosos, en zonas de correntes de marea, e baixo pedras e cantos rodados. A súa cor depende da exposición á luz, a maior cantidade de luz máis escura é a súa cor.

DISTRIBUCIÓN:

Irlanda, costa occidental de Francia, España e o Mediterráneo.



Plakortis simplex Schultze, 1880

Esponxa incrustante que forma capas incrustantes delgadas, de 2 a 5 mm de grosor, e de varios centímetros cadrados de tamaño. A súa superficie é suave, lisa e está furada regularmente por diminutos e puntiformes aberturas inhalantes. Os ósculos, de pouco máis de 1 milímetro de diámetro, son poucos, de forma redondeada e elévanse sobre a súa superficie. A consistencia desta esponxa é compresible e facilmente rompible. Cor exterior marrón agrisada, interior esbrancuxada.

HÁBITAT e BIOLOXÍA:

Desde a liña de baixamar ata os 15 metros de profundidade, sobre e baixo pedras.

DISTRIBUCIÓN:

É unha especie cosmopolita, cuxa distribución europea abarca desde Noruega ata o Mediterráneo.

CURIOSIDADES:

O nome da especie, *simplex*, é un epíteto latino que significa “simple”, e refírese á forma simple das súas espículas.

Recentes estudos illaron desta esponxa un composto denominado Plakortis, que se mostrou como un excelente produto para combater a malaria.

Algúns autores cren que a súa ampla distribución mundial podería deberse a que en realidade se trate dun conglomerado de especies.



5. GLOSARIO

Agulla calcaria: espícula calcaria.

Agulla silícea: espícula silícea.

Amebocito: tipo de célula interna móbil das esponxas contida na mesoglea que, ademais de encargarse da dixestión e o transporte de alimento, comunica o pinacodermo co coanodermo.

Anastomose: termo usado en bioloxía para referirse á unión duns elementos anatómicos con outros do mesmo animal.

Anfiblastula: é un tipo de larva típica das esponxas calcarias, de forma ovoide e oca cun flaxelo na súa parte anterior.

Apopilo: é a abertura que presenta a cámara de coanocitos no conduto eferente.

Arqueocito: é un tipo de célula ameboide das esponxas contida na mesoglea, e que ten a propiedade de poder converterse en calquera tipo de célula que a esponxa necesite.

Ascon: é o tipo de organización máis simple das esponxas, na que todo o esponxocelo está revestido de coanocitos.

Asconoide: esponxa tipo Ascon.

Atrio: esponxocelo. Cavidade central da esponxa.

Autofecundación: capacidade dalgúns animais con reprodución sexual, que son capaces de reproducirse por si mesmos.

Basopinacocito: tipo de célula das esponxas. Pinacocito situado na base das esponxas, cuxa función é a fixación desta ao substrato.

Calcaria: clase de esponxas cuxo sistema esquelético está formado por espículas calcarias.

Calcaronea: subclase das esponxas calcarias.

Calcinea: subclase das esponxas calcarias.

Cámara de coanocitos: son espazos do interior das esponxas, entre as canles de entrada e de saída, que están revestidos de coanocitos.

Cámara flaxelada: cámara de coanocitos.

Cámara vibrátil: cámara de coanocitos.

Canles exhalantes: canles que forman parte do sistema acuifero das esponxas tipo leuconoi-de, que comunican as cámaras de coanocitos cos ósculos.

Células apopilas: células que forman o apopilo.

Coanocito: célula flaxelada dotada dunha coroa de microvilosidades, encargada da circulación da auga dentro da esponxa mediante o movemento dos flaxelos, e da retención do alimento a través do collar de microvilosidades.

Coanodermo: capa formada por coanocitos.

Coanosoma: é a zona do ectosoma onde se atopan as cámaras de coanocitos.

Cónulo: pequena elevación cónica da superficie exterior da esponxa producida por espículas do seu sistema esquelético que sobresaen.

Conulosa: superficie da esponxa con cónulos.

Córtex: capa engrosada superficial das esponxas, diferenciada claramente do coanosoma, que normalmente está reforzada por un sistema esquelético especial, orgánico ou inorgánico, o ectosoma.

Demospongiae: clase das esponxas formada por as esponxas córneas ou silíceas.

Ectosoma: capa superficial das esponxas.

Ectosómico: que pertence ao ectosoma.

Endopinacocito: tipo de célula das esponxas. Pinacocito situado nas capas internas da esponxa.

Endosoma: coanosoma.

Esclera: espícula.

Esclerocito: tipo de célula das esponxas contida na mesoglea, que se encarga de segregar o sistema esquelético da esponxa, as espículas e as fibras de esponxina.

Espermatozoide: célula reprodutora masculina.

Espícula: agulla esquelética mineral, de calcio ou sílice.

Espícula calcaria: espícula formada por carbonato cálcico cristalizado.

Espícula silícea: espícula de sílice, formada por dióxido de silicio hidratado.

Esponxina: substancia esquelética da clase Demospongiae, formada por fibras de coláxeno.

Esponxocelo: atrio.

Esponxocito: célula da esponxa encargada de segregar esponxina.

Esqueleto: estrutura interna de sostén dos tecidos brandos da esponxa, formado por espículas e/ou fibras de esponxina.

Exopinacocito: tipo de célula das esponxas. Pinacocito situado na capa externa da esponxa formando o exopinacodermo.

Exopinacodermo: pinacodermo externo.

Fecundación cruzada: fecundación sexual de animais que, a pesar de ter a capacidade de producir óvulos e espermatozoides, necesitan a outro animal da súa mesma especie para fecundarse, alternando ou facendo á vez de macho e de femia. O contrario de autofecundación.

Fibra de coláxeno: fibra córnea composta de coláxeno.

Fibra córnea: fibra do sistema esquelético de algunhas esponxas.

Fibra de esponxina: fibra córnea compuesta de esponxina.

Fístula: apéndice corporal externo das esponxas con forma de tubo ou cono cun ósculo apical.

Hermafrodita: especie capaz de producir tanto óvulos como espermatozoides.

Hexactinellida: Clase de esponxas que inclúe ás coñecidas como esponxas vítreas.

Leucon: tipo de organización corporal máis complexo en esponxas, onde os coanocitos ordénanse na mesoglea formando cámaras flaxeladas.

Leuconoide: esponxa tipo leucon.

Megasclera: espícula de tamaño grande que, en diversas formas e combinacións, forma a estrutura principal do sistema esquelético das esponxas.

Mesoglea: masa xelatinosa, máis ou menos densa, formada por diversos tipos de células, contida no mesohilo.

Mesohilo: capa celular das esponxas disposta entre o pinacodermo e o coanodermo.

Microfibrilla: Cilindros rectos que se atopan en moitas células como os coanocitos, e que están constituídos por proteínas.

Microsclera: espícula de pequeno tamaño e con diversas funcións no sistema esquelético das esponxas e que normalmente ten formas características.

Microvilosidade: son prolongacións con forma de dedo presentes na superficie externa dalgunhas células, que permiten aumentar a superficie en contacto co exterior da célula, aumentando así a súa capacidade para o intercambio de substancias.

Ósculo: abertura eferente (de saída) ao exterior, do sistema acuífero das esponxas.

Ostiolo: orificio, normalmente microscópico, do exopinacodermo por onde entra a auga ao interior da esponxa.

Ovípara: esponxa con reprodución sexual por liberación ao exterior dos gametos sexuais e fecundación externa.

Óvulo: célula reprodutora feminina.

Papila: elevación da superficie externa das esponxas que pode posuír ósculos, ostiolos ou ambos á vez.

Parenquímula: Larva típica da clase Demospongiae composta por unha masa celular central orlada por unha capa de células flaxeladas.

Pinacodermo: capa epitelial das esponxas formada por unha soa capa de pinacocitos.

Pinacocito: célula epitelial das esponxas que forma o pinacodermo.

Poro: ostíolo.

Porocito: tipo de célula que rodea a un poro.

Prosopilo: abertura das canles de entrada ás cámaras de coanocitos.

Queratosa: termo xeral co que se domina as esponxas córneas (Demospongiae) das ordes Dendroceratida, Dictyoceratida e Verongida.

Reproducción asexual: forma de reprodución que non necesita da fusión de células sexuais femininas e masculinas, senón que se realiza por outros medios como a fisión ou a xemación.

Reproducción sexual: reprodución por fusión de dúas células sexuais, unha feminina e outra masculina.


Siconoide: esponxa tipo sycon.

Sistema acuífero: nome xenérico que se lle dá ao sistema de canles e cámaras internas das esponxas.

Sycon: tipo de organización das esponxas que posúen as cámaras de coanocitos, entre o córtex e o atrio, agrandadas.

Vivípara: esponxa con reprodución sexual por fecundación intracorporal dos óvulos e que libera posteriormente larvas.

Xémula: corpo reprodutor das esponxas formado fundamentalmente por arqueocitos e unha capa externa celular. Corpos de reprodución asexual.



Homaxinella subdola (Bowerbank, 1866)

6. ÍNDICE DE ESPECIES

A

<i>Aaptos aaptos</i>	202
<i>Aaptos papillata</i>	203
<i>Aacarnus tortilis</i>	122
<i>Adreus fascicularis</i>	215
<i>Amphilectus fucorum</i>	135
<i>Amphilectus ovulum</i>	137
<i>Amphiute paulini</i>	44
<i>Antho (Acarinia) coriacea</i>	165
<i>Antho (Antho) inconstans</i>	166
<i>Antho (Antho) involvens</i>	167
<i>Antho (Jia) brattegardii</i>	168
<i>Aplysilla rosea</i>	234
<i>Aplysilla sulfurea</i>	235
<i>Artemisina transiens</i>	169
<i>Ascandra contorta</i>	69
<i>Ascandra falcata</i>	70
<i>Axinella alba</i>	72
<i>Axinella damicornis</i>	73
<i>Axinella dissimilis</i>	74
<i>Axinella egregia</i>	75
<i>Axinella estacioi</i>	76
<i>Axinella infundibuliformis</i>	77
<i>Axinella polypoides</i>	78
<i>Axinella verrucosa</i>	79
<i>Axinyssa aurantiaca</i>	195
<i>Axinyssa digitata</i>	196

B

<i>Biemna begoniae</i>	96
<i>Biemna variantia</i>	97
<i>Borojevia cerebrum</i>	63

C

<i>Celtodoryx ciocalyptoides</i>	125
<i>Chalinula limbata</i>	105
<i>Chalinula loosanoffi</i>	106
<i>Chelonaplysilla noevus</i>	236
<i>Chondrosia reniformis</i>	254
<i>Ciocalypta penicillus</i>	197
<i>Clathria (Microciona) armata</i>	159
<i>Clathria (Microciona) ascendens</i>	160
<i>Clathria (Microciona) atrasanguinea</i>	161
<i>Clathria (Microciona) bitoxa</i>	162

<i>Clathria (Microciona) spinarcus</i>	163
<i>Clathria (Microciona) strepsitoxa</i>	164
<i>Clathrina blanca</i>	64
<i>Clathrina clathrus</i>	65
<i>Clathrina coriacea</i>	66
<i>Clathrina lacunosa</i>	67
<i>Clathrina rubra</i>	68
<i>Cliona celata</i>	100
<i>Cliona lobata</i>	101
<i>Cliona viridis</i>	102
<i>Corticium candelabrum</i>	258
<i>Crambe crambe</i>	128
<i>Craniella cranium</i>	232
<i>Crella (Crella) elegans</i>	129
<i>Crella (Grayella) pulvinar</i>	130
<i>Crella (Pytheas) fusifera</i>	131
<i>Crella (Yvesia) nodulosa</i>	132
<i>Crella (Yvesia) rosea</i>	133

D

<i>Darwinella corneostellata</i>	237
<i>Darwinella intermedia</i>	238
<i>Darwinella sp</i>	239
<i>Dendroxea lenis</i>	107
<i>Dercitus (Dercitus) bucklandi</i>	222
<i>Desmacidon fruticosum</i>	134
<i>Dictyonella pelligera</i>	99
<i>Dysidea avara</i>	240
<i>Dysidea fragilis</i>	241

E

<i>Erylus cantabricus</i>	227
<i>Erylus discophorus</i>	228
<i>Eurypon major</i>	82

F

<i>Forcepia (Leptolabis) luciensis</i>	126
--	-----

G

<i>Geodia cydonium</i>	231
<i>Grantia capillosa</i>	45
<i>Grantia compressa</i>	46
<i>Guitarra solorzanoi</i>	137

H

<i>Halichondria (Eumastia) sitiensis</i>	198
--	-----

<i>Halichondria (Halichondria) panicea</i>	199	<i>Mycale (Carmia) macilentata</i>	175
<i>Halichondria (Halichondria) bowerbanki</i> ..	200	<i>Mycale (Carmia) micracanthoxea</i>	176
<i>Haliclona (Gellius) angulata</i>	108	<i>Mycale (Mycale) lingua</i>	177
<i>Haliclona (Gellius) fibulata</i>	109	<i>Myxilla (Myxilla) fimbriata</i>	178
<i>Haliclona (Gellius) marismedi</i>	110	<i>Myxilla (Myxilla) incrustans</i>	179
<i>Haliclona (Gellius) rava</i>	111	<i>Myxilla (Myxilla) iotrochotina</i>	180
<i>Haliclona (Halichoclona) fistulosa</i>	112	<i>Myxilla (Myxilla) macrosigma</i>	181
<i>Haliclona (Haliclona) oculata</i>	113	<i>Myxilla (Myxilla) rosacea</i>	182
<i>Haliclona (Haliclona) simulans</i>	114	O	
<i>Haliclona (Reniera) cinérea</i>	115	<i>Oceanapia isodictyiformis</i>	121
<i>Haliclona (Rhizoniera) indistincta</i>	116	<i>Ophlitaspongia papilla</i>	170
<i>Haliclona (Rhizoniera) rosea</i>	117	<i>Oscarella lobularis</i>	256
<i>Haliclona (Rhizoniera) viscosa</i>	118	<i>Oscarella sp</i>	257
<i>Haliclona (Soestella) xena</i>	119	P	
<i>Halicnemia verticillata</i>	91	<i>Pachymatisma johnstonia</i>	229
<i>Halisarca dujardini</i>	253	<i>Paraleucilla magna</i>	43
<i>Hemimycale columella</i>	138	<i>Paratimea constellata</i>	92
<i>Homaxinella subdola</i>	204	<i>Paratimea sp</i>	93
<i>Hymedesmia (Hymedesmia) consanguinea</i> ..	139	<i>Penares euastrum</i>	230
<i>Hymedesmia (Hymedesmia) jecusculum</i> ..	140	<i>Petrosia (Petrosia) ficiformis</i>	120
<i>Hymedesmia (Hymedesmia) lenta</i>	141	<i>Phakellia robusta</i>	80
<i>Hymedesmia (Hymedesmia) pansa</i>	142	<i>Phakellia ventilabrum</i>	81
<i>Hymedesmia (Hymedesmia) paupertas</i> ...	143	<i>Phorbas dives</i>	151
<i>Hymedesmia (Hymedesmia) peachi</i>	144	<i>Phorbas fictitius</i>	152
<i>Hymedesmia (Hymedesmia) rathlinia</i>	145	<i>Phorbas lieberkuehni</i>	153
<i>Hymedesmia (Hymedesmia) stellifera</i>	146	<i>Phorbas plumosus</i>	154
<i>Hymedesmia (Hymedesmia) versicolor</i> ...	147	<i>Plakina monolopha</i>	259
<i>Hymedesmia (Stylopus) coriacea</i>	148	<i>Plakortis simplex</i>	260
<i>Hymedesmia (Stylopus) hibérnica</i>	149	<i>Pleraplysilla spinifera</i>	242
<i>Hymedesmia sp</i>	150	<i>Plocamionida ambigua</i>	155
<i>Hymeniacion perlevis</i>	201	<i>Plocamionida tylotata</i>	156
<i>Hymeraphia stellifera</i>	83	<i>Plocamirotula arousensis</i>	157
<i>Hyrtilos collectrix</i>	250	<i>Polymastia agglutinans</i>	187
I		<i>Polymastia boletiformis</i>	188
<i>Iophon nigricans</i>	123	<i>Polymastia conigera</i>	189
<i>Ircinia dendroides</i>	243	<i>Polymastia inflata</i>	190
<i>Ircinia variabilis</i>	244	<i>Polymastia penicillus</i>	191
L		<i>Polymastia spinula</i>	192
<i>Leucandra aspera</i>	47	<i>Polymastia uberrima</i>	193
<i>Leucandra baleárica</i>	48	<i>Protosuberites denhartogi</i>	205
<i>Leucandra gossei</i>	49	<i>Pseudosuberites mollis</i>	206
<i>Leucandra pumila</i>	50	<i>Pseudosuberites sulphureus</i>	207
<i>Leucandra sulcata</i>	51	R	
<i>Leuconia johnstoni</i>	40	<i>Raspaciona aculeata</i>	84
<i>Leuconia nivea</i>	41	<i>Raspailia (Clathriodendron) hispida</i>	85
<i>Leucosolenia botryoides</i>	54	<i>Raspailia (Raspailia) radiosa</i>	86
<i>Leucosolenia complicata</i>	55	<i>Raspailia (Raspailia) ramosa</i>	87
<i>Leucosolenia somesi</i>	56	<i>Raspailia (Raspailia) viminalis</i>	88
<i>Leucosolenia variabilis</i>	57	<i>Raspailia (Raspailia) virgultosa</i>	89
<i>Lissodendoryx (Lissodendoryx) isodictyalis</i>	127	<i>Raspailia howsei</i>	90
<i>Lycopodina hypogea</i>	124	<i>Rhabderemia gallica</i>	98
M		S	
<i>Mycale (Aegogropila) antiae</i>	171	<i>Sarcotragus fasciculatus</i>	245
<i>Mycale (Aegogropila) contarenii</i>	172	<i>Sarcotragus foetidus</i>	246
<i>Mycale (Aegogropila) rotalis</i>	173	<i>Sarcotragus spinosulus</i>	247
<i>Mycale (Carmia) bolivari</i>	174	<i>Scalarispongia scalaris</i>	251

<i>Scopalina</i> sp	194	T	
<i>Spanioplón armaturum</i>	158	<i>Tedania (Tedania) pilarriosae</i>	183
<i>Spiroxya levispira</i>	104	<i>Tedania (Tedania) suctoría</i>	184
<i>Spongia (Spongia) lamella</i>	248	<i>Tedania (Tedania) urgorrii</i>	185
<i>Spongia (Spongia) officinalis</i>	249	<i>Tedania (Trachytedania) ferrolensis</i>	186
<i>Stelletta grubii</i>	223	<i>Terpios gelatinosus</i>	214
<i>Stelletta hispida</i>	224	<i>Tethya aurantium</i>	216
<i>Stelletta lactea</i>	225	<i>Tethya citrina</i>	217
<i>Stelligera montagui</i>	94	<i>Tethyspira spinosa</i>	100
<i>Stelligera stuposa</i>	95	<i>Thymosia guernei</i>	252
<i>Stryphnus ponderosus</i>	226	<i>Timea crassa</i>	218
<i>Suberites carnosus</i>	208	<i>Timea hallezi</i>	219
<i>Suberites domuncula</i>	209	<i>Timea stellata</i>	220
<i>Suberites ficus</i>	210	<i>Timea unistellata</i>	221
<i>Suberites luridus</i>	211	<i>Trachycladus minax</i>	233
<i>Suberites pagurorum</i>	212	<i>Trichogypsia villosa</i>	42
<i>Suberites suberia</i>	213	U	
<i>Sycon ciliatum</i>	58	<i>Ute glabra</i>	52
<i>Sycon elegans</i>	59	V	
<i>Sycon quadrangulatum</i>	60	<i>Vosmaeropsis hispanica</i>	53
<i>Sycon raphanus</i>	61		
<i>Sycon scaldiense</i>	62		



A lesma de mar *Aegires punctilucens* alimentándose dunha esponxa do xénero *Leucosolenia*



Esponxas calcárias sobre unha corda de cultivo de mexillón:
Leucosolenia complicata (Montagu, 1814) e *Sycon ciliatum* (Fabricius, 1780)

7. BIBLIOGRAFÍA

BAÑÓN, R. (ED.). 2017. Inventario de la biodiversidad marina de Galicia: Proyecto LEMGAL. Consellería do Mar, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. 570 pp.

BENITO, J. (1976) Aportación al conocimiento de la fauna bentónica de la ría de Vigo (NW de España). II. Esponjas. Investigación pesquera, 40, 491-503.

BOURY-ESNAULT, N. RUTZLER, K. (1997) Thesaurus of Sponge Morphology. Smithsonian contributions to Zoology. Smithsonian institution press. Washington, D.C. 62 pp.

CARTER, H.J. (1872) Description with illustrations of a new species of *Aplysina* from the N.W. coast of Spain. The Annals and magazine of natural history, 10, 101-111.

CRISTOBO, J. & RÍOS, P. Filo Porifera. In: Hercules de Ediciones (Eds), Proxecto Galicia T. XXXVII (Zoología), pp. 172-214.

CRISTOBO, J. & URGORI, V. (2001) Revision of the genus *Trachytedania* (Porifera: Poecilosclerida) with a description of *Trachytedania ferrolensis* sp.nov. from the northeast Atlantic. Journal of the Marine Biological Association of the United Kingdom, 81, 569-579.

CRISTOBO, J. (1996) Estudio del orden Poecilosclerida (Porifera, Demospongiae de la Ría de Ferrol (NW. de España). Tesis Doctoral. Universidade de Santiago de Compostela. Ed.: Servicio de Publicaciones e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 577 pp.

CRISTOBO, J. (1998) *Guitarra solorzanoi* (Porifera, Demospongiae) a new species from the Galician Coast (Northeast Atlantic). Ophelia, 48, 25-34.

CRISTOBO, J. (2002) The genus *Tedania* (Porifera, Demospongiae, Poecilosclerida) in the waters of the Iberian Peninsula (NE Atlantic) with a description of two new species. Sarsia, 87, 362-377.

CRISTOBO, J., RÍOS, P. & URGORRI, V. (1999) Remarks on the status of the genus *Myxilla* (Porifera: Poecilosclerida) on the Galician coast (nw. Iberian Peninsula). Memoirs of the Queensland Museum, 44, 101-123.

CRISTOBO, J., SOLORZANO, M.R., URGORRI, V. (1992) Demosponjas de los fondos blandos de la Ria de Ferrol (Galicia, NO. de España). *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 3, 101-107.

CRISTOBO, J., URGORRI, V. & RÍOS, P. (1998) Redescipción y caracterización ecológica de dos especies del género *Hymedesmia* (Porífera, Poecilosclerida) procedentes de las costas de Galicia (NW de la Península Ibérica). *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 8, 175-186.

CRUZ, T. 2002. Esponjas Marinas de Canarias. Consejería de Política Territorial y Medio Ambiente del Gobierno de Canarias. s/c Tenerife. 260 pp.

DURÁN, C. & SOLORZANO, M. (1982) Aportaciones al conocimiento del macrozoobentos de la zona infralitoral rocosa de Galicia mediante la utilización de la escafandra autónoma: I Desmosponjas. *Trabajos Compostelanos de Biología*, 9, 49-67.

FERRER-HERNÁNDEZ, F. (1933) Sobre algunas esponjas de Marín (Galicia). *Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Sección Biológica*, 33, 347-358.

GONZÁLEZ, C. & SOLORZANO, M.R. (1983) Contribución al conocimiento de las calciesponjas del litoral gallego. *Trabajos Compostelanos de Biología*, 10, 27-38.

HOOPER J.N.A., SOEST R.W.M.van, 2013. *Systema Porifera : A Guide to the Classification on Sponges*. In Hooper J.N.A., Soest R.W.M.van (ed.). 1707 pp.

PICTON, B.E. 2007. *Sponges of the British Isles ("Sponge V"). A color Guide and Working Document*. Graham Ackers. 1992 EDITION reset with modifications. 161 pg.

RODRÍGUEZ, C. & LORENZO J.E. 1978. *Fauna Marina de Galicia II: Contribución al conocimiento de los poríferos del litoral gallego*. Universidad de Santiago de Compostela. 140 pg.

SOLÓRZANO, M.R. 1990. *Poríferos del litoral gallego: estudio faunístico, distribución e inventario*. Phd Thesis Universidad de Santiago de Compostela. 1036 pg.

SOLÓRZANO, M.R. (1991) *Inventario dos Poríferos do litoral galego (Porífera)*. *Cadernos de Área de Ciencias Biolóxicas (Inventarios)*. Seminario de Estudos Galegos, Vol. VII O Castro Sada. A Coruña. Ed. do Castro: 54 pp.

SOLÓRZANO, M.R., CRISTOBO, F.J., URGORRI, V. (1991) *Introducción al poblamiento de poríferos de la biocenosis de maerl en la Ria de Arousa (Galicia, España)*. *Boletín de la Real Sociedad española de Historia natural (sección biología)*, 87, 175-185.

SOLÓRZANO, M.R. & RODRÍGUEZ, C. (1979) *Adiciones a la fauna marina de Galicia, I. Demosponjas*. *Boletín del Instituto Español de Oceanografía*, 5, 41-68.


SOLÓRZANO, M.R. & URGORRI, V. (1991) *Nuevas señalizaciones de Demosponjas en el litoral gallego (NO. de la Península Ibérica)*. *Thalassas*, 9, 79-86.

SOLÓRZANO, M. R., & URGORRI, V. (1993) Nuevas citas de Demosponjas en la Península Ibérica. Boletín de la Real Sociedad Española de Historia Natural, Sección Biológica, 90, 61-66.

URIZ, M.J. 1986. Clave de la identificación de las esponjas más frecuentes de la Península Ibérica. Misc. Zool., 10: 722.



Grantia capillosa (Schmidt, 1862)



Desmacidon fruticosum (Montagu, 1814)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Xacobeo
21-22